

MEMORIA ANUAL



ÍNDICE

1.- Introducción

2.- Obxectivos xerais

2.1. Concreción anual do Plan Lector

3.- Memorias dos equipos docentes de nivel/ciclo

3.1. Educación Infantil

3.2. Primeiro e Segundo curso de primaria

3.3. Terceiro e Cuarto curso de primaria

3.4. Quinto e Sexto curso de primaria

4.- Comisión de Coordinación Pedagóxica

5.- Departamento de Orientación

5.1. Memoria Aula Específica Educación Especial

6.- Comisión de Convivencia

7.- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e Equipo de Dinamización da Lingua Galega

8.- Memoria da Comisión da Biblioteca (ver ANEXO II)

9.- Memoria da Comisión TIC

10.- Memoria do Horto Escolar

11.- Memoria do Teatro

12.- Memoria dos Servizos Complementarios

12.1. Transporte escolar

12.2. Servizo de comedor escolar, madrugadores e actividades extraescolares

11.2.1. Servizo de Comedor Escolar e Madrugadores

11.2.2. Actividades Escolares

11.2.3. Escola de Nais e Pais

11.2.4. Campamentos

11.2.5. Festas

11.2.6. Outras actividades

13.- Situación das instalacións e equipamentos

14.- Libros de texto e material complementario

ANEXO I (LIBROS DE TEXTO)

ANEXO II PLAN ANUAL LECTOR

ANEXO III BIBLIOTECA

ANEXO IV CLUBS DE LECTURA

ANEXO V EDUCACIÓN RESPONSABLE

1.- INTRODUCCIÓN

Finaliza o curso escolar 2022-2023 no que vimos que xa estamos na "normalidade" e deixando atrás o estado tan especial que vivimos.

O Plan de Mellora da Biblioteca Escolar recalou novamente no noso centro con enorme éxito tanto entre o alumnado coma no profesorado, facilitando a participación de ámbolos sectores en actividades formativas e súa renovación supuxo unha motivación máis. A implicación do profesorado na mellora da súa formación evidenciouse claramente coa alta participación no Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), que desenvolveu tres itinerarios formativos: Biblioteca, Educación Emocional e TIC's. O Proxecto Abalar continuou co seu desenvolvemento nas aulas de 5º e 6º curso de educación primaria como apoio tecnolóxico para o funcionamento do Proxecto E- Dixgal. Neste curso os armarios de carga dos ultraportátiles permitiron o almacenamento dos novos portátiles do alumnado, facilitando que o alumnado optara por levar o seu ultraportátil para casa ou non. Foron atendidas un total de 94 incidencias pero hai xenéricas de centro sen arranxar polo servizo AMTEGA: wifi infantil (31 de xaneiro de 2022 incidencia 900187) e traslado de rack do centro (desde 22 de febreiro de 2022 incidencia 907377).

Continuouse cos proxectos que achegaron ao noso alumnado ao mundo da natureza, tales como o Proxecto de Horto Escolar e Voz Natura.

Retomamos o noso proxecto de teatro, selo indiscutible deste centro educativo, este ano representamos "O Bosque Animado" coa colaboración do grupo musical "Dijo4" do IES Monte das Moas, con enorme éxito e recibimento por parte de toda a comunidade educativa

Mantivemos o compromiso de potenciar a lingua galega nas actividades diarias do centro escolar e participouse na convocatoria anual de Axudas do Fomento do Galego que pretendeu involucrar a toda a comunidade educativa dentro dun eixe común que ten como base a promoción da lingua galega, facendo fincapé en dous aspectos principais:

- Dignificar a consideración social da lingua galega, véndoa como un medio de comunicarse cos demais e empregándoa en diferentes ámbitos.
- Promover a normalización do uso da lingua galega entre os distintos membros da comunidade educativa.

Participamos nos Contratos- Programa: Inclúe-T a través da radio escolar e poesía para dar visibilidade ao noso alumnado con NEAE e Emociona-T.

Continuamos co desenvolvemento do convenio de colaboración coa ONG Axuda en Acción, grazas ao cal contamos con importantes orzamentos para apoiar os proxectos de radio escolar, horto escolar e teatro.

A colaboración da ANPA púxose outra vez de manifesto participando sempre que se lles pediu e financiaron as orlas de 6º E. Primaria e parte da saída de fin de curso deste alumnado, a festa de fin de curso, colaborando nas festividades e conmemoracións e becando ao alumnado na saída de fin de curso.

Empregouse o antigo edificio de educación infantil, a pesares das deficiencias estruturais que presenta, para a realización da totalidade das actividades extraescolares organizadas e xestionadas polo ANPA Milnen@s. As actividades deportivas de iniciación ao deporte de equipo tiveron lugar no Polideportivo Municipal de Los Rosales como en cursos anteriores. Unicamente empregouse a aula de informática para a actividade extraescolar de Robótica dous días á semana. A Biblioteca Escolar mantivo a súa apertura no horario de tarde.

Continuamos colaborando coa Universidade da Coruña para a realización do Practicum I-II de Educación Infantil e Educación Primaria. Colaboramos co persoal investigador da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela nos seus Traballos de Fin de Grao, así coma con outros estudantes de mestrados doutras universidades españolas que solicitaron a colaboración da nosa comunidade educativa para facer estudos de caso.

Seguimos con éxito coa Radio na Biblio, que este ano doulle un papel primordial a todo o relacionado co patrimonio material e inmaterial galego

2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO

◦ Xerais

No actual curso escolar puxémonos o reto de manter tódolos proxectos iniciados en cursos anteriores e incrementalos, de xeito que o noso alumnado acadase niveis competenciais noutros campos da aprendizaxe e a experimentación.

O traballo realizado nos cursos anteriores no eido da educación responsable segue dando bos resultados, coa realización de actividades tanto a nivel de aula como de centro, a través dun mellor coñecemento e aplicación das potencialidades da intelixencia emocional mellorando a convivencia.

Os obxectivos específicos foron os seguintes:

◦ Específicos alumnado

- Seguir promovendo actitudes e valores de honra, respecto e convivencia cara os demais.
- Continuar coidando os hábitos de saúde e consumo responsable.
- Desenvolver a súa responsabilidade no que se refire ao coidado, limpeza e mantemento de todos os espazos e materiais relacionados co centro e con eles mesmos.
- Axudar na integración de alumnado de nova incorporación.
- Potenciar o desenvolvemento das Competencias Básicas.
- Reforzar o hábito da lectura para a mellora da comprensión e expresión oral e escrita.
- Reforzar o cálculo matemático e a resolución de problemas cotiáns nese campo.
- Incrementar a experimentación mediante a Bibliolab

◦ Específicos familias

- Facilitar asesoramento ás familias que así o requiran sobre temas educativos do seu interese.
- Seguir informando puntualmente de calquera incidencia que implique aos seus fillos ou fillas.
- Potenciar a súa colaboración nas actividades do centro.
- Implicalas nos procesos de ensino-aprendizaxe como parte activa.
- Achegalas ao centro escolar para que aportasen de forma experiencial as súas peculiaridades e especializacións, mediante acompañamentos aos seus fillos nas sesións das tardes na biblioteca escolar e/ou Bibliolab.

. Inicialas no seguimento das actividades do centro a través da web e redes sociais: twitter e instagram

◦ Específicos profesorado

- Actuar de xeito que o noso alumnado nos poida tomar como exemplo e referencia persoal.
- Enfatizar a importancia do traballo coordinado en equipo.
- Implementar estratexias positivas para o éxito na función titorial.
- Continuar ampliando o noso coñecemento nas TICs para poder implementalas no noso traballo diario
- Revisar e elaborar un novo Proxecto Educativo de Centro.

◦ **Específicos centro**

- Colaboración coa ANPA Milnen@s, iniciando a Escola de Nais e Pais, se é posible.
- Colaboración cos axentes culturais do Concello da Coruña e da Xunta de Galicia.
- Participar na formación de alumnado da Facultade de Ciencias da Educación.
- Manter e/ou incrementar a colaboración con Axuda en Acción coma fonte de recursos económicos para o desenvolvemento de proxectos interdisciplinares para o noso centro.

◦ **Específicos Administración**

- Desenvolver todas aquelas accións que favorezan o desenvolvemento do centro cumprindo a lexislación vixente.
- Esixir a dotación de persoal acorde coas necesidades de cada curso escolar.
- Esixir a realización de obras de mellora nas infraestruturas do centro tales coma o acondicionamento da pista polideportiva inferior, completar a reforma das fachadas do edificio de educación primaria ou mellorar as condicións de climatización do edificio de educación primaria mediante a renovación dos ventanais.

2.1.- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN LECTOR * ANEXO I

3.- MEMORIAS DOS EQUIPOS DOCENTES DE NIVEL / CICLO

3.1.- EDUCACIÓN INFANTIL

As características organizativas deste curso 2022-2023 xa volveron a ser parecidas ás de antes da pandemia. Xa non tivemos condicionantes por Protocolos de Saúde e todo foi moito máis normalizado.

Os tempos de lecer retomaron a organización de sempre e, dentro das aulas xa non tivemos que seguir facendo grupos de traballo estables todo o curso.

Fixemos todo tipo de saídas ao longo do curso, algunhas en horario lectivo e, as de fin de curso, en horario tamén non lectivo.

Por segundo ano consecutivo, por falta de matrícula, pechouse unha das aulas de 3 anos, empezando só dúas neste nivel. O número de alumnos/as co que empezou e rematou cada aula o curso foi o seguinte:

4ªA: 20 - 20	5ªA: 23 - 24	6ªA: 18 - 18
4ªB: 19 - 19	5ªB: 22 - 22	6ªB: 16 - 18
		6ªC: 18 - 18

Destes nenos/as, 8 presentaban xa ó inicio N.E.A.E., outros foron diagnosticados durante o curso e quedan algúns alumnos pendentes de valoración por parte do Departamento de Orientación ou de Axentes Externos.O período de adaptación cada vez abrangue menos días e este curso unicamente foi do 8 ao 16 de setembro, de 7 días lectivos xa que coincidiu un fin de semana polo medio. A organización foi da seguinte maneira:

- **3 primeiros días: 3 grupos de hora e media**
- **2 días de 2 grupos de 2 horas**
- **2 días todos xuntos durante 3 horas**

As faltas de asistencia unicamente foron salientables entre algún alumno/a de etnia xitana. En xeral, o resto do alumnado acude regularmente ás clases.

Ao igual que todos os anos, cada titora traballa co seu alumnado empregando metodoloxías diferentes, pero perseguindo todas os mesmos obxectivos do ciclo de Educación Infantil.

Este curso, dado que unicamente comezaron dous grupos de 3 anos, organizáronse os horarios con dúas profesoras de apoio para 7 aulas. Isto fixo posible que cada aula tivese catro sesións semanais con dúas mestras, facendo desdobres en dúas delas.

Estas sesións de apoio se colocaron atendendo a criterios vencellados ás características dos grupos e foron moi proveitosas, sendo moitas delas empregadas para actividades de Horto Escolar. A maiores das titoras, tamén impartiron docencia no ciclo de infantil:

- **dous especialistas de música (unha en 3 e 4 anos e outro en 5) e dous de inglés (unha en 4 anos e outra en 3 e 5)**
- **unha profesora de Relixión Católica, compartida con outro centro, e que está no noso 3 días á semana, impartindo a súa materia a todos os grupos de infantil.**
- **sen pertencer ao ciclo, imparten Relixión Evanxélica dúas especialistas: unha delas ao alumnado de 3 e 4 anos e outra, que só acude ao centro o venres de 9:00 a 11:30, e imparte a materia ao alumnado de 5 anos.**
- **unha profesora especialista en Educación Física que impartiu unha sesión semanal de psicomotricidade a cada grupo.**
- **unha profesora do Departamento de Orientación, especialista en Audición en Linguaxe, con 25 horas de docencia das que imparte 16 repartidas para 12 alumnos deste ciclo.**
- **outra profesora especialista de Pedagogía Terapéutica que impartiu 11 sesións semanais a 11 nenos de infantil. A falta de recursos humanos para atender ao alumnado con NEAE segue sendo, sen dúbida, unha carencia moi significativa que empeora a calidade da atención sobre todo destes nenos e nenas.**

Un avance importante que tivemos este curso foi a implementación dun Obradoiro de Estimulación da Linguaxe aos grupos de 5 anos no segundo trimestre e aos de 4 anos parte do terceiro. Foi impartido por outra especialista en Audición e Linguaxe que, 20 minutos á semana, facía actividades e xogos co alumnado coas súas titoras diante, para poder despois elas darlle continuidade.

Tamén hai que salientar que tivemos dúas coidadoras atendendo ao alumnado con NEAE de Educación Infantil, o que facilitou moito as cousas xa que, polo número de nenos e nenas con diferentes e importantes problemáticas, é moi necesaria a súa axuda.

Outra novidade a destacar este ano foi o comezo do "Servicio de Cambiadores" da ANPA. As familias que se acolleron ao mesmo, puideron contar cun servizo gracias ao que unha persoa contratada pola ANPA está sempre operativa para acercarse ao colexio a atender ao alumnado no caso de ter algún escape, mollarse ou ensuciarse. Para as entradas e saídas do alumnado mantívose a apertura das dúas portas de acceso ao aulario de infantil, dando a elixir ás familias a que lles conviña.

Entradas:

Ás 8:45 entraba o alumnado de transporte acompañado da coidadora

Ás 8:50 o persoal de comedor deixaba ó alumnado ao seu cargo nas súas aulas

Á mesma hora abríanse as cancelas e o resto do alumnado entraba só ata as súas aulas, onde os esperaba unha profesora.

Os de 3 anos tiveron o período de adaptación ata o 16 de setembro, cando se decidiu que tamén entrarían sos ata a aula.

Saídas do alumnado

O persoal de comedor viu a recoller aos usuarios deste servizo ás 13:40 ás aulas, á mesma hora que se recollía ao alumnado usuario do transporte escolar. E a saída do alumnado que marcha á casa, recollido dun adulto, se fixo á partir das 13:50, entrando os adultos acompañantes polas cancelas ata diante da aula correspondente a cada neno ou nena.

Tempos de lecer:

Mantivemos as dúas quendas para facilitar a adaptación do alumnado de 3 anos. De 11:30 a 11:55 merendaron estes pequenos e saíron ao patio os de 4 e 5, e de 11:55 a 12:20 merendaron os de 4 e 5 e saíron aos ao patio os de 3 anos.

A organización das quendas de vixilancia volveu a ser mediante un cuadrante fixo polo que cada profesora ten o mesmo posto durante todo o curso cada día da semana. Así, en función das horas de disposición ao centro que ten cada profesora, se axusta este cadro, tendo como resultado que as titoras fan todos os días unha das quendas co seu grupo e dous veces á semana fan a outra quenda tamén. No caso do grupo que saía de 11:30 a 11:55, por ratio podían estar 4 profesoras pese a ser alumnado de 5 grupos. As profesoras de apoio tiveron menos quendas oficiais, xa que tiñan menos horas de disposición ao centro. A especialista do Departamento de Orientación que fixo patios en infantil só estaba posta dous días á semana, xa que tiña horario de docencia completo, e as especialistas de Educación Física e Religión Católica tamén fixeron de forma proporcional ao seu horario de docencia.

Fixéronse reunións informativas a principio de curso cos pais de nova incorporación como cos demais niveis. Foron realizadas nas aulas xa sen problemas polos protocolos COVID e nelas (que tiveron lugar o 5 de setembro para os de 3 anos, o 19 para 4 e o 20 para 5) centrámonos en informarlles da organización do curso.

A Xornada de Portas abertas tivo lugar o luns 6 de marzo e a ela viñeron algo máis de 30 familias. Entregamos un libriño informando de toda a actividade do colexio e amosamos as instalacións, tanto de Infantil coma de Primaria e exteriores.

Este ano colaboramos outra vez coa UDC facilitando o traballo a grupos de alumnos/as que solicitaron acudir ao noso centro para o desenrolo dos seus traballos. Ademais, tivemos seis alumnos en prácticas da Universidade da Coruña nalgunhas aulas.

Os representantes do ciclo nas diferentes comisións do colexio foron:

Equipo de Dinamización da Lingua Galega: Susana Doval Rodríguez e M^a Isabel Rodríguez López

- **Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias: Ana M^a Campos Ferro, Eva Carneiro Lobagueira e Chus Abeledo Martínez.**
- **Equipo de Biblioteca: M^a José Fernández Santiso e M^a Victoria Mantiñán Canzobre**
- **Equipo das TICS: Eunice Lalín Otero**
- **Equipo de Horta Escolar: Mar Santiago Arca, Antía de la Fuente Cenamor e Pilar Pérez Álvarez**
- **Teatro: M^a Eugenia Suárez González-Vallés.**

O ciclo participou no Proxecto Documental integrado levado a cabo por todo o centro, e que este ano levou o nome de "GALEGUÍZATE". Estivo adiado ao Patrimonio Cultural Material e Inmaterial de Galicia, e cada grupo aula foino desenvolvendo á súa maneira.

Tamén fomos adaptando algunhas das propostas que se fixeron dende os equipos de Biblioteca, Dinamización lingüística e Actividades Extraescolares ás características do noso alumnado, alternando actividades materiais con outras nas que participamos de forma telemática.

Os grupos de 6º continuaron desenvolvendo a proposta da Biblioteca das "Mochilas Viaxeiras" unicamente coa de préstamo de libros en fin de semana. A valoración que fan desta actividade non é moi positiva e pensarán se repétila noutras ocasións.

Gracias ao fin das restricións, fixemos máis uso que nos últimos 3 anos de espazos do edificio de primaria, concretamente do SUM, Biblioteca e Bibliolab.

Algunhas profesoras participaron no programa de Formación Permanente do Profesorado que levamos desenvolvendo 5 anos no colexio e que este ano tivo tres liñas de traballo: un seminario de Biblioteca dentro do que se fixeron formacións sobre Ficción Dixital Infantil e Xuvenil, un grupo de traballo de TICs, no que a labor fundamental foi dar continuidade á implementación do Proxecto Dixital de Centro que estamos obrigados a ter todos os centros escolares e un seminario sobre Benestar Emocional e Integración no que se fixo formación sobre Recursos Musicais destinados a traballar e xestionar as emocións na aula e dende o que se apoiou tamén a actividade de Teatro Interaulas que tanta relevancia ten xa no colexio, e que se retomaba por primeira vez dende a pandemia.

Algunhas das actividades que realizou ou nas que participou o ciclo foron:

- o primeiro día de colexio organizamos xogos para os cativos de 4 e 5 anos empregando o SUM do noso edificio.
- o venres 9 de setembro, segundo día lectivo, tamén este alumnado tivo un espectáculo de Raquel Queizás, "Raposadas", tamén no SUM.
- repartíronse varias "mochilas viaxeiras" dende Biblioteca:
- * 3 anos: mochilas con recomendacións de lectura e un libriño con actividades (as de 4 non as repartiron porque non chegaban para todo o alumnado)
- * 5 años: mochila cun conto mais un bloc para aportar o que queiran. As titoras informan de que as enviarán de luns a xoves cada semana.
- Apadrinamentos lectores ao longo do curso
- 4 de novembro: Magosto. Este ano non se pediron castañas ao alumnado, se non unha aportación de 1 € para mercalas. Contratouse a un castañeiro e o resultado foi moi satisfactorio, en cantidade e calidade. Os nenos e nenas que o desexaron fixeron zonchos

para a ocasión. Na cristaleira fixemos un mural cun castañeiro e motivos do tempo: follas, cabazas, etc.

Este ano, polo Samaín tampouco se deixou disfrazar ao alumnado, unicamente se traballou o tema a nivel aula.

- Día Universal da Infancia (O 20 de novembro) traballouse en cada aula
- Día 25 novembro, Dia contra a Violencia de Xénero: mural en infantil composto por brazos (cada aula pintou un) que contiñan un corazón morado na palma da man e unha palabra positiva.
- 28 de novembro: participación na Volta ao Cole pola loita e investigación sobre a Leucemia Infantil. O alumnado levou un sobre á casa para, se o desexaban, facer doazóns. Fixemos o percorrido acompañados dos nosos "irmáns maiores".
- Nadal: decoramos as portas do patio con motivos de nadal e vencellados á temática do PDI. Ademais, fixéronse murais nos dous edificios; o de infantil cos tres Reis Magos.
Coincidindo co festival que fixeron en primaria, o día 21 fixemos unha xornada de xogos no SUM para todo o alumnado do ciclo.
O último día do trimestre, xoves 22, a ANPA convidou a chocolate con biscoito.
Estes dous últimos días deixamos que o alumnado viñese ataviado con adornos de nadal.
- 30 de xaneiro: para conmemorar o Día Escolar da Paz e Non Violencia montamos o símbolo da paz con trisqueis coloreados polos nenos. Tamén participamos na actividade conxunta na pista de baloncesto, onde, acompañados dos "irmáns maiores", cantamos "De Festa" de María Lambona e a Banda Molona.
- 7 e 14 de febreiro : o alumnado de 4 anos visitou a Fundación Luis Seoane.
- O 10 de febreiro os de 4 e 5 anos asistiron a unha obra de teatro ao Forum Metropolitano. Esta actividade tivo un custo de 2 euros para a entrada e 2,50 para o autobús.
- O 13, 14 e 15 de febreiro os de 5 anos visitaron as instalacións dos Bombeiros da Coruña.
- O 16 de febreiro visitaron o Museo de Belas Artes os de 3 anos e o 3 de marzo estaba previsto que fosen os de 4 anos, pero a estes se lles cambiou para o 18 de abril por motivo da folga de transportes. O custo desta actividade foi de 2,50 para o autobús.
- Entroido: fixemos o Dia Choqueiro o xoves 16 de febreiro (agás os de 3 anos por coincidirilles cunha saída) e o venres 25 participamos na celebración temática con motivo do Proxecto "Galeguízate ". Todos os de infantil fomos caracterizados de peregrinos

antigos e co resto do colexio saímos a facer un percorrido polo barrio e, á volta, tivemos merendas para compartir típicas deste tempo.

- **8 de marzo: Dia da Muller Traballadora.** Realizamos un mural con imaxes de mulleres galegas relevantes que coloreou o alumnado.
- **O 27 de marzo os de 4 anos acudiron a visita "Historias de María Pita",** actividade do Concello, cun custo de 1,50 por neno para o autobús.
- **O 29 de marzo tocoulles aos de 5 anos a visita ao Museo de Belas Artes.**
- **o venres 21 de abril asistimos todo o ciclo a un concerto no Pazo da Ópera ("Caperucita Roja"),** cun custo de 2 euros para entrada e 2,50 para o autobús.
- **O xoves 27 de abril estaba prevista a saída de dous grupos de 5 anos aos Xardíns de Méndez Núñez, pero foi aprazada para o 18 de maio.** Esta visita tivo un custo 1,50 por alumno, pola actividade.
- **Venres 5 de maio: os de 4 anos visitaron a Lagoa de Eirís, pagando 2,50 € para o autobús.**
- **16 de maio: Letras Galegas.** Participamos na actividade conxunta na pista de baloncesto, onde fixemos entre todos un mapa de Galicia; os de infantil levantamos un folio azul para facer a franxa da bandeira galega e os de primaria levantaron todos un folio branco. E cantamos xuntos o himno galego.
- **O 18 de maio, tras a visita aos Xardíns de Méndez Núñez, o alumnado de 5 anos tivo unha sesión de Contacontos por conta da Editorial Anaya.**
- **9 de xuño: unha titora e una especialista de A.L. acudiron en horario de mañá á representación da obra de Teatro Interaulas "O Bosque Animado" para axudar co transporte do atrezzo, caracterización dos actores e realización da obra.**
- **participamos na Feria de Galeguízate, ensinando o venres 9 todo o traballado sobre o proxecto durante o curso e, o luns 12, ao alumnado de primaria. Tamén este día subimos nos a primaria a ver os traballos dos maiores.**
- **Excursións de fin de curso:**
O alumnado de 3 anos visitou o luns 5 de xuño a Granxa de O Ventoso, tendo a actividade un custo de 12 euros de transporte e 16 da entrada á Granxa.
Os de 4 e 5 anos, o martes 20 de xuño tiveron un día de convivencia no Albergue de Gandarío. Alí fixeron actividades por grupos con monitores da empresa Parkilandia Animación.
- **O 21 de xuño, último día lectivo, tivemos a festa fin de curso organizada pola ANPA.** De 9 a 10:30 o alumnado estivo nas aulas coas titoras; de 10:30 a 11:30 desfrutaron dunha función no patio cuberto de primaria; de 11:30 a 12:20 tiveron merenda e xeados (por

cortesía da ANPA) nas aulas, e de 12:00 a 13:20, festa con monitores da empresa Parkilandia na pista de baloncesto.

MEMORIA RELIXIÓN CATÓLICA EDUCACIÓN INFANTIL

Neste curso 2022/2023 o número de alumnado matriculado en ERE Católica no ciclo de Educación Infantil do CEIP Emilia Pardo Bazán foi de 24 persoas.

A mestre asignada a estes grupos foi Dona Susana Doval Rodríguez.

As tres avaliacións discorreron sen anomalías significantes.

Nos tres trimestres participamos activamente no PDI "Galeguízate" dende a clase de relixión católica.

Ademais de traballar os contidos propios de cada avaliación, no primeiro trimestre todo o alumnado de ERE de Infantil elaborou un vídeo de Nadal coa panxoliña que leva por título: "Chega o Nadal". Nel estaban representadas as diferentes provincias galegas con lugares significativos, os traxes rexionais, os instrumentos musicais, a artesanía galega. Alumnado e mestre puxeron letra e música á panxoliña.

Destacar que no segundo trimestre, traballouse o día da muller traballadora mostrando a vida de muller rural galega, e tamén a historia da primeira peregrina galega. Así, chegados á Semana Santa, descubrimos a inculturación de paixón e morte de Xesús no patrimonio galego (escudo de Galicia, os cruceiros).

Ao longo do todo o curso traballouse tamén a figura de Santiago Apóstolo, as peregrinacións e o camiño de Santiago, a catedral de Santiago.

No terceiro trimestre, no mes de Maio traballamos a romaría da Virxe da Barca, unha das máis importantes de Galicia e moi relacionada ao apóstolo Santiago, e fixemos tamén un vídeo por parte do alumnado cun canto que conta a lenda.

Destacar que neste curso non se empregaron apenas as Tics, non sendo para a elaboración dos vídeos. O resultado académico foi moi positivo. O alumnado aprendeu e traballou moito máis que en anos anteriores.

Destacar tamén que rescatamos o diálogo e o compartir entre o grupo que tan anulado queda cando os enchufamos a una pantalla. O alumnado tivo tempo para compartir os seus problemas, as súas inquedanzas, as súas ledicias. Foi una volta á humanización (mirarse á cara, escoitarse uns aos outros, aprender a falar por quendas, rir xuntos, etc...)

Traballamos tendo a Biblia con libro de lectura, e a través de fichas para colorear, recortar e pegar, escribir e unir. Tamén fixemos manualidades, xabóns, creacións de plastilina e cantamos e escenificamos.

Unha das alumnas de 4º de E.I. presenta NEAE. Con ela traballouse a través de adhesivos, monecos, cancións relixiosas con bailes escollidas en Youtube, visualización dalgún pequeno relato da biblia a través do internet, e diferente material específico con pictogramas.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Problemas no edificio: en outubro pasouse aviso ao Concello porque novamente había goteiras no noso andar principal. Arranxaron no tellado e o resto do curso non volveu caer auga.

Polo que se refire á calefacción, o feito de volver a estar moitísimos días sen ela por diferentes faios, fixo que tomásemos a decisión en ciclo de mercar calefactores para as aulas, xa que pasamos moito frío. Como é costume, actualizouse o listado do alumnado con problemas médicos ou alimenticios, non autorizados para a toma de imaxes ou con outras problemáticas. Este listado quedou en todas as aulas e na sala de profesoras e seguiremos a revisalo todos os anos.

Como en cursos anteriores, cada titoría contou cunha partida económica de 300 euros e tamén se adxudicou unha cantidade á psicomotricidade e para o ciclo en xeral.

DE CARA AO VINDEIRO CURSO

A principio do curso que ven retomaremos as posibilidades de emprego das aulas sen titoría, cando saibamos se seguen sendo dúas ou pasan a ser tres, co que podería pensarse incluso nun espazo para as sesións de música, petición xa feita polos especialistas desta materia.

Solicitarase ao Equipo Directivo que, na medida do posible, se intente que en todas as horas lectivas da semana quede sempre máis dunha profesora de garda, aínda que sexa con profesorado de primaria.

O vindeiro curso o período de adaptación durará unicamente 5 días; tentaremos deixar medio organizado este período antes das vacacións.

3.2.- MEMORIA DE 1º - 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

1. Composición

O equipo de profesores de 1º e 2º de E.P. realizou ao longo do curso as reunións previstas no Plan de Centro e todas aquelas que foron necesarias, co obxectivo de manternos informados sobre o tratado nas reunión das diferentes comisións establecidas no colexio, así como para tratar diferentes temas relacionados coa nosa labor docente.

O primeiro ciclo está composto polos seguintes mestres/as:

- **Mª Rosario Sousa Dopazo . 1ºA**
- **Isabel González Ferreiro. 1ºB . Sustittua: Maribel Serra Cobas**
- **Soraya Salgado Martínez 1ºC.**
- **Dolores Zurita San Millán. 2ºA**
- **Maite Otero Fernández. 2ºB**
- **Paula Martínez Soto 2ºC.Coordinadora 1º ciclo**
- **Diego López Rodríguez. E.F.**
- **María Ces Couto .F.I**
- **Diana Martínez Morán . PT**

Tamén cito o profesorado que imparte materia no ciclo e non asiste as reunións de ciclo.

- **Hilda : Relixión Evanxélica 1º e 2º nivel**
- **Cristina Arenas. Música.**

- M^a José Lago: Relixión católica 1º e 2º nivel

2. Escolarización

Están escolarizados no curso 2022/2023 primeiro ciclo o seguinte alumnado:

No 1º nivel: alumnos distribuídos en tres grupos. O grupo A 19 con alumnos/as, o grupo B con alumnos/as e o grupo C con 19 .

No 2º nivel: 75 alumnos distribuídos en cinco grupos. O grupo A con 24 alumnos/a, o grupo B con 25 alumnos/as e o grupo C 26 alumnos/as .

Chegaron dous alumnos ucranianos no mes de novembro para 2ºC .

3. Textos e material complementario

Os textos empregados neste curso 2022-2023 foron os establecidos no principio do curso.

Para o próximo curso 2023-2024 o ciclo decidiu:

A. LIBROS DE TEXTO PARA PRIMEIRO DE PRIMARIA QUE CAMBIAN PARA 2023/2024.

- Lengua castellana 1º EP: Un paso mas.Pauta.Mochila ligera.Construyendo mundos. ED: Santillana

ISBN: 978-84-144-0758-5.

- Itinerarios de lectura 1x 8.Ocho libros en uno.ED SANTILLANA

ISBN: 978-84-680-6793-3

- Máticas 1º EP: Mochila viajera.Construyendo mundos.ED: Santillana

ISBN: 978-680-7131-2.

- Lingua galega 1º EP: Lectoescritura.Construíndo mundos (1-1)

ISBN:978-84-9185-399-2.

- Lingua.Construíndo mundos (1-2)

ISBN: 9778-84-9185-532-3

B. LIBROS DE TEXTO PARA SEGUNDO DE PRIMARIA QUE CAMBIAN PARA EL CURSO 23/24.

- MATEMÁTICAS 2º EP: OPERACIÓN MUNDO (POR TRIMESTRES).ED.ANAYA

ISBN: 978-84-698-9374-6. (2ºA,2ºB)

- CADERNOS MATEMÁTICAS.2º EP. ED ANAYA (2ºC)

CADERNO 1: 978-84-698-9377-7

CADERNO 2: 978-84-698-9378-4.

CADERNO 3: 978-84-698-9379-1

LENGUA CASTELLANA 2º EP: CONSTRUYENDO MUNDOS .ED SANTILLANA (2ºA)

ISBN: 978-84-144-0836-0.

CADERNO: ABRAPALABRA.ESTRATEGIAS DE COMPRENSIÓN LECTORA 2.ED VOCA. (2ºA)

CADERNO: ABRAPALABRA.ESTRATEGIAS DE COMPRENSIÓN LECTORA 1. ED.VOCA. (2ºC)

SOCIAIS 2º: CONSTRÍNDO MUNDOS.ED SANTILLANA (2ºB)

ISBN: 978-84-9185-696-2.

Os libros de relixión tamén se manteñen para 1º e 2º.

Os libros de inglés son ALL ABOUT NOW 1º E 2º.CLASS BOOK. WITH Digital Book.
ED.OXFORD. Respectivamente para 1º nivel e 2º nivel.

4- Obxectivos mínimos de ciclo por niveis

Os obxectivos mínimos do ciclo, establecidos por niveis, son os seguintes:

1º NIVEL		
HÁBITOS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Limpeza: antes e despois do traballo, antes e despois da merenda 2. Orde nas súas cousas 3. Comportamento. 	
LINGUAS (GALEGA E CASTELÁ)	Lectura	<ol style="list-style-type: none"> 1. Intentar chegar a unha lectura comprensiva, sen silabeo 2. Lectura silenciosa antes da oralizada 3. Tódolos días un conto
	Escritura	<ol style="list-style-type: none"> 1. Parella á lectura 2. Escritura de notas e recados para a funcionalidade 3. Prensión do lapis correcta 4. Grafías e enlaces correctos

	Ortografía	<ol style="list-style-type: none"> 1. Maiúsculas ao principio da frase e despois de punto 2. Maiúsculas en nomes propios 3. Empregar o punto ao remate da frase 4. Os grafemas: c/q, r/rr, c/z, gu/g/j, mp/mb 5. Os sinfóns;br,bl,cl,cr,pl,pr,fl,fr,gl,gr
	Expresión oral	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recitar e memorizar poemas, trabalinguas e adiviñas 2. Expoñer unha historia propia diante do grupo
	Comprensión oral	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ser capaz de escoitar un relato ou unha explicación curta sen interrompir 2. Ser capaz de escoitar aos compañeiros e agardar turno para intervenir
MATEMÁTICAS	Figuras xeométricas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Triángulo, cuadrado, círculo e rectángulo 2. Interior, exterior e borde dunha figura
	Cálculo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escritura de números ata o 99 2. Anterior e posterior dos números coñecidos 3. Diferenciar maior, menor e igual 4. Seriar progresiva e regresivamente do 0 ao 99 5. Sumas sen levar e levando e restas sen levar 6. Resolver e inventar problemas sinxelos con sumas e restas 7. Cálculo mental
	Medidas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lonxitude: o palmo, o pé, o metro 2. Tempo: hora e $\frac{1}{2}$ hora 3. Cartos: Moedas de euro e centimos
	Xogamos coas matemáticas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Valorar a importancia do número no contorno 2. Xogos matemáticos dirixidos

NATURAIS	Aspectos a traballar	<ol style="list-style-type: none"> 1. O corpo 2. Os alimentos 3. Os animais do entorno 4. As plantas do entorno 5. As estacións 6. O respecto polas persoas, animais e plantas do entorno
SOCIAIS	Aspectos a traballar	<ol style="list-style-type: none"> 1. A familia 2. A casa 3. A escola 4. As máquinas e ferramentas 5. As paisaxes
2º NIVEL		
HÁBITOS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Limpeza: antes e despois do traballo, antes e despois da merenda 2. Orde nas súas cousas 3. Comportamento 	
LINGUAS (GALEGA E CASTELÁ)	Lectura	<ol style="list-style-type: none"> 1. Intentar chegar a unha lectura comprensiva, sen silabeo 2. Lectura silenciosa antes da oralizada 3. Tódolos días un conto 4. Lectura eficaz en castelán e galego
	Escritura	<ol style="list-style-type: none"> 1. Parella á lectura 2. Escritura de notas e recados para a funcionalidade 3. Fichas de vocabulario con sílabas mixtas e inversas 4. Antes de copiar, saber facer unha lectura previa do texto 5. Prensión do lapis correcta 6. Grafías e enlaces correctos

	Ortografía	<ol style="list-style-type: none"> 1. Maiúsculas ao principio da frase e despois de punto 2. Maiúsculas en nomes propios 3. Empregar o punto ao remate da frase 4. As sílabas: ca, co, cu, que, qui; za, zo, zu, ce, ci; ga, go, gu, gue, gui, güe,güi; ja, jo, ju, je, ji, ge, gi 5. Os grupos consonánticos mp/mb
	Expresión oral	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recitar e memorizar poemas, trabalinguas e adiviñas 2. Expoñer unha historia propia diante do grupo 3. Compoñer poemas e adiviñas 4. Contar un conto ou historia que ten aprendido 5. Ser quen de facer unha explicación curta dun tema
	Comprensión oral	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ser capaz de escoitar un relato ou unha explicación curta sen interrompir 2. Ser capaz de escoitar aos compañeiros e agardar turno para intervir 3. Prestar atención e preguntar o que non entenden
MATEMÁTICAS	Figuras xeométricas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Triángulo, cuadrado, círculo e rectángulo 2. Interior, exterior e borde dunha figura 3. Figuras poliédricas: cubo, prisma, pirámide
	Cálculo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escritura de números ata o 999 2. Anterior e posterior dos números coñecidos 3. Diferenciar maior, menor e igual 4. Seriar progresiva e regresivamente do 0 ao 999

		<ol style="list-style-type: none"> 5. Sumas sen levar e levando e restas sen levar e levando. 6. O produto como suma de sumandos iguais (iniciación á aprendizaxe e mecanización da multiplicación) 7. Resolver e inventar problemas sinxelos con sumas, restas e produtos 8. Cálculo mental
	Medidas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lonxitude: o palmo, o pé, o metro; dm e cm 2. Tempo: hora, $\frac{1}{2}$ hora, $\frac{1}{4}$ hora e os minutos 3. Capacidade: o litro 4. Masa: o kilogramo 5. Cartos: euros (1, 2, 5, 10, 20, 50 e 100) e céntimos
	Xogamos coas matemáticas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Valorar a importancia do número no contorno 2. Xogos matemáticos dirixidos
NATURAIS	Aspectos a traballar	<ol style="list-style-type: none"> 1. O corpo 2. Os sentidos 3. A dieta saudable 4. As plantas 5. Os animais 6. Os ecosistemas 7. Os materiais 8. As forzas 9. A enerxía
SOCIAIS	Aspectos a traballar	<ol style="list-style-type: none"> 5.1. Aldeas, vilas e cidades 5.2. O concello 5.3. As profesións: sectores 5.4. A reciclaxe 5.5. O comercio 5.6. Medios de transporte e

		comunicación 5.7. O universo 5.8. Os continentes
--	--	---

5. Metodoloxía

A metodoloxía foi activa atendendo ás necesidades e características individuais do alumnado.

Utilizáronse os encerados dixitais en todas as aulas do ciclo. Seguen a ser un elemento imprescindible para captar a atención e a motivación do alumnado.

- Este curso cambiaron as pantallas no 1º ciclo.
- Participamos nos hortos e invernadoiro.
- Traballouse para desenvolver hábitos de respecto e mellora do contorno máis inmediata, guiados polos profesores encargados e acompañados polos titores.
- Realizáronse actividades nas aulas para fomentar a coeducación, habilidades sociais e integración.
- Participouse no Plan de Fomento de Lectura que leva a cabo o centro, mediante o Plan de Lectura Anual.
- Utilizouse a Bibliolab, a Biblioteca e o estudio de radio.
- Participamos no proxecto de centro dedicado ao patrimonio material e inmaterial de Galicia: Galeguízate!!

6 Avaliación

No inicio do curso levouse a cabo unha avaliación inicial dos alumnos do 1º e 2º nivel. Ao longo do curso a avaliación foi formativa e continua.

O 1º ciclo solicita unha maior detección e intervención das dificultades de articulación da linguaxe oral no alumnado de educación infantil e 1º ciclo de educación primaria.

Por iso propoñemos a inclusión de programas de estimulación de linguaxe oral nas aulas e unha avaliación inicial máis concreta das necesidades detectadas na aula.

7 Apoios

Os apoios ao alumnado con necesidades educativas especiais foron dirixidos e organizado polo equipo de orientación do centro.

As ACIS foron elaborados polo profesorado titor sempre en coordinación co profesorado de apoio e orientadora.

8 SAÍDAS

Fundación Luís Seoane: 1º

Concerto Palacio de la Ópera: 1º e 2º

Tesouros de María Pita : 2º

Visita biblioteca dos Rosales: 1º e 2º

Domus Casa do Home : 2º.Vimos a película Valentina.

Forum: Cocorico 1ºe 2º

Visita Xardín de San Carlos: 1º

Visita á Torre de Hércules: 2º

Casa das Ciencias : 1º e 2º

Ágora: teatro O bosque Animado, representado por alumnado do colexio.

Saída fin de curso: 1º curso Casa Grande de Xanceda e 2º curso: Granxa O Ventoso

9. PROXECTOS DE AULA

Todo o ciclo participou no proxecto Galeguízate!!. Expuxemos na feira os traballos realizados.

Expuxemos un poboado castrexo (2ºA,B e C) e a liña do tempo

1º C : en galeguízate fixeron receitas galegas e liña do tempo

Outros traballos das titorías:

No curso de 2ºC nivel fixemos diferentes proxectos : O CORPO HUMANO E A SAÚDE (1º TRIMESTRE) AS PLANTAS (2º TRIMESTRE) ANIMAIS EN PERIGO DE EXTINCIÓN (3º TRIMESTRE) E OS CASTROS (2º e 3º trimestre),conxuntamente con 2ºA e 2ºB.

2ºB: As miñas fines de semana e as carreiras de números (sumas e restas; cálculo mental)

10. ENTROIDO

Fixemos os mandadiños dedicados ao proxecto Galeguízate!.

En cada titoría os nenos e nenas viñeron disfrazados de temas relacionados con Galicia:

1ºA: Porquiños

1ºB: Vendimadores

1ºC: Labregos

2º A, B,C: GUERREIROS CASTREXOS

11.Actividades complementarias

O alumnado do 1º ciclo participou activamente nas actividades propostas no centro para todas as celebracións.

- Carreira solidaria
- Magosto
- Obradoiros da biblioteca e bibliolab.
- Día da paz
- Obradoiros Igualdade, día da muller
- Día das letras galegas
- Contacontos
- Apadriñamento lector
- Visita das familias en 1º(can- guía, pediatra)

12. Outras actividades do ciclo

- Magosto: este curso comimos as castañas no patio e produtos típicos do Entroido.
- Día da Paz: actividades de titoría e fixemos unha actividades de todo o centro na pista.
- Medio ambiente: Os hortos nas aulas (plantamos pementos, leitugas, flores.....)

Hai aulas que foron ao invernadoiro e participamos con Laura na formación do horto do cole azul.

- Taller literario co alumnado da Universidade de Educación de A Coruña para o 2º nivel.
- Biblioteca:
 - Visitas á biblioteca e á biblioteca dos Rosais ,para coller libros e consulta.
 - Feira fin de curso .Galeguízate.

- Letras Galegas :Fernández de Riego. Fixemos actividades de titoría e unha actividade de todo o centro na pista de abaixo, a de baloncesto. Cantamos o himno galego formando

unha figura da nosa Comunidade con folios branco e azuis.

- Para Normalización participamos:

- **Mural de Mulleres Ilustres e mural día da Paz.**

- Festa de fin de curso: Vimos a actuación dun mago e fixemos actividades organizado polo ANPA.

13. Síntese

En xeral podemos dicir que neste curso o desenvolvemento das actividades no 1º ciclo foi positiva e satisfactoria. O equipo de profesorado actuou coordinado na medida das súas posibilidades.

Mantivemos reunións por nivel, ademáis das mensuais de ciclo, para coordinar os traballos e actividades conxuntas ao longo do curso.

Por último, con respecto á consecución dos obxectivos marcados na PXA elixidos polo 1º ciclo pódese dicir que se cumpriron satisfactoriamente en todos os grupos do ciclo.

3.3.- MEMORIA DE 3º - 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Durante este curso se traballaron os obxectivos que aparecen na Programación Xeral do Centro. Valoramos positivamente os resultados acadados e pensamos que son obxectivos que deben seguir vixentes nos próximos cursos.

- Seguiuse co proxecto de lectura. Os alumnos foron progresando nas súas habilidades lectoras e no gusto pola lectura.

- Tráballouse cos nen@s para que foran incorporando o galego a súa fala cotiá. En xeral teñen moitas dificultades para expresarse en galego e o castelán segue a ser a súa lingua vehicular. En colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega leváronse a cabo diversas actividades.

- Os alumn@s do Ciclo leron e traballaron os libros "Patio de luces", de Érica Esmorís, e "No corazón do bosque", de Agustín Fernández Paz. O alumnado de 3º tivo un encontro con Érica Esmorís e compuxo un mural ilustrativo do seu libro "Patio de luces".

- Dado o déficit de atención que moitos alumn@s presentan, fixéronse actividades específicas encamiñadas a corrixir este déficit. Cada nivel ten acceso a un fondo de fichas de atención.

- Tráballouse nas titorías o respecto polas instalacións do colexio, o entorno e o Medio Ambiente. É un tema no que hai que insistir.

- As relacións interpersoais entre os alumn@s foi un tema a tratar. Tráballouse neste sentido para que o alumnado fose asimilando Valores e Normas de conduta e potenciouse a adquisición de habilidades para que el mesmo resolvese os conflitos de forma pacífica.

- Impulsouse desde as titorías e desde a Biblioteca a utilización, por parte dos alumn@s, deste recurso, tanto na hora que lles correspondía por horario como durante o recreo. Ademais, foron moitos os nen@s que durante o recreo asistiron á actividade Venresexperimentos que tivo lugar na Bibliolab.

- Tráballouse a Educación Vial, a hixiene e a saúde e o respecto polos demais de forma interdisciplinar. Insistiuse moito no cumprimento das normas e sinais de tráfico para

diminuir os riscos, na relación hixiene - saúde e no concepto de sociedade plural na que todos temos os mesmos dereitos e deberes.

- Cada clase levou a cabo un traballo de investigación sobre algo relacionado co Patrimonio de Galicia, que este ano foi o PDI do Centro. Eles mesmos puideron ir descubrindo algo do enorme patrimonio de Galicia.

- Matriculouse ao alumnado na aula virtual e puxéronse nela algunhas actividades e algúns vídeos.

3.4.- MEMORIA DE 5º - 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Escolarización.

5º nivel

Grupo	Nº de alumnos/as
A	22
B	23
C	22

No grupo de 5ºC houbo unha incorporación durante o curso.

6º nivel

Grupo	Nº de alumnos/as
A	23
B	22
C	22

En 5º A ao longo do curso houbo 2 baixas e un alta e en 6ºA un alta

2. Metodoloxía.

A metodoloxía foi activa atendendo as necesidades e características individuais do alumnado.

Empregáronse as TICs como unha ferramenta ou recurso máis para reforzar coñecementos e adquirir outros novos, facilitando ao mesmo tempo a aprendizaxe cooperativa.

Queremos deixar constancia de que os recursos dixitais Edixgal presentan moitas carencias, especialmente, non proporcionan materiais de reforzo e ampliación, nin tampouco facilitan materiais para a avaliación. Por outro lado, os contidos non se adaptan ao alumnado con necesidades educativas especiais, nin a aqueles alumnos/as que están seguindo unha adaptación curricular.

2. Avaliación.

Nos primeiros días do curso levouse a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Ao longo do curso, a avaliación foi formativa e continua. Todas as probas escritas foron comúns nos dous niveis, agás nas áreas de Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza en 5ºEP. No caso de alumnado con dificultades, as probas foron adaptadas.

Con independencia da necesidade de marcar unha liña común no proceso da avaliación, cada titor ou titora dentro do seu grupo actuou con liberdade, completando con aquelas actividades que resultaran do seu interese e en función das características do seu alumnado.

En canto á promoción, os resultados foron os seguintes:

En 5º de EP a maioría dos alumnos e alumnas acadan os obxectivos do curso en todas as materias.

En 6ª de EP os alumnos e alumnas promocionan a 1º de ESO, excepto un alumno. Os alumnos e alumnas que promocionan non todos acadan os obxectivos en todas as materias e nalgún caso a promoción ten carácter obrigatoria.

3. Apoios.

En 5º os apoios recibidos este curso por parte do profesorado especialista en PT e AL fixéronse fóra da aula; en 5ºA un alumno recibiu sesións de PT, en 5ºB tres alumnos recibiron sesións de PT.

En 6ºA, dous alumnos recibiron sesións de PT e AL, en 6ºB un alumno recibiu sesión de PT fóra da aula e outro entrou no Programa de Inmersión Lingüística e en 6ºC dous alumnos recibiron sesión de PT.

Os recursos de PT e AL foron insuficientes, circunstancia moi recorrente nos últimos anos.

4. Saídas.

5º EP

- Concerto no Ágora de Correlingua.
- Fórum Metropolitano para ver a obra de teatro "Wombo Combo" de Galeateatro.
- Volta ao cole (Unoentrecinmil)
- Porto de A Coruña
- Saída ao MUNCYT para a grabación dun programa de radio.
- Exposición do fotógrafo Meisel.
- Saída a potabilizadora de auga de A Coruña
- Saída ao Ágora para ver a obra de teatro "O Bosque Animado" interpretada polos alumnos e alumnas do centro.
- Plantación de árbores no entorno da Torre de Hércules patrocinado pola fundación REPSOL-
- Saída e visita guiada roteiro Ponteceso- Balarés (excursión fin de curso)

6º EP (suspendida por mal tempo)

- Concerto no Ágora de Correlingua.
- Prazas con Poder (Concello da Coruña)
- Fórum Metropolitano para ver a obra de teatro "Wombo-Combo" de Galeateatro.
- Volta ao cole (Unoentrecienmil)
- Visita á exposición do fotógrafo Meisel.
- Saída a potabilizadora de auga de A Coruña (Emalcsa)
- Saída ao Ágora para ver a obra de teatro "O Bosque Animado" interpretada polos alumnos e alumnas do centro.
- Excursión fin de curso: Alvarella e Eumenatura.

5. Actividades complementarias.

O alumnado de 3º ciclo participou activamente nas actividades propostas do centro para todas as celebracións.

Ademais en 5º o alumnado participou en:

- Entrevistas na radio: entroido de Verín e mestras CEIP Pluriligüe A Laxe.
- Obradoiro de radio.
- Obradoiro 3D
- Obradoiro Zinkers
- Visita entroido de San Mamede (Paderne

Obradoiro de música tradicional: Pablo Carpintero

- Coro das emocións
- Taller improvisación de música
- Visita do CEIP Bergantiños

En 6º, o alumnado participou en:

- Obradoiro de poesía con Raúl Vacas.
- Visita Entroido de San Mamede
- Entrevistas na radio escolar
- Encontros con escritores: Manuel Rivas.
- Obradoiro de música tradicional con Pablo Carpintero.
- Obradoiro de poesía de Dores Tembrás.
- Obradoiro e concerto de gaita con Juan Carlos Rilo.
- Bus da Igualdade (Concello da Coruña)
- Taller improvisación de música.
- Visita do CEIP Bergantiños.
- Coro das emocións.
- Transición ao instituto IES Salvador de Madariaga.

6. Outras actividades do ciclo.

- O alumnado de 5º participou nun proxecto de formación para a radio escolar.
- O alumnado de 6º participou no programa educativo Digicraft da fundación Vodafone co obxectivo de mellorar nas competencias dixitais. O colexio foi seleccionado e dúas mestras viaxaron a Madrid para o recoñecemento e recollida da distinción.

- O alumnado de 6ºA e 6ºC realizou un proxecto de IA: Patrimonio material e inmaterial de Galicia.

7. Lecturas.

O alumnado de 5º participou no programa de Mochilas viaxeiras, promovido desde a biblioteca.

Durante o tempo destinado á lectura, os alumnos/as contaron con material proporcionado pola biblioteca do centro, pola biblioteca da aula e con material propio. Fixéronse as seguintes lecturas guiadas.

En 5º de EP:

- Volverás golfiño de Andrea Maceiras
London - MacMillan Children's Readers
- New York - MacMillan Children's Readers
- The lighthouse ghost - Black Cat

En 6º de EP:

- Edinburgh - MacMillan Children's Readers
- Great inventions - MacMillan Children's Readers
- The last unicorn - Black Cat
- A nena lectora de Manuel Rivas.
- A Costureira das Ánimas de Suso Cubeiro e Ana Prado.

8. Síntese.

En xeral podemos dicir que se lograron os obxectivos marcados na PXA para este ciclo.

Cabe salientar que tanto titores como especialistas apreciamos que o alumnado, en xeral, presenta cada vez máis dificultades para afrontar cambios, tomar decisións ou realizar esforzos, e frústrase con facilidade. Ademais detectamos unha diminución na súa capacidade de concentración e atención.

Con todo contamos con un alumnado con alta sensibilidade, integradores e gran capacidade de acollida.

4.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA.

A CCP reuniuse 6 veces ao longo do curso segundo o calendario establecido pola Dirección. Nestas reunións a Dirección informou das distintas ordes, disposicións, comunicados... procedentes da Consellería, da Xefatura Territorial ou da Inspección Educativa, así como doutros organismos oficiais ou entidades relacionadas co ámbito educativo, que afectaban á organización e funcionamento do centro. Tamén informou das diversas propostas que parten da Dirección para mellorar a organización e funcionamento da vida escolar. Nas reunións debatéronse estas informacións e os membros da CCP transmitiron os acordos aos diferentes niveis, ciclos, departamentos ou comisións. Tamén recolléronse e debatéronse as informacións e propostas que os membros da comisión aportaban procedentes dos niveis, ciclos, comisións ou departamentos. Deste xeito a CCP cumpriu o seu obxectivo de coordinar a vida escolar do centro e servir de enlace entre todos os membros da comunidade educativa.

5.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PERSOAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E ORGANIZACIÓN DO MESMO

No presente curso 2022/2023 o Departamento de Orientación estivo formado por 3 mestras de pedagogía terapéutica (PT), unha delas dedicada en exclusiva á aula de educación especial , 3 mestras de audición e linguaxe (AL), dúas delas a tempo completo e outra con dous días de presenza semanal compartida co CEIP María Barbeito, e a orientadora, xefa do departamento.

CADRO DE PROFESORADO ESPECIALISTA PT / AL	
PT-3	AULA DE EDUCACIÓN ESPECIAL
PT-2	Alumnado de EP e EI
PT-1	Alumnado de EP
AL-3	Alumnado EP e EI
AL-2	Alumnado de educación infantil e de educación primaria
AL-1	Alumnado de educación primaria

Na aula de educación especial a profesora (PT-3) atende un total de 3 alumnos. O profesorado de PT (PT-1 e PT-2) atendeu un total de 28 alumnos (8 de educación infantil e 20 de educación primaria) e o profesorado de AL (AL-1 e AL-2) un total de 36 alumnos (12 de educación infantil e 24 de educación primaria). A meirande parte dos alumnos que recibiron atención presentaron necesidades educativas especiais permanentes e asociadas a discapacidade: NEAE por TEA, Síndrome de Down, Síndrome de Williams, Parálise cerebral, Trastrorno Específico da Linguaxe, Discapacidade intelectual, así como alumnado con diagnóstico clínico de TDAH, con dificultades específicas de aprendizaxe (dislexia e outras), desvantaxe socioeducativa, etc... Ademais desta atención extraordinaria individualizada, estes e outros alumnos precisaron medidas ordinarias de atención á diversidade por aplicación de protocolos por TDAH, TEA, Dificultades específicas de aprendizaxe, Síndrome de Down e/ou Discapacidade intelectual etc..., con seguimento por parte do departamento de orientación.

A este alumnado hai que engadirlle, un grupo de 6 alumnos ucráinos que presentaron neae tanto pola súa situación e historia persoal e escolar, como polo descoñecemento dos idiomas oficiais.

Co número de especialistas cos que contamos quedaron alumnos sen a atención individual que precisarían.

Auxiliar Técnico Educativo (A.T.E.)

En canto ao persoal A.T.E., este ano contamos con catro coidadoras a tempo total que atenderon a un total de 14 alumnos e alumnas con NEAE.

Distribución horaria

O departamento fixo a proposta de horarios do persoal arriba reseñado para a atención á diversidade. Os apoios dos especialistas de PT e AL realizáronse algúns dentro da aula de referencia, algúns fóra e outros foron combinados. Así mesmo, algúns apoios foron individuais e outros en pequeno grupo.

ACTUACIÓNS CONCRETAS DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- **Derivacións ao departamento de orientación:** En total houbo 30 novas derivacións formais ao departamento de orientación, por parte de titores ou familias. O alumnado derivado foi obxecto de avaliación psicopedagóxica e/ou de atención por parte dos especialistas do departamento. Elaboráronse 20 informes psicopedagóxicos novos. Quedan pendentes para atender o vindeiro curso, varias demandas de avaliación psicopedagóxica, moitas delas solicitadas neste último mes de curso.
- Ademais das demandas formais que requiriron de avaliación psicopedagóxica completa, atendéronse numerosas consultas sobre situacións concretas nas aulas, crises de ansiedade, crises de conduta, dúbidas legislativas, etc. ao longo de todo o curso, para as que se proporcionaron orientacións específicas.
- Realizáronse 19 informes psicopedagóxicos de seguimento: informes para seguimento en Saúde Mental, para neurólogos, para recoñecemento de discapacidades, para psiquiatras, etc...Ademais , fíxose avaliación e/ou seguimento de alumnado e elaboración de informes para solicitude de: Becas MEC, intervención de EOE, para valoracións no ámbito clínico, flexibilización do período de escolaridade, derivación a apoios en centros cívicos municipais e para alumnado con NEAE.

- **Elaboráronse 14 informes de fin de etapa de educación primaria de alumnos con NEAE.**
- **Colaboración e asesoramento na elaboración, revisións de Adaptacións Curriculares (9 AC), tramitación administrativa, seguimento e avaliacións.**
- **Seguimento, na medida do posible, do total dos 85 alumnos con informe psicopedagóxico e doutros que sen teren informe están en situacións de vulnerabilidade ou situación socioeducativa desfavorable (incorporación tardía, alumnado con desvantaxe socioeducativa, ansiedade, problemas de conduta, etc...).**
- **Elaboráronse 14 ditames de escolarización novos (alumnado procedente do estranxeiro, cambios de modalidade de escolarización, admisión alumnado neae, flexibilizacións, ..)**
- **Tramitáronse 8 solicitudes de intervención ao EOE**
- **Tramitáronse 7 becas do ministerio de educación para alumnado con neae. Houbo máis solicitudes que non foron tramitadas por non cumprir os requisitos.**
- **Derivación de 8 alumnos para programas municipais de reforzo educativo: Escola Intercultural, Cibercaixa, apoio escolar,...**
- **Avaliación psicopedagóxica de alumnado de incorporación tardía procedente do estranxeiro (2 con neae asociadas non só a súa historia escolar senón a outros trastornos).**
- **Elaboración do DRDADI e DRDESPE (Recollida de datos estatísticos de atención á diversidade, outubro).**
- **Elaboración do DRORIENTA. Recollida de datos estatísticos do departamento de orientación, xuño).**
- **Solicitud de material específico á administración educativa para alumnado con NEAE.**
- **Planificación e organización dos apoios de mestres especialistas en PT e AL, e Auxiliar Técnico Educativo.**
- **Previsión de necesidades para o vindeiro curso 2022-2023: alumnado que precisa atención de mestres de PT e AL e/ou apoio de persoal coidador (ATE).**
- **Participación nas sesións trimestrais de avaliación.**
- **Elaboración da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade e do Plan de Orientación.**
- **Elaboración da memoria do DO.**
- **Contactos e reunións con profesionais externos ao centro:**
 - **EOE (Equipo de Orientación Específico): Especialista en trastornos de**

conduta, Especialista en TEA e Especialista en Altas Capacidades Intelectuais.

- **ASPANAES (alumnado con TEA)**
 - **ASPERGA (alumnado con TEA)**
 - **ASPACE (alumnado con parálise cerebral)**
 - **SECRETARIADO GITANO**
 - **DOWN CORUÑA**
 - **COGAMI-COCEMFE (Federación de Asociaciones de Personas con Discapacidad de la Provincia de A Coruña)**
 - **UAMI (Unidade de Asesoramento ás Migracións).**
 - **Hospital Materno Infantil. Unidade de Atención Temperá.**
 - **Centros Cívicos de Los Rosales e Labañou.**
 - **Servizo de Inspección.**
 - **Saúde Mental Infantil (traballadora social, psiquiatría, psicólogos...)**
 - **Profesionais do sector privado que atenden a alumnos do centro: psicopedagogos, logopedas, terapeutas ocupacionais,...**
 - **Orientadoras/es de centros de procedencia e ou destino de alumnos do centro, sempre que se considerou necesario obter ou transmitir información sobre a problemática do alumnado.**
- **Coordinación cos institutos da zona e asistencia as reunións co IES Salvador de Madariaga (centro adscrito) ao que se incorporarán a maioría dos alumnos do centro para cursar a ESO o vindeiro curso.**
 - **Reunións mensuais do Departamento de orientación.**
 - **Realizáronse numerosos contactos telefónicos ou presencias coas familias ao longo de todo o curso.**
 - **Acudiuse a máis dunha trintena de reunións de coordinación de alumnado con NEAE (titoriais, familias, equipos).**
 - **Compráronse novas materias para o departamento : probas psicométricas e bibliografía específica.**
 - **Todas as demais tarefas implícitas nas funcións da orientación: contactos cos titores, participación nas comisións do colexio, reunións de departamento, asesoramento aos membros da comunidade escolar sobre aspectos legislativos, pautas de actuación, plans, memorias e outros documentos, asistencia ás sesións de avaliación, asesoramento e atención a familias de alumnos sin neae sobre aspectos educativos, emocionais, condutuais dos seus fillos.**

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN E DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Todas estas accións enumeradas contribuíron á consecución dun bo número dos obxectivos propostos para este curso.

O número de derivacións novas ao departamento son moi elevadas.

Recursos humanos:

Debido ao tamaño do centro, número de alumnado derivado, de alumnado en seguimento, e as coordinacións precisas para atender estas necesidades, o tempo de traballo dunha única orientadora non é suficiente para realizar as tarefas inherentes ao cargo coa suficiente calidade. Aténdense as necesidades máis urxentes e moitas veces dun xeito máis superficial do que os casos merecen.

Considerando que a UNESCO e outros organismos internacionais recomendan unha ratio de 250 alumnos por orientador e tendo en conta a crecente demanda, a esixencia cada vez maior por parte das familias e os novos textos legais que avogan pola inclusión do alumnado aportando as administracións a dotación de medios necesarios, precisaríase outro profesional da orientación como apoio para poder repartir a atención do alumnado e poder facer unhas intervencións e un seguimento máis exhaustivo e de maior calidade.

Nestas circunstancias, o modelo de orientación que podemos seguir é un modelo centrado nas demandas, nas urxencias e non un preventivo, centrado en plans e programas, intervindo no conxunto da comunidade escolar.

Así mesmo, o número de mestras de PT e AL foron insuficientes, tal como queda tamén reflectido nas correspondentes memorias. Atendeuse ao alumnado con necesidades permanentes e asociadas a discapacidade fundamentalmente, tamén se atenderon outro tipo de situacións: dificultades de aprendizaxe, pero quedou un número significativo de alumnos e alumnas sen atender. Considérase necesario ampliar o número de especialistas (un PT máis e un AL máis).

Recursos materiais:

Os recursos materiais asignados ao departamento foron suficientes.

Aspectos a mellorar en relación ao Plan de Atención á Diversidade

- Mellorar a resposta educativa específica para o alumnado con Altas Capacidades

Intelectuais, informando e promovendo actividades de enriquecemento, así como as medidas establecidas no Protocolo correspondente.

- **Mellorar a inclusión do alumnado con NEAE dentro das aulas ordinarias establecendo actuacións específicas dentro do marco da acción titorial.**
- **Progresar no coñecemento e na aplicación dos diferentes protocolos por parte do profesorado para dar resposta educativa ás necesidades do alumnado.**
- **Mellorar a coordinación dos mestres especialistas do departamento entre si e cos equipos docentes que están a atender ao alumnado, tarefa difícil polo gran número de unidades no colexio.**
- **Promover programas e actividades de habilidades sociais e benestar emocional para o alumnado.**
- **Progresar na prevención do absentismo escolar.**

Outros aspectos a mellorar:

- **Incremento do número de profesionais no departamento de orientación por parte da administración educativa para poder dar apoio a todo o alumnado que o precisa.**

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

PROFESORADO:

PALOMA FRAGA COUCEIRO

DIANA MARTÍNEZ MORÁN

INTRODUCCIÓN

Durante o curso 2022/ 2023 o CEIP Emilia Pardo Bazán contou con dúas mestras de Pedagogía Terapéutica a tempo completo, as dúas definitivas que se encargaron da atención aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

No presente curso realizáronse sesións de apoio en educación primaria e educación infantil, dando prioridade ás necesidades graves e permanentes , aos alumnos con

Adaptación Curricular e a aqueles para os que as súas dificultades de aprendizaxe lles impiden o o acceso ao currículo escolar como aos seus compañeiros.

Ao principio do curso realizouse unha avaliación inicial das dificultades que presenta cada alumno e estableceuse un horario de atención.

Os programas e horarios foron revisados nas reunións do D.O. e trimestralmente en función dos avances de cada neno, das súas necesidades individuais, e das novas demandas que foron aparecendo ao longo do curso: procedendo á modificación de horarios e apoios.

OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais formulados para este curso foron os seguintes:

Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada a de calidade, que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal, social e académico.

Dar asesoramento ao profesorado do centro que o solicite , con respecto as dificultades individuais de cada alumno.

Elaborar e proporcionar materiais axeitados para cada alumno aos titores que o precisen.

Asesorar ás familias con respecto ás dificultades de aprendizaxe dos seus fillos, servir de guía, informar dos progresos e evolución e aportar recursos, materiais e orientación en calquera aspecto que precisen.

DETALLE DO ALUMNADO QUE RECIBIU APOIO

Con respecto á previsión de apoios, sinalar que para atender ao alumnado que presenta necesidades de aprendizaxe foi preciso facer unha priorización seguindo os criterios establecidos polo D.O.

O listado de alumnado atendido foi flexible ao longo do curso, ante a aparición continua de novas demandas , aínda que non houbo capacidade de atender a todo o alumnado que

precisou apoio, nin de proporcionarlle todas as sesións que serían recomendables, por falta de dispoñibilidade horaria.

En total recibiron atención :

Educación Infantil: 11 alumnos

Educación Primaria: 26 alumnos

O tipo de alumnado que foi atendido tiña as seguintes necesidades e características: dificultades de lectoescritura e dificultades de razoamento lóxico-matemático,(retraso lector, dislexia, disgrafías, dificultades de comprensión...que poden ser estar englobadas na categoría Trastorno Específico da Aprendizaxe con Dificultades na Lectura , na Expresión Escrita ou Dificultade Matemática), dificultades de atención e funcións executivas (TDAH, TDA...) , trastornos da linguaxe (TEL) comórbidos con outras dificultades , alumnado con necesidades asociadas a TEA, Síndrome de Down, problemas de conduta, desfase curricular significativo de alumnos procedentes do estranxeiro e de incorporación tardía ao centro, discapacidade intelectual de diferente grao...e alumnos de altas capacidades que non foron atendidos por falta de dispoñibilidade horaria.

Por outro lado tamén se realizaron , a petición de titores e familias, varios programas de reforzo para algúns alumnos que necesitaban continuidade na casa do traballo realizado na aula de PT.

COORDINACIÓNS

- **Asistencia ás reunións do D.O. como membros integrantes do mesmo.**
- **Asistencia ás reunións do 1º e 3º ciclo de primaria.**
- **Asistencia ás reunións da Comisión de Teatro.**
- **Coordinación coas familias que así o solicitaron.**
- **Coordinación cos gabinetes e servizos externos, por petición das familias e co seu consentimento expreso.**
- **Coordinación periódica cos titores do alumnado atendido.**
- **Coordinación, a demanda, cos demais titores e profesorado especialista.**
-

PROPOSTAS DE MELLORA

Debido ao incremento constante do alumnado con NEAEs permanentes, faise imprescindible contar con máis profesorado especialista de Pedagogía terapéutica para darlles unha resposta educativa acorde coas súas necesidades.

PREVISIÓN DE APOIOS CARA AO VINDEIRO CURSO

Dado que a inmensa maioría dos alumnos cos que estivemos traballando durante este curso teñen necesidades educativas de carácter permanente , van seguir precisando da mesma, e incluso de máis atención durante o próximo curso.

Se incorporan a educación infantil e primaria varios nenos con dificultades, dos que é previsible que vaian a necesitar diferentes tipos de reforzo.

Ademais non podemos esquecer que no primeiro ciclo de primaria, co inicio da lectoescritura , empézanse a detectar dificultades nesta aprendizaxe en algúns alumnos. Estas dificultades se non son atendidas van condicionar o rendemento, a adquisición de competencias , a evolución e a vida en xeral deste tipo de alumnado.

Pensamos que ademais de atender ao alumnado con necesidades educativas permanentes, un centro de primaria non pode desatender, de ningunha maneira, ao alumnado que teña dificultades na lectoescritura, comprensión ou lóxico matemáticas. Son a base sobre a que van construír as novas aprendizaxes. E é nos colexios de primaria onde temos que ofrecer a axuda, o reforzo e o apoio que precisan para avanzar. Isto non é posible se os centros non están dotados de persoal especialista en Pedagogía Terapéutica , suficiente para atender a todo o alumnado que o precise.

Este curso non se pudo atender a todo o alumnado que o necesitaba, e os que foron atendidos , en moitos casos, recibiron unha atención insuficiente por falta de dispoñibilidade horaria das dúas PT do centro.

AUDICIÓN E LINGUAXE.

PROFESORADO:

EUNICE LALÍN OTERO

MARÍA BOADO VALIÑO

ANAID MARÍA SANTO SÁNCHEZ

INTRODUCCIÓN

Durante o curso 2022/2023 o CEIP Emilia Pardo Bazán contou con dúas mestras de audición e linguaxe a tempo completo, unha definitiva e outra con carácter provisional, e unha mestra itinerante con centro base no CEIP María Barbeito que viña dous días a semana (martes e xoves) xustificado pola detección realizada de numerosas necesidades relacionadas coa comunicación e a linguaxe no centro.

No presente curso, realizáronse sesións de traballo individualizado ou en pequeno grupo tanto en educación primaria como en educación infantil, dando prioridade ás necesidades graves e permanentes, aos alumnos con Adaptación Curricular e a aqueles para os que as súas dificultades lingüísticas (xa sexan a nivel oral ou escrito) lles impiden o acceso ao currículum escolar e a integración nas actividades do grupo cos seus compañeiros.

Ao comezo de curso, realizouse unha avaliación inicial da linguaxe e comunicación, e estableceuse o horario de atención ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

Os programas e horarios foron revisados nas reunións dos membros do D.O. e trimestralmente, en función dos avances de cada neno/a, das súas necesidades individuais, e das novas demandas que foron aparecendo ao longo do curso; permitindo a modificación de horarios e apoios.

OBXECTIVOS

Os Obxectivos xerais formulados para este curso foron os seguintes:

- Potenciar a comunicación das/dos alumnas/os e favorecer o desenvolvemento da súa linguaxe como medio de interacción social, ferramenta de autorregulación, pensamento e aprendizaxe.

- **Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada e de calidade, que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal, social e académico.**
- **Dar asesoramento ao profesorado do centro que o solicite, con respecto a dificultades na comunicación e a linguaxe (oral e/ou escrita).**
- **Asesorar as familias con respecto ás dificultades no eido da comunicación e a linguaxe dos seus fillos e fillas, servir de guía, informar dos progresos e aportar recursos e materiais.**

DETALLE DO ALUMNADO QUE RECIBIU APOIO

Con respecto á previsión de apoios sinalar que para atender ao alumnado que presenta necesidades específicas referidas á área da comunicación e a linguaxe foi preciso facer unha priorización seguindo os criterios establecidos polo D.O. O listado de alumnado atendido foi flexible ao longo do curso, ante a aparición de novas demandas aínda que non houbo capacidade para atender todas as necesidades. Non se puido atender a todo o alumnado que precisou apoio, nin todas as sesións que serían recomendables, por falta de dispoñibilidade horaria.

En total recibiron atención:

Educación Infantil: 12 alumnos na etapa de E.I.

Educación Primaria: 7 alumnos Anaíd e 17 María na etapa de Primaria

As alteracións detectadas e tratadas foron principalmente: Alumnado con necesidade asociada a TEA (trastorno de espectro autista), discapacidade intelectual moderada, Síndrome de Down, trastorno específico da linguaxe, atraso madurativo, dificultades de acceso ao código escrito , dificultades na lectoescritura , un caso de desenvolvemento dun sistema alternativo de comunicación e varios casos de dificultades articulatorias con repercusión directa no desenvolvemento escolar. Case a totalidade deste alumnado presenta necesidades educativas permanentes.

Por outro lado, tamén se realizaron, a petición dos titores e as familias, varios programas de reforzo para algúns alumnos que non puideron ser atendidos directamente por falta de horario.

COORDINACIÓNS

- **Asistencia ás reunións do Departamento de Orientación, convocadas como membros integrantes do mesmo.**
- **Asistencia as reunión do Ciclo de Educación Infantil e primeiro ciclo.**
- **Asistencia ás reunións do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**
- **Coordinación cos pais/ nais/ titores legais que así o solicitaron.**
- **Coordinación con gabinetes e servizos externos., por petición das familias e co seu consentimento expreso.**
- **Coordinación periódica cos titores do alumnado atendido.**
- **Coordinación, a demanda, cos demais titores e profesorado especialista.**

PROPOSTAS DE MELLORA.

- **Debido ao incremento constante de alumnado con NEAEs permanentes con graves dificultades de comunicación, de integración social e académica, que precisan dunha atención moi específica e personalizada, faise imprescindible contar con máis profesorado especialista en audición e linguaxe para darlles unha resposta educativa acorde coas súas necesidades.**
- **Habilitar no edificio de Primaria un espazo propio, con mellores condicións para a comunicación.**

PREVISIÓN DE APOIOS CARA O VINDEIRO CURSO

Dado que a inmensa maioría do alumnado co que estivemos traballando durante este curso teñen necesidades educativas de carácter permanente; van seguir precisando da mesma, e incluso máis, atención durante o próximo curso. Un dos nosos alumnos promociona, por idade, a Secundaria, pero xa está previsto que se incorporen a educación infantil, cando menos, tres alumnos con NEE e que necesitarán reforzo na área da linguaxe e un caso con serias dificultades na comunicación.

Por outro lado, promocionan a Primaria cinco alumnos con NEE dos cales dous teñen serias dificultades na comunicación e varios con NEAEs, que van precisar axuda neste cambio tan grande de escolarización.

Ademais, non debemos esquecer que no primeiro ciclo, cando as tarefas escolares empezan a ter unha maior demanda lingüística, tanto de comprensión como de expresión; adóitanse detectar dificultades novas que precisarán de intervención directa.

Por todo isto, resulta imprescindible unha/un segunda/-o mestra/-e de audición e linguaxe a tempo completo, para dar continuidade aos casos sinalados.

Para poder atender ao alumnado que quedou en lista de espera por falta de horario, atender aos novos casos que se escolaricen no próximo curso e adecuar o número de sesións ás necesidades reais do alumnado é necesario contar con outra/-o especialista de audición e linguaxe xa que as sesións de atención resultaron insuficientes durante este curso para dar resposta a todas as necesidades.

5.1. AULA DE EDUCACIÓN ESPECIAL

No centro hai habilitada, dende o curso 2013-2014, unha aula de educación especial.

Durante o presente curso estiveron escolarizados nela tres alumnos/as con características persoais moi diferentes pero que precisan axuda e apoio constante.

N.F.G (17/10/2011) con discapacidade intelectual en escolarización combinada no cuarto curso de Educación Primaria. Asiste á aula vinte e unha sesións semanais.

M.H.F.F (03/08/2013) con parálise cerebral infantil escolarizado en terceiro curso de Educación Primaria e con escolarización combinada no centro ASPACE. Asiste á aula unha sesión semanal.

R.B.A (12/06/2013) con TEA escolarizada en terceiro curso de Educación Primaria. Asiste á aula catro sesións semanais.

A.G.P (20/06/2013) con Síndrome de Williams en escolarización combinada no terceiro curso de educación primaria. Asiste á aula vinte sesións semanais.

O establecemento dunha relación persoal entre eles non foi doada dadas as características persoais de cada un e as súas necesidades de atención individualizada e apoio constante; con todo creouse un axeitado entorno de traballo e convivencia.

A dinámica da aula foi adaptándose as súas peculiaridades e necesidades durante todo o curso para que os alumnos/as puidesen ser o máis independentes posible e foran superando progresivamente as súas dificultades.

Os alumnos/as da aula acudiron á aula ordinaria co resto do grupo en distintos momentos da xornada escolar e nalgunha das especialidades. Co grupo de referencia de 3º curso a educación física e música. Co grupo de referencia de 4º curso a educación física.

O tempo de asistencia a estas sesión sempre foi variable dependendo das condicións persoais dos nenos/as que non sempre se atopaban en situación de participar co resto do grupo das actividade propostas.

2.- OBXECTIVOS

Durante o presente curso 2022_2023 plantexámonos a nivel de aula facilitar os seguintes apoios específicos:

- unha atención individualizada.
- un ambiente estruturado.
- axuda e supervisión frecuente para realizar as tarefas.
- proporcionar unha consistencia emocional a través de metodoloxías especiais e a interacción persoal.
- adaptacións significativas do currículo.

De cara ó vindeiro curso, e dadas as necesidades tan específicas do alumnado escolarizado na aula, seguiremos traballando para:

- lograr o maior desenvolvemento posible en entornos o menos restritivos posibles e no seu medio cotiá.
- adquirir autocontrol do seu propio comportamento que evite problemas de tipo condutual.
- axustar as súas accións ó contexto no que se desenvolven.
- afianzar a adquisición de hábitos básicos que lles proporcionen independencia: alimentación, aseo, conduta.
- lograr independencia persoal que lles proporcione benestar físico afectivo e emocional.
- incorporarse a actividades da vida diaria na medida das súas posibilidades.
- potenciar o contacto normalizado con outras persoas e co entorno inmediato.
- aprender a predicir o que vai ocorrer.

- adquirir estratexias de coñecemento do mundo e planificación das súas accións nun ambiente estruturado.

3.- ORGANIZACIÓN DO TEMPO.

HORARIO.

O horario da aula específica caracterizouse pola súa flexibilidade adaptándonos o ritmo dos nenos/as.

Tíñamos unhas sesións concretas cando os alumnos asistían ás especialidades e outros momentos de rutinas que non variamos no tempo. Sería axeitado que o horario fose o máis parecido ó deste ano pois este tipo de alumnado traballa mellor cun horario continuo e estable.

4.- ORGANIZACIÓN DA AULA E DOS ESPACIOS DO CENTRO.

O espazo da aula tivo que adaptarse para a convivencia de nenos/as con características tan diferentes. Esta adaptación tivo que ver basicamente co mobiliario permitindo que os alumnos/as fosen o máis independentes posible e a colocación de apoios visuais que lles permitiran facer determinadas actividades por sí mesmos.

O traballo da aula organízase por rincóns de forma que se lle permite ós nenos/as experimentar, manipular e organizar o seu propio tempo de traballo con actividades estruturadas e programadas previamente, mediante as cales se consiguen uns obxectivos concretos de aprendizaxe.

Esta metodoloxía e disposición é unha das máis flexibles en canto a organización xa que acepta empregala como vehículo de educación, ocupando unha gran parte do tempo educativo, como aplicala para a estruturación do xogo libre dos alumnos/as.

5.- ORGANIZACIÓN RECURSOS PERSOAIS.

O alumnado da aula recibiu apoio por parte das especialistas en Audición e linguaxe durante todo o curso. O traballo centrouse no ámbito da comunicación e a linguaxe así como no apoio ás competencias instrumentais básicas.

O número de sesións con cada alumno depende das súas necesidades persoais así como da distribución dos recursos do centro. Así recibiron apoio por parte das especialistas en Audición e Linguaxe:

A.G.P dúas sesións semanais.

N.F.G dúas sesións semanais.

M.H.F.F dúas sesións semanais.

Na aula houbo unha coidadora a tempo total e ademais o alumnado cando participa nas sesións de grupo ordinario e nos tempos de lecer ou outras actividades vai acompañado de coidadores ou da mestra titora da aula de EE.

6.- METODOLOXÍA E MATERIAIS TRABALLADOS

A perspectiva globalizadora foi a empregada para o tratamento dos distintos contidos e experiencias educativas organizados en base a tres àmbitos de experiencia: coñecemento corporal e construción da identidade, coñecemento e participación no medio físico e social, comunicación e linguaxe.

Elaboramos material adaptado e fichas relacionadas co seu entorno máis próximo: árbore familiar, paneis de secuencias para saír do cole, para ir o baño, panel de merenda, fotos dos compañeiros, normas de aula, máquina de palabras, etc.

Durante este curso as actividades relacionadas co Proxecto Documental integrado do centro "Galeguízate" despertaron especialmente o seu interese. Aproveitando o seu interese polos animais durante este curso traballamos "Animais do camiño" : a imaxe dos animais que nos podemos atopar ó longo do Camiño de Santiago, as súas pegadas características, os seus sons, a textura da súa pel, o que comen, cancións onde aparecen eses animais, etc.

Leváronse a cabo titorías, de xeito periódico, coas familias e cos gabinetes de atención educativa externos de forma presencial e tamén a través da plataforma CISCO WEBEX.

Cos alumnos/as da aula emprégase o "CADERNO DE IDA E VOLTA A CASA" ferramenta tremendamente útil para que a familia coñeza o que se traballou na aula durante a xornada e as incidencias que aconteceron e a min como titora sérveme para coñecer como se desenvolveu o resto da xornada no ámbito familiar. Este intercambio de información é imprescindible no caso de alumnos con dificultades de comunicación como é o caso.

7.- SAÍDAS

Durante o presente curso realizáronse as seguintes saídas:

Representacións teatrais.

Visita ó Castro de Elviña.

Concertos didácticos no Palacio da Ópera.

Saída Monte de San Pedro.

8.- PROPOSTAS DE MELLORA

Neste proceso de autoavaliación, propóñense ás seguintes propostas de mellora para o vindeiro curso

- 1. Conseguir unha maior motivación de toda a comunidade educativa incorporando de xeito máis activo ó profesorado e á familia como parte integrante do proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de beneficiar o desenvolvemento integral dos alumnos.**
- 2. Determinar os horarios dun xeito máis axustado, máis realista e abertos a posibles modificacións para a realización das actividades dun xeito máis fluído.**
- 3. Mellorar a organización do espazo da aula para permitir movernos con máis facilidade e incluír outros elementos materiais que enriquezan as nosas intervencións.**
- 4. Aumentar a colaboración e coordinación entre os mestres e os especialistas que interveñen co alumno -tanto dentro como fóra do centro- para seguir o mesmo ritmo de traballo.**

6.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

A convivencia no centro escolar foi, en xeral, boa, con casos puntuais que se van corrixindo no momento e sen pasar a maiores.

Casos puntuais con intervención de xefatura:

- 1 alumno de 1º E. Primaria, 1 alumno de 5º E. Primaria e 1 alumna de 6º E. Primaria**

7.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Durante este curso escolar os dous equipos seguimos traballando conxuntamente para un mellor desempeño dos labores e aproveitamento dos recursos materiais e humanos.

Ademais a valoración deste traballo cooperativo é moi satisfactoria durante os últimos cursos.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) tivo como obxectivo principal seguir potenciando o noso idioma como linguaxe vehicular útil e promover o coñecemento da nosa cultura e a curiosidade polo coñecemento.

O obxectivo principal do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE) foi fomentar a participación de toda a comunidade educativa nas distintas actividades que se realizaron no centro educativo.

As actividades a desenvolver este curso xiraron arredor do PDI (Proxecto documental integrado) "Galeguízate".

Para cumprir os obxectivos programamos actividades propias para as conmemoracións que veñen marcadas no DOG e que foron aprobadas na CCP de principio de curso e outras non indicadas no DOG. Faremos a continuación unha relación das mesmas.

ACTIVIDADES APROBADAS A PRINCIPIO DE CURSO NA CCP:

- 9 de setembro: "Benvida"
- Novembro: MAGOSTO/SAMAIN/ZONCHOS
- 20 de novembro: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 9 de decembro: Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Do 12 ao 22 de decembro: NADAL. Decoración portas, festival,...
- 30 de xaneiro: Día Escolar da Paz e non violencia

- **23 de febreiro): Día de Rosalía**
- **17 de febreiro: ENTROIDO**
- **8 de marzo: Día Internacional da Muller**
- **15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.**
- **7 de abril: Día Mundial da Saúde**
- **17 ao 21 de abril: Semana do libro.**
- **2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.**
- **Do 15 ao 19 de maio: Semana das Letras Galegas.**
- **5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente**
- **Fin de Curso**

ACTIVIDADES REALIZADAS:

Elaboración das programacións de ambos equipos.

Actualización do Proxecto Lingüístico de centro.

Difusión da música galega mediante a megafonía.

Benvida para o primeiro día de clase:

Murais de recibimento en ambos edificios sobre patrimonio material e inmaterial de Galicia.

Magosto e Samaín.

Celebráronse Magosto e Samaín conxuntamente dentro das "Festas de outono". O magosto foi o día 4 de novembro. Por primeira vez veu un castañeiro asar as castañas para conmemorar o magosto con tódolos nenos do colexio. Durante a última semana de outubro tivo lugar a tradicional exposición de zonchos, con diplomas a tódolos participantes.

Os alumnos de 6ºA lembraron polos corredores do colexio a Lenda da Santa Compañía cunha dramatización da mesma.

Día Internacional da Violencia de Xénero.

O 25 de novembro celebramos no colexio "O día contra a violencia de xénero". O lema escollido este ano foi "AS MANS REGALAN..."

Cada aula coloreu un brazo cun corazón morado na palma da man. En cada brazo podíase ler unha palabra positiva relacionada co tema (amizade, tolerancia...)

Nadal.

Decoración da entrada dos edificios de infantil e de primaria, adaptando o gran mural que temos con temática relativa ao PDI do centro. Este mural foi a postal escollida para felicitar as festas navideñas a tódolos integrantes da comunidade escolar. Tamén se decoraron as portas das aulas con motivos do Nadal.

Fíxose un pequeno festival de Nadal no SUM do colexio en dúas quendas. A ANPA invitou a un chocolate con biscoito a toda a comunidade educativa.

9 de Día da paz.

Con trisqueles celtas coloreados polos nenos, enchimos o símbolo da paz e o colocamos nos murais das entradas principais de ámbolos dous edificios.

En Primaria tamén fixemos unha composición coa palabra PAZ, coas mans dos alumnos formando unha árbore.

A canción escollida este ano foi "De festa" de Uxía Lambona e a Banda Molona .

Sáímos á pista de baloncesto todos os alumnos e mestres do Centro a cantala na hora da lectura. Os nenos pequenos foron acompañados do seu "irmán maior".

Centenario do pasamento de Manuel Murguía.

Conmemorouse o centenario do pasamento de Manuel Murguía o día 2 de febreiro cun material consistente nun díptico, unha unidade didáctica, unha exposición cun cuestionario e un "genially", elaborado polo Seminario Galán.

Entroido.

A temática dos disfraces deste ano tratou sobre o patrimonio material e inmaterial de Galicia: pelegríns, peliqueiros, pantallas, choqueiros, cigarróns, gaiteiros, pandereiteiras, traxes populares galegos, palilleiras, feirantes...

Os alumnos de Infantil foron disfrazados de pelegríns.

Sáímos a dar unha volta na contorna do colexio.

Retomamos tamén a degustación de produtos típicos destas datas que foron aportados polos alumnos do Centro. Contamos para isto coa colaboración da ANPA do Centro.

Ao longo desa semana fixéronse os mandadiños que estiveron expostos cada día na entrada do Centro.

Día de Rosalía

Traballouse este día con material diverso sobre a autora que se deixou na sala de profesores de Primaria (unidades didácticas, dípticos, poesías...) para que cada mestre os utilizase cos seus alumnos segundo o considerou oportuno.

Tamén se colgou na páxina web do colexio un "genially" e un roscó para traballar en formato dixital, no centro e na casa.

Día internacional da muller

O día 8 de marzo, tanto en Educación Infantil coma en Primaria, fíxose unha exposición sobre mulleres que destacaron en distintos ámbitos en Galicia: escritoras, pintoras...maio: Día de Europa.

Día das Artes Galegas

Traballouse sobre Martín Códax, protagonista este ano deste día. Deixouse na sala de profesores unha unidade didáctica sobre el, para que os titores o usaran libremente, e tamén se colgou na páxina web do colexio, xunto cun genially con información e preguntas sobre o autor.

Os maíos

Traballouse a nivel de aula, e tamén se fixo un mural conxunto na entrada do colexio decorado con imaxes relativas a celebración dos maíos en diversas zonas de Galicia.

Tamén se escribiu no mural o poema de Curros Enríquez: "Aí ven o maio". Este poema cantado por Luis Emilio Batallán amenizou as entradas e saídas do centro durante o mes de maio.

Semana das Letras Galegas

A nivel de Centro, fixemos unha exposición sobre a vida de Francisco Fernández del Riego nas entradas principais dos dous edificios, con debuxos e textos sobre a súa vida e obra.

Por suposto, tamén traballamos ao autor ao longo da semana a nivel de aula, tanto en formato dixital como en papel.

A ANPA facilitou unha exposición de traxes tradicionais galegos que estivo exposta na entrada do Centro.

Como remate da Semana das Letras Galegas na pista de baloncesto cubriuse con alumnos e profesores un mapa de Galicia que estaba pintado no chan. Cantouse o himno galego e fíxose un mosaico con folios de cores brancos e azuis, simulando a nosa bandeira.

Fin de curso.

O distintos cursos realizaron saídas longas no mes de xuño.

Houbo tamén unha festa organizada pola A.N.P.A. para tódolos alumnos do Centro o mércores, día 21.

MEMORIA ACTIVIDADES DE INGLÉS 2022-2023	
SETEMBRO: "Photocall" "A school day in the UK"	Photocall británico de "Back to school". Relatorio sobre o Reino Unido, a cargo de Susana Barreiro, profesora de Inglés de Secundaria.
OUTUBRO: "Halloween"	Actividades en torno a esta festividade anglosaxona.
NOVEMBRO: "Abracadabra" "Thanksgiving Day"	Asistencia a unha obra de teatro en inglés, "Abracadabra", a cargo da compañía Face2Face e subvencionada pola ANPA Milnenos. Relatorio a cargo de Raquel López, profesora en prácticas
DECEMBRO: "Cristina Pato" "Christmas spirit"	Relatorio en torno á galta galega a cargo de Cristina Pato. Xogo Secret Santa - Xmas Jumper Day, coa ONG Save the Children.
XANEIRO: "This is us"	Pescuda de información sobre os nosos rasgos de identidade.
FEBREIRO: "This is us"	Elaboración de mapas mentais, podcasts e presentación colaborativa.
MARZO: "Irish for a day" "The Celts"	Relatorio sobre as nosas conexións con Irlanda e alenda de Ith, por parte de Declan Mathews, profesor irlandés. Elaboración dun proxecto sobre os celtas.
ABRIL: "Spring walk" "Easter time"	Paseo polos xardíns do centro con actividades en torno á primavera: Colours, smells and flavours.
MAIO: "Cooking club" "Other Corunnas of the world"	Actividades en torno á Pascua: Easter egg hunt. Obradoiro de cociña con 2 postres anglosaxóns: banoffee – PB&J. Relatorio sobre as Coruñas do mundo, a cargo de Mark Guscín, historiador e escritor británico.
TODO O CURSO	
RADIO: "The Book Nook"	Programa de radio en inglés sobre os libros e o PDI, con tres episodios, un por trimestre, en colaboración con "Emilia na onda" .
READERS CLUB	Lectura de 3 títulos en inglés ao longo do curso.
PDI: "Galicianise yourself"	Colaboración co PDI do centro en torno a 3 temas: "This is us" – "Our ancestors, the Celts" – "Other Corunnas of the world".
PROJECT: "4 in a year"	Proxecto en torno ás estacións do ano con podcasts, pósters, IA...

8.- BIBLIOTECA (ver ANEXO II)**9.- MEMORIA DA COMISIÓN TIC.**

Durante o presente curso 2022/ 2023 foron membros da Comisión TIC:

Eunice Lalín Otero (Educación Infantil)

Soraya Salgado Martínez (1º ciclo de Educación Primaria)

Yolanda Amor Boquete (2º ciclo de Educación Primaria)

Carolina Asensio Juiz (3º ciclo de Educación Primaria)

Carlos Vicente Couceiro Tenreiro (3º ciclo de Educación Primaria)

Raquel López Manteiga (3º ciclo de Educación Primaria)

Exerce as funcións de coordinación da comisión durante este curso: Yolanda Amor Boquete

Avaliada a experiencia dos cursos pasados durante o presente continuouse coa mesma liña de traballo coa novidade de que o presente curso 2022_2023 a comisión TIC traballou activamente na implementación do Plan Dixital de centro seguindo as directrices da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Resolución do 3 de setembro do 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Todo o proceso de dinamización e implementación do Plan Dixital estivo apoiado por un equipo de apoio dixital (ADIX) de zona coordinado por Adrian López Louro. Realizáronse dúas sesións presenciais por trimestre onde se nos facían chegar instrucións da Consellería ó respecto, se resolvían e plantexaban dúbidas e se avaliaba o traballo periódicamente. Neste sentido a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades puxo a disposición dos centros unha aplicación corporativa – Educalidade- para a xestión documental do Plan Dixital. Foi preciso por tanto incluír o documento dentro desta plataforma e a través dela facer a planificación o seguimento dos obxectivos e accións programadas así como realizar a avaliación e memoria final. Toda a información

pormenorizada do Plan Dixital pode consultarse a través da aplicación.

A implementación do Plan Dixital precisa dende o noso punto de vista dun enfoque máis continuo e evolutivo. Por iso será necesario cada ano a detección de necesidades, debilidades e problemas que fagan necesaria a programación de accións concretas dentro do propio centro. O deseño e a implementación do Plan Dixital representou un desafío para toda a comunidade educativa pola súa novidade e polos aspectos xerais que abarca fundamentalmente o impacto que a integración das TIC ten na aprendizaxe do alumnado.

Varios factores condicionaron o desenvolvemento do Plan Dixital entre eles destacar a infraestrutura tecnolóxica dispoñible no centro, en cada momento, a formación e capacitación dos docentes, a dispoñibilidade de recursos dixitais axeitados e as metodoloxías de ensino aprendizaxe que se empregan.

O desenvolvemento dos obxectivos programados víronse afectados por estes factores polo que debemos volver sobre eles nos vindeiros cursos. A valoración dos obxectivos plantexados no Plan Dixital é a que se detalla a continuación:

- 1.- ELABORAR UN BANCO DE RECURSOS EDUCATIVOS NA AULA VIRTUAL PARA CONSULTA E UTILIZACIÓN DE TODO O CLAUSTRO. (Pendente)
- 2.- PROMOVER O USO DA AULA VIRTUAL POR PARTE DO PROFESORADO (Acadado parcialmente)
- 3.- ACTUALIZAR E MANTER EFICIENTEMENTE A PÁXINA WEB DO CENTRO (Acadado)
- 4.- MELLORAR A ASISTENCIA TÉCNICA DO EQUIPAMENTO TIC DO CENTRO (Acadado)
- 5.- MELLORAR O EQUIPAMENTO TIC DO CENTRO (Acadado)

Durante este curso o centro participou dun PFPP C2205145 Implementación do Plan Dixital de Centro como parte da mellora das competencias TIC.

No marco do PFPP tivemos tres sesións de formación impartidas por Pedro Suárez Casal cos seguintes contidos:

1. Creación de actividades interactivas en H5P.
2. Actividades de traballo colaborativo. Glosario e Wiki, Gamificación da aula virtual. Ferramentas dixitais de axuda na aula como Plickers, etc.

Ainda que durante este curso como se dixo máis arriba, foi prioritario o traballo sobre o Plan TIC, a comisión traballou tamén para a consecución dos obxectivos definidos na Programación Xeral Anual deste curso:

OBJECTIVOS	GRAO DE CONSECUCIÓN
-Continuar co traballo do Proxecto ABALAR para favorecer o funcionamento do Eva E-dixgal.	Acadado
-Proporcionar formación ao profesorado da Comisión TIC e calquera outro que o solicite para empregar as TIC como medio de intercambio de experiencias e de información entre a comunidade educativa.	Acadado
-Designar dentro da Comisión unha persoa responsable de cada ciclo/nivel que recabe material significativo para ser publicado na páxina web do centro.	Acadado
-Revisar a autorización de imaxes do alumnado para fomentar o uso axeitado.	Acadado
-Continuar co emprego do software libre Drupal para administrar e deseñar a web do centro e do xestor de imaxes Coppermine para albergar fotografías en álbumes.	Acadado
-Dinamizar a publicación de contidos de actualidade relacionados coa vida escolar do noso centro na páxina web e nos diversos blogues de aula e especialidades.	Acadado
-Promover o emprego por parte do profesorado das ferramentas Google Drive e Dropbox para o envío e almacenamento de arquivos.	Acadado
-Realizar reunións periódicas co Equipo de Biblioteca para traballar de forma conxunta poñendo á súa disposición os nosos recursos, tanto humanos como materiais.	Acadado
-Continuar coa subscrición á conta de almacenamento online de arquivos de vídeo para enlazar na web do centro e nos diferentes blogues.	Acadado

-Proporcionar información a toda a Comunidade Educativa referente á posta en marcha da aplicación AbalarMóbil, como canle de comunicación entre os ámbitos familiar e escolar.	Acadado
-Afianzar e ampliar os coñecementos adquiridos en relación ó traballo coa Aula Virtual.	Acadado
-Deseñar unha Guía TIC para familiarizar ós novos usuarios cos recursos TIC cos que conta o centro e coas normas básicas de uso dos mesmos (portátiles, pizarras dixitais e proxectores, etc).	En proceso
-Implementar o Plan Dixital de centro deseñado o curso pasado seguindo as directrices establecidas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.	En proceso

Durante o presente curso (segundo trimestre do curso) o centro recibiu Smart Tv para todas as aulas de Educación Infantil e para as aulas de primeiro e segundo de educación Primaria (7 en aulas de Infantil e 6 en aulas de Educación Primaria). O centro conta agora ademais cun carro con 30 ordenadores portátiles.

Todo este material supuxo unha renovación moi importante do equipamento TIC do centro. Realizouse unha sesión de formación co profesorado interesado para coñecer o manexo básico das mesmas e diferentes aplicacións para o proceso de ensino- aprendizaxe.

Ó ser centro con proxecto E-dixgal o vindeiro curso recibiremos ademais paneis dixitais de 85 pulgadas para os cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. O alumno participante foi 67 de 5º E. Primaria e 67 de 6º E. Primaria.

Durante este curso fixéronse ademais as seguintes actividades dentro do marco da comisión TIC:

Curso de "Formación Aula-Planeta: novidades 22-23" para profesorado E-dixgal.

Seminario formación para persoas coordinadoras do programa E-dixgal "Espazo de

colaboración para a coordinación do Programa E-dixgal"

Formación e traballo Digicraft, programa educativo que ten como obxectivo familiarizar ós nenos/as coas 5 competencias dixitais (información e alfabetización informacional, comunicación e colaboración, creación de contidos dixitais, seguridade e resolución de problemas). Competencias que o alumnado de 6º de Educación Primaria aprendeu mentras xogaba xa que fixeron uso dunha serie de tecnoloxías innovadoras que sirven como medio de aprendizaxe. Todo o traballo pode verse na páxina web do colexio.

Este ano a Fundación Vodafone en colaboración coa Universidade de Salamanca distinguiu ó centro coa mención "Centro de Referencia Digicraft". Como consecuencia desta mención todo o material empregado durante o curso (placas makey-makey, cámaras, tablets, etc.) foi cedido ó centro.

Nome asistente	Grupo de Traballo	Comisión TIC
AMOR BOQUETE, YOLANDA	X	X
LÓPEZ MANTEIGA, RAQUEL		X
CANDAL MIRANDA, MARÍA AURORA	X	X
COUCEIRO TENREIRO, CARLOS VICENTE	X	X
GARCÍA DIÉGUEZ, MARÍA CONCEPCIÓN	X	
LABANDEIRA VÁZQUEZ, MANUELA	X	
LALÍN OTERO, EUNICE	X	X
SALGADO MARTÍNEZ, SORAYA	X	X
ASENSIO JUIZ, CAROLINA		X
ARENAS HERNÁN, CRISTINA	X	

10.- MEMORIA HORTO ESCOLAR

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP Emilia Pardo Bazán , trátase dun Centro de titularidade pública, na cidade de A Coruña (ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.gal), que atende arredor de 600 estudantes, contando con 7 aulas de Educación Infantil, 19 de Primaria e 1 de Educación Especial

Durante este curso escolar, o equipo de horto escolar formámolo mestres e mestras que representamos a tódolos ciclos e etapas educativas.

É preciso facer unha contextualización da situación de partida, aclarando as colaboracións coas que contamos e os proxectos nos que estaría inmerso o centro durante este curso.

- Financiación e asesoramento de Voz Natura e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardobazancoruna/?q=taxonomy/term/144>

- Financiación da ONG Axuda en Acción
- Programa observación/acción
- Proxecto Documental Integrado de centro(PDI), organizado pola biblioteca escolar, baseado no patrimonio material e inmaterial da nosa comunidade, e que leva por título "Galeguízate"

<https://bibliotecaepb.blogspot.com/search/label/PDI%20Galegu%C3%ADzate%21>

A finais do ano pasado (21-22), realizouse unha plantación de cabazas, tomates, pementos, patacas, ...; para darlle máis vida á volta ao cole do alumnado

2. ACTIVIDADES DESENVOLTAS

- ✓ Relacionadas coa nosa horta ecolóxica e a nosa biodiversidade
 - Volvemos a deixar plantados xirasoles, cabazas, pementos, tomates en distintas zonas do colexio, co fin de darlle continuidade a seu traballo. Deste xeito, ao comezo deste curso, poderemos empregar a colleita para distintas actividades, entre elas, a celebración do samaín.
 - Coma sempre, intentamos que as nosas plantas, sementes e sustratos sexan de procedencia ecolóxica, aínda que ás veces non resulta doado no tocante ás sementes.

Fixemos unha plantación de inverno e outra de primavera ,na zona do invernadoiro e no exterior . A plantación nestas dúas zonas , permitiríanos observar cales son as diferencias que se producen (tempos cremento, necesidades de rego, pragas,...).

Este feito serviunos, coma sempre , para traballar contidos matemáticos, lingüísticos e naturais. Na súa execución , planificación e mantemento participaron representantes de tódolos ciclos. Aínda que a etapa que ten maior número de participantes é a de educación infantil. Este ano, puxemos preto da zona do aulario de Educación infantil, uns minihortos de madeira para achegarlle ós nenos e nenas de 3 anos as experiencias coa horta dende principio de curso. Xa que as nosas zonas de cultivo están un pouco lonxe para eles.

- **Aprendizaxe significativos, coa búsqueda dun produto final e baseada en servizos.**
- **Unha das actividades que comezamos este ano foi a formación de grupos-aula coa empresa HortaEcoCoruña. Esta formación tivo moi boa acollida. Nela , os rapaces e rapazas, aprenderon sobre asociación de cultivos, insectos beneficiosos, tipos de plantas,... a través dunha experiencia práctica. Debido a boa acollida, aproveitamos para continuar con esta formación (de xeito voluntario) e abrimos a zona de horto 2 días á semana no momento de patio, na que está presente a formadora de HortaEcoCoruña**
- **Este ano, continuamos con moitas actividades a nivel de aula , sobre todo sementeiros de prantas e flores.**
- **Coidado, estudo e observación da biodiversidade do centro**
- **Redución de residuos. O noso centro xa conta cunha grande tradición no emprego de botellas reutilizables, bolsas de tela e merendas que xeneren poucos residuos plásticos. Pero, a nosa horta e as nosas merendas, seguen a xerar residuos orgánicos que aproveitamos para darlle de comer as nosas miñocas ademáis de empregar nos nosos composteiros. E ,con aqueles que non se poden compostar, aproveitamos para reutilizalos en xogos, sementeiros,..**
- **Saídas e obradoiros escolares en colaboración co Concello, Asociacións e empresas . Relacionadas coa nosa contorna e cultura, procesos de reciclaxe, convivencias na natureza, roteiros,.. adaptadas aos distintos niveis educativos.**

✓ **Recuperación estética**

- **Plantación de plantas de tempada nos maceteiros de entrada ao edificio de primaria**
- **Continuamos coa plantación de bulbos na zona do patio de infantil: alélis, maceteiros con flores diversas,...**

✓ **Aula Natureza**

Dende o curso pasado contamos cun aula da Natureza no edificio de Educación Infantil. A esta aula, asisten tódolos cursos , polo menos, unha vez a semana. Isto permite unha moi boa organización e planificación das actividades, así como un lugar onde realizalas nos momento nos que o tempo meteorolóxico non permite o uso do exterior.

✓ **Clubes lectura.**

<http://blueschoolinenglish.blogspot.com/>

✓ **Espazo ambiental ético-estético para ser creado cos infantés "El jardín de Juanita".**

✓ **Teatro interaulas.**

Despois de varios parados por mor da situación sanitaria que vivimos, este ano retomouse , con moita ilusión, esta actividade na que participan escolares de educación primaria. Este ano a obra a representar será o bosque animado. Aproveitando para dar a coñecer a nosa diversidade forestal e animal.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipemiliapardobazancoruna/?q=node/1510>

3. ACTIVIDADES PENDENTES

- **Recolleita da produción da horta así como preparala para o tempo de verán.**

4. DIFICULTADES ATOPADAS E PROPOSTAS DE MELLORA

A maioría das dificultades atopadas teñen que ver con mantementos. Por exemplo, no primeiro trimestre roubaron as billas da auga tanto da zona do cole azul como na do invernadoiro, o que retrasou sementar por non poder regar.

Os composteiros tamén estaban en mal estado pero, hai uns días o Concello fixo unha reposición.

Urxe renovar as madeiras dos bancais , tanto da horta do cole azul como da zona do invernadoiro, xa que poden resultar perigosos. Debido á alta exposición a elementos que os deterioran (proximidade ó mar e meteoroloxía), a proposta é facelos con materiais máis

resistentes como cemento, ladrillos,.. xa que unha das zonas deterioradas só fai 3 anos que se renovou.

Por último, sería boa idea rematar de acondicionar a aula da Natureza de primaria así como dinamizala. Xa que, durante este curso, só se empregou como almacén e para facer sementeiros.

5. VALORACIÓN FINAL.

O centro segue a contar cunha moi boa dinámica de coidado e respecto pola natureza , froito do traballo feito durante anos. Cada vez son máis os mestres e mestras involucrados en sacarlle partido ao noso contorno.

O feito de ofertar formación práctica e teórica para o alumnado, fixo que moitas titorías animáranse a plantar.

Por último, resaltar que a apertura do espazo de horta no momento de patio , está a ter una moi boa acollida por parte dun número significativo de nen@s. Confiamos en que, pouco a pouco, esto sexa un chamamento para máis nenos e convértase nunha opción máis de lecer.

11.- MEMORIA TEATRO

Despois de tres anos, neste curso puidemos retomar os proxectos de teatro que quedaran aprazados pola pandemia .

Unha vez máis, a comisión de teatro tivo dúas metas principais:

- A organización dunha obra interaulas na que se fomente a inclusión, así como o desenvolvemento de valores e competencias sociais e artísticas, tanto no elenco como no público.
- E servir de apoio a todas as iniciativas relacionadas co teatro que puidesen xurdir desde calquera grupo do centro.

No que se refire ao primeiro obxectivo:

. A obra escollida foi a que estabamos preparando cando chegou o confinamento: O bosque animado, adaptada ao teatro escolar pola compañeira María Jesús López Vila, a partir do orixinal do escritor coruñés Wenceslao Fernández Flórez.

Os actores foron, inicialmente, os alumnos de cuarto e sexto de primaria que amosaron interés por participar.

Desde o mes de setembro adicamos os recreos aos ensaios en pequenos grupos e catro tardes de maio para os ensaios en gran grupo.

A actuación tivo lugar o día 2 de xuño no auditorio do Ágora (solicitado en setembro) en sesión dobre, como outros anos: pola mañá actuamos para todos os compañeiros de primaria e pola tarde para as familias e outros invitados dos actores.

Nesta ocasión actuaron 48 nenas e nenos do noso centro, xunto co grupo musical "Dijo4" do IES Monte das Moas, que interpretou as pezas musicais en directo.

Os decorados foron elaborados por unha das integrantes da nosa comunidade educativa, dona Marta Corredoira (axudada por varias nais de alumnos, profesores, persoal non docente e mesmo nenos) e don Xulio Gallego, profesor do CEIP San Pedro de Visma.

D. Manuel Robles e Dna. Yolanda Amor, a pesar de non formar parte desta comisión, compartiron con nós as súas notables habilidades artísticas facendo un gran número de impresionantes máscaras e outros elementos de atrezzo.

Contamos tamén cunha aportación económica da organización Axuda en Acción, o que foi especialmente importante este ano, no que os gastos aumentaron considerablemente ao cobrarsenos, por primeira vez, polo uso das instalacións municipais do Ágora e ao se incrementaren notablemente os prezos dos numerosos autobuses necesarios para desprazar a todos os alumnos de primaria.

Con todo, a experiencia foi moi positiva; non só polas habilidades interpretativas das actrices e actores (admirables, dadas as súas idades e experiencia dramática) e a impresionante calidade dos decorados, a adaptación e as pezas musicais; senon tamén, e moi especialmente, polo clima de colaboración e traballo conxunto que se estableceu entre toda a comunidade educativa:

desde a axuda do ANPA, compartindo espazos
ata as aportacións de vestiario, atrezzo e tempo extraescolar que moitos membros do claustro destinaron altruistamente a este proxecto.

O día da actuación todos os mestres colaboraron nas numerosas (e non visibles) tarefas que se precisan para realizar a representación: montaxe dos decorados, maquillaxe, axuda nos camerinos, organización do atrezzo, desprazamento e acompañamento do público (na actuación para os alumnos), organización dos actores, ...

E, como ven sendo tradición desde que puxemos en marcha o proxecto, ese espírito de colaboración chegou aos nenos, que tamén amosaron unha admirable e esperanzadora capacidade de axudarse entre eles e traballar en equipo.

Nos últimos días de maio xurdiu a proposta de realizar unha actuación máis como acto benéfico para recadar fondos para a loita contra o cancro. Tanto o equipo directivo como a comisión de teatro valoramos moi positivamente esta iniciativa non só polo loable da causa, senón tamén, e principalmente, polas implicacións pedagóxicas de desenvolvemento de valores de empatía, esforzo e compromiso cunha causa solidaria.

Desafortunadamente, a pesar de que todas as familias estaban interesadas en participar; finalmente non puido ser posible nesta ocasión por falta de tempo para organizalo todo. Aínda así, dada a boa acollida, é unha idea que queda pendente para un futuro.

Por outro lado, non pode faltar nesta memoria dos proxectos de teatro do Emilia, unha especial mención ás obras do grupo Bubelas da profe Conchy que en Nadal puxeron en escena a obra "A costureira das ánimas" e o pasado 19 de xuño concluíu a súa andaina de máis de dez anos coa representación da peza "Nais, Quen as entenden?" cun grande éxito de público e crítica. Este grupo, de longa tradición no noso colexio, baixou o pano de xeito definitivo por xubilación da súa directora e creadora; pero contará sempre no seu haber con moitas ilusións e metas acadadas.

12.- MEMORIA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

12.2.- SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, PROGRAMA DE MADRUGADORES E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

A. COMEDOR

Este curso 2022-2023 o comedor escolar funcionou en dúas quendas para comer: na primeira, comeron os cursos de infantil de 13:45h a 14:30h, incorporándose o alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de primaria ás 14:00h; e na segunda, os cursos de 5º e 6º (de 14:45h a 15:15h). Conforme os grupos dos pequenos acababan, incorporábanse grupos dos maiores, acabando antes das 15:15 xeralmente. A rapazada que precisou máis tempo, dispuxo del para comer tranquilamente.

O alumnado con actividades ás 16:00h foi trasladado por parte do persoal coidador de comedor ás diferentes actividades. A organización e administración do Comedor Escolar e de Madrugadores é por conta da ANPA Milnen@s, por concerto coa empresa JARDANAY S.L.

Recuperouse o cepillado de dentes obrigatorio, é dicir, todo o alumnado de comedor lavou os dentes despois de comer, tamén por quendas. Para iso, o alumnado levou un estoxo transparente identificado co nome do neno ou nena, cun cepillo e pasta de dentes. Cada día volveu para casa na mochila ao final da xornada, para unha correcta medida de hixiene.

O colexio facilita o funcionamento deste servizo poñendo a súa disposición o comedor sito no edificio/aulario de Educación Infantil. A atención ao alumnado no horario de comedor é por conta da ANPA Milnen@s e da empresa coa que contrata o servizo.

A persoa responsable no centro por parte da empresa JARDANAY é David, tanto para comedor como para madrugadores. Dentro do contrato vixente coa empresa Jardanay compre salientar as seguintes aportacións adicionais:

- 6 bolsas de axudas
- Inscripción e baixas en liña
- Festa de fin de curso por conta da empresa para todo o alumnado do colexio, realizada en horario escolar o día 21 de xuño de 2023.

Ademais, para completar o tempo de despois de comer estableceranse una serie de

“didácticas lúdicas” para evitar conflitos durante o comedor. Tamén hai xogos de mesa doados polas familias.

Toda a información dos menús, actividades realizadas, prezos e trámites para a inscrición están actualizados no blog da ANPA na seguinte ligazón:
<https://milnenosgalego.blogspot.com>

COMEDOR (datos con data de efectos 01/06/2023)

TOTAL: 276 crianzas inscritas, 62 contan con bolsas de comedor.

Por modalidade de asistencia:

Total infantil e primaria:

- Modalidade esporádica: 7
- Modalidade fixa: 116
- Modalidade discontinua ou quenda laboral: 56

Por días, os datos do alumnado recóllese no seguinte cadro:

Curso	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
EI 4º	20	20	19	20	18
EI 5º	21	23	22	22	21
EI 6º	25	27	25	25	23
P 1º	21	24	22	22	21
P 2º	37	40	41	38	37
P 3º	38	39	35	34	34
P 4º	27	35	33	33	32
P 5º	20	20	21	18	18
P 6º	17	17	17	16	16
TOTAIS	226	245	235	228	220

MADRUGADORES (datos con data de efectos 01/06/2023)

TOTAL: 87 crianzas inscritas infantil e primaria

Por modalidade de asistencia:

- **Modalidade esporádica: 21**
- **Modalidade fixa: 31**
- **Modalidade discontinua ou quenda laboral: 30**

Por tipo de servizo contratado:

- **Con almorzo: 35**
- **Sen almorzo: 52**

Por días os datos de alumnos recóllense no seguinte cadro:

Curso	Luns	Martes	Mércore s	Xoves	Venres
El 4º	5	5	5	5	4
El 5º	5	5	5	6	5
El 6º	7	7	7	7	7
P 1º	11	11	11	11	11
P 2º	6	6	6	6	6
P 3º	10	13	11	11	11
P 4º	11	11	10	10	11
P 5º	6	5	6	5	5
P 6º	0	0	0	0	0
TOTAIS	61	63	61	61	60

B. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

En total ofertáronse a principios de curso 44 edicións de actividades. Dentro da premisa de que a especialización das empresas de actividades revirte nunha maior calidade das mesmas, o número de empresas contratadas para a impartilas foi acorde. Finalmente

acadaron o número mínimo de inscritos e, polo tanto, saíron adiante: 38 actividades impartidas por 11 entidades diferentes.

A inscrición nas actividades extraescolares abriuse o 26 de xullo con tramitación exclusivamente en liña, a través de aplicación da ANPA a tal efecto.

Toda a información das mesmas publicouse de forma oportuna no blog da ANPA, na seguinte ligazón: <https://milnenosgalego.blogspot.com>

O cadro de actividades organizadas para este curso foi o seguinte (en vermello as anuladas):

INFANTIL 2022/2023					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00	Música e movemento (EI e 1º-2ºEP)	Pintura infantil e 1ºprimaria grupo II	Baile galego (EI e EP)	Pintura infantil e 1ºprimaria grupo II	Pequechef (grupo II)
	Judo infantil e 1ºprimaria grupo I	Ximnasia rítmica infantil	Judo infantil e 1ºprimaria grupo I	Ximnasia rítmica infantil	Patinaxe infantil venres
	Patinaxe infantil	Pequechef (grupo I)	Patinaxe infantil	Predeporte	loga (infantil e primaria)
	Predeporte	Baile moderno infantil e primaria			
17:00	Teatro (EI e EP)	Judo infantil e 1ºprimaria grupo II	Jumping Clay (modelaxe con arxila) infantil-1ºprimaria	Judo infantil e 1ºprimaria grupo II	Teatro en inglés infantil-1ºprimaria

	Pintura infantil e 1ºprimaria grupo I	Teatro en inglés infantil- 1ºprimaria	Pintura infantil e 1ºprimaria grupo I	Shaolin Kung Fu infantil- 1ºprimaria	
		Shaolin Kung Fu infantil- 1ºprimaria			

PRIMARIA 2022/2023					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00	Pintura 2-6º primaria grupo I	Pintura infantil e 1º primaria grupo II	Pintura 2-6º primaria grupo I	Pintura infantil e 1º primaria grupo II	Pequechef (grupo II)
	Judo infantil e 1º primaria grupo I	Judo 2-6º primaria grupo II	Judo infantil e 1º primaria grupo I	Judo 2-6º primaria grupo II	loga (infantil e primaria)
	Xadrez	Robótica 4-6º primaria	Xadrez	Robótica 1-3º primaria	Teatro en inglés 2º-6º primaria
	Esgrima	Pequechef (grupo I)	Esgrima	Skate (4º-6º)	Baloncesto benxamín (3º-4º)
	Fútbol iniciación (1º-2º)	Baloncesto benxamín (3º-4º)	Baile galego (EI e EP)	Fútbol iniciación (1º-2º)	Baloncesto iniciación (1-2º)
	Pandeireta, percusión e canto (EP)	Baloncesto iniciación (1-2º)	Jumping Clay (modelaxe arxila) 2º-6º primaria		
	Música e movemento (EI e 1º-2ºEP)	Baile moderno infantil e primaria			

		Teatro en inglés 2-6º primaria			
		Duathlon (1-3º)			
17:00	Judo 2-6º primaria grupo I	Pintura 2-6º primaria grupo II	Judo 2-6º primaria grupo I	Pintura 2-6º primaria grupo II	Patinaxe primaria venres
	Pintura infantil e 1ºprimaria grupo I	Judo infantil e 1ºprimaria grupo II	Pintura infantil e 1ºprimaria grupo I	Judo infantil e 1ºprimaria grupo II	Teatro en inglés infantil-1ºprimaria
	Patinaxe primaria	Ximnasia rítmica primaria	Patinaxe primaria	Ximnasia rítmica primaria	Baloncesto alevín (5º-6º) masculino
	Fútbol alevín (5º-6º)	Baloncesto alevín (5º-6º) masculino	Xornalismo	Fútbol benxamín (3º-4º)	Baloncesto alevín (5º-6º) feminino
	Fútbol benxamín (3º-4º)	Baloncesto alevín (5º-6º) feminino	Jumping Clay (modelaxe arxila) infantil-1ºprimaria	Fútbol alevín (5º-6º)	
	Gaita	Duathlon (4-6º)		Skate (1º-3º)	
	Teatro (EI e EP)	Teatro en inglés infantil-		Shaolin Kung Fu infantil-	

		1º primaria		1º primaria	
		Shaolin Kung Fu infantil- 1º primaria			

As localizacións das actividades son:

- O antigo colexio de Educación Infantil (colexio azul), no cal se usan dúas plantas e o patio cuberto.
- Patio cuberto do colexio de Educación Primaria.
- O pavillón dos Rosales e o seu ximnasio.
- A aula de informática do colexio de primaria.

A continuación se explican en detalle as actividades que finalmente tiveron matrícula suficiente, no referente ao lugar de realización, empresa que presta o servizo, tipo de actividade e matriculacións a final de curso:

Actividade	Ubicación	Empresa/ autónomo	Tipo	Prazas máxima s	Matrículas 01/06/23	Matric inicial
Baile Galego	Colexio azul	Cántigas da Terra	actividades culturais	12	11	12
Baile moderno Infantil e Primaria	Patio cuberto cole azul	Jumping Kids	actividades deportivas	35	28	31
Baloncesto alevín 5 e 6 primaria	Pavillón Os Rosales	Club Deportivo Los Rosales	actividades deportivas	45	37	37
Baloncesto benxamín 3 e 4	Pavillón Os Rosales	Club Deportivo Los Rosales	actividades deportivas	30	29	28

Actividade	Ubicación	Empresa/ autónomo	Tipo	Prazas máxima s	Matrículas 01/06/23	Matric inicial
primaria						
Baloncesto iniciación 1 e 2 primaria	Pavillón Os Rosales	Club Deportivo Los Rosales	actividades deportivas	30	20	22
Duathlon 1EP-3EP	Colexio azul	Club Hércules Termaria	actividades deportivas	14	7	7
Duathlon 4EP-6EP	Patio cuberto colexio azul	Club Hércules Termaria	actividades deportivas	14	3	4
Esgrima histórica	Ximnasio Pavillón Os Rosales	Academia de la Espada	actividades culturais	20	19	20
Fútbol Alevín 5 e 6 primaria	Pavillón Os Rosales	Club Deportivo Los Rosales	actividades deportivas	18	1	1
Fútbol Benxamín 3 e 4 primaria	Pavillón Os Rosales	Club Deportivo Los Rosales	actividades deportivas	18	12	14
Fútbol Iniciación 1 e 2 primaria	Pavillón Os Rosales	Club Deportivo Los Rosales	actividades deportivas	20	14	16
Gaita	Aula cole azul	Cántigas da Terra	actividades culturais	12	1	1

Actividade	Ubicación	Empresa/ autónomo	Tipo	Prazas máxima s	Matrículas 01/06/23	Matric inicial
loga infantil e primaria	Aula cole azul	Jumping Kids	actividades deportivas	20	15	16
Judo 2 a 6 primaria grupo I	Aula colexio azul	Club Deportivo Daigoro	actividades deportivas	25	20	20
Judo 2 a 6 primaria grupo II	Aula colexio azul	Club Deportivo Daigoro	actividades deportivas	40	39	37
Judo infantil e 1 primaria grupo I	Aula colexio azul	Club Deportivo Daigoro	actividades deportivas	26	24	25
Judo infantil e 1 primaria grupo II	Aula colexio azul	Club Deportivo Daigoro	actividades deportivas	25	18	21
Jumping Clay Modelaje con arcilla 2-6 primaria	Aula cole azul	Jumping Kids	actividades culturais	14	12	9
Música e movement o	Aula cole azul	Cántigas da Terra	actividades culturais	13	10	11
Pandeireta percusión e canto	Aula cole azul	Cántigas da Terra	actividades culturais	12	12	9

Actividade	Ubicación	Empresa/ autónomo	Tipo	Prazas máxima s	Matrículas 01/06/23	Matric inicial
Patinaxe infantil 2 días	Patio cuberto colexio azul	Alquimia Inline	actividades deportivas	15	8	13
Patinaxe infantil venres	Patio cuberto colexio azul	Alquimia Inline	actividades deportivas	15	14	14
Patinaxe primaria 2 días	Patio cuberto colexio azul	Alquimia Inline	actividades deportivas	20	17	20
Patinaxe primaria venres	Patio cuberto colexio azul	Alquimia Inline	actividades deportivas	20	11	17
Pequechef Martes	Aula colexio azul	Jumping Kids	actividades culturais	22	17	13
Pequechef Viernes	Aula colexio azul	Jumping Kids	actividades culturais	22	18	19
Pintura 2 a 6 primaria grupo I	Aula colexio azul	Jumping Kids	actividades culturais	20	10	19
Pintura 2 a 6 primaria grupo II	Aula colexio azul	Jumping Kids	actividades culturais	20	12	12
Pintura	Aula	Jumping	actividades	20	18	19

Actividade	Ubicación	Empresa/ autónomo	Tipo	Prazas máxima s	Matrículas 01/06/23	Matric inicial
infantil e 1 primaria grupo II	colexio azul	Kids	culturais			
Predeporte	Pavillón Os Rosales	Club Deportivo Los Rosales	actividades deportivas	20	14	18
Robótica 1 a 3 primaria	Aula de informáti ca do colexio de primaria	Arkitas Robótica	actividades culturais	15	14	15
Robótica 4 a 6 primaria	Aula de informáti ca do colexio de primaria	Arkitas Robótica	actividades culturais	15	9	12
Skate 1-3 primaria	patio cuberto do colexio azul	Maroña Indoor	actividades deportivas	10	9	9
Skate 4-6 primaria	patio cuberto do colexio azul	Maroña Indoor	actividades deportivas	10	7	10
Teatro	aula do colexio azul	Cántigas da Terra	actividades culturais	13	9	13
Xadrez primaria	Aula colexio	Club Escola Universitari	actividades deportivas	40	24	27

Actividade	Ubicación	Empresa/ autónomo	Tipo	Prazas máxima s	Matrículas 01/06/23	Matric inicial
	azul	a de Xadrez de INCUDE				
Ximnasia rítmica infantil	Ximnasio Pavillón Os Rosales	Pablo Esteban Silva Opazo	actividades deportivas	15	6	9
Ximnasia rítmica primaria	Ximnasio Pavillón Os Rosales	Pablo Esteban Silva Opazo	actividades deportivas	15	6	8

Ademais ofertáronse pero finalmente non puideron acadar o mínimo necesario para facer grupo as seguintes actividades:

- Jumping Clay infantil
- Shaolin Kung Fu
- Teatro en inglés en ambos grupos (infantil e primaria)
- Xornalismo
- Pintura infantil e 1 primaria grupo I

Nas actividades que coordina a ANPA a data 01/06/2023 temos 323 nenos e nenas participando nas distintas actividades, que este curso deron comezo o primeiro día de inicio de curso e finalizaron o último día de curso, favorecendo así a conciliación das familias.

Actividades deportivas do Concello

A Campaña de Natación Escolar, dependente do Concello de A Coruña, deu comezo o 3 de outubro de 2022 e realizouse con normalidade.

C. CAMPAMENTOS

Este curso ofertouse o campamento de verán no noso colexio, novamente coa organización

ENKI. Cubrirá os días non lectivos dende o 26/06/2023 ata o 04/08/2023, en 6 quendas de 5 días cada unha.

Características principais:

- **Madrugadores de 08:00 a 09:00**
- **Campamento de 09:00 a 14:00**
- **Comedor de 14:00 a 16:00**

As prazas ofertadas por quenda foron 50 para participantes con e sen diversidade funcional e cubríronse na súa totalidade.

D. FESTAS E OUTRAS ACTIVIDADES

Festas:

- **Colaborar coa Festa do Magosto do CEIP, subvencionando, xunto co colexio, un castañeiro e coordinando a todo o persoal voluntario entre as familias socias da ANPA.**
- **Festa de Entroido, con hinchables, disco móbil e persoal de animación. Acompañamos cunha chocolatada nas portas do recinto.**
- **A festa de fin de curso corre tamén a cargo da ANPA, contou con actuación para infantil e primaria e persoal de animación.**

Outras actividades:

- **Coordinar voluntariado para a carreira "La vuelta al cole" o 28/10/2022.**
- **Charlas de igualdade para familias.**
- **Chamamento á rapazada para felicitar por Nadal aos maiores da residencia La obra de la Señora mediante unha carta ou postal.**
- **Chocolatada con biscoito para finalizar o ano 2022.**
- **Felicitación cunha panxoliña por Carlos Núñez.**
- **Exposición de traxes rexionais polo Día das Letras Galegas.**
- **Sorteo de 10 lotes de material por mor do Día das Letras Galegas en colaboración coa Librería Clunia.**
- **Sorteo de 25 entradas individuais para asistir a un partido do Deportivo.**
- **Sorteo de 2 entradas para o Teatro del Andamio**

- Sorteio de 15 entradas dobres para un partido do Basquet Coruña.
- Subvención da excursión de fin de curso de 6º de Primaria e a Orla para dito curso.
 - Decoración do comedor e principais entradas dos recintos escolares para o último día de curso e detalle entregado ao alumnado.

A nosa ANPA ten un firme compromiso coa lingua galega, por iso este ano solicitamos un vídeo divulgativo da nosa lingua coa participación dos maiores do centro que está fronte ao cole.

E. BANCOS SOLIDARIOS

Dende a ANPA continuamos este ano con bancos solidarios onde as familias poidan axudarse entre elas con materiais que xa non usan pero que poden resultar útiles para outras familias. En concreto por segundo ano, convocamos banco de kimonos e banco de libros.

No curso 2022/2023 houbo cambio de libros en 3º EP e para o curso 2023/2024 cambiarán os de 4ºEP. Por este motivo, o banco de libros este curso so puido ser para os de 4ºEP, que xa non os teñen que devolver. Finalizado o curso fíxose un chamamento ás familias para que doaran os de 3ºEP, que serán prestados a principios de curso ás familias solicitantes. Pode consultarse a información en [Prestacións da ANPA](#).

F. REDES SOCIAIS

Dende a ANPA seguen a manterse os perfís sociais (Instagram, Facebook e Youtube) para favorecer que a información chegue ao maior número de familias no formato que lles resulte máis cómodo. Ademais empregamos tutoriais de axuda de uso dos nosos servizos que se colgan nestas redes.

G. CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS Á NOVA DIRECTIVA

O día 24 de abril de 2023 terminaba o período de dous anos polo que foi elixida a Xunta directiva, polo que se convocaron eleccións o 30/01/2023. O calendario do proceso electoral comezou o 6 de febreiro e, como non se presentou ningunha candidatura alternativa antes do 6 de marzo, non foi preciso continuar o proceso e convocouse una Asemblea Extraordinaria o 20 de abril. Nesta reunión comunicouse aos asistentes a

renovación da Xunta Directiva que está composta por: unha presidenta, unha vicepresidenta, un tesoureiro, unha secretaria e seis vogais.

Toda a información está recollida na entrada do blog:

<https://milnenosgalego.blogspot.com/p/anpa.html?m=1>

13.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

ACTUALIZACIÓNS REALIZADAS POLO CONCELLO

Realizáronse case todas as solicitadas desde o centro, agás a reparación das pistas deportivas exteriores situadas ao carón do paseo marítimo. Segue a estar pendente de completar a reparación e a eliminación das arestas e das fendas no material vitrificado do edificio de educación primaria por ter causados numerosos incidentes entre os usuarios do centro en cursos anteriores. Tamén están pendentes as rehabilitacións dos aseos do alumnado do 2º e 3º andares (comprometidos en cursos anteriores por outras corporacións municipais).

Quedan pendentes de solucionar as seguintes necesidades:

EN EDUCACIÓN PRIMARIA/INFANTIL

- Insonorización da aula de música e de A.L.
- Portas de saída con sistemas de apertura antipánico.
- Reforma dos aseos do alumnado do 2º e 3º andares
- Cambio da fachada da parte traseira e laterais (pedido anteriormente)
- Segue a dar problemas a caldeira do aulario de Infantil, a pesar dos múltiples arranxos, non funciona correctamente.

PISTAS POLIDEPORTIVAS EXTERIORES

- Acondicionamento do pavimento.

NECESIDADES DE EQUIPAMENTO:

- Renovación dos ordenadores obsoletos.

ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO CENTRO

- . Arranxos puntuais non realizadas polo Concello

14.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO. (ANEXO I)

ANEXO II PLAN ANUAL LECTOR

ANEXO III BIBLIOTECA

ANEXO IV CLUBS DE LECTURA

ANEXO V EDUCACIÓN RESPONSABLE

CEIP EMILIA PARDO BAZAN

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingu a da edici ón
3º PR	MATEMAT.	COMUNIDAD ZOOM. MATEMATICAS 3. VICENS VIVES	9788468282831	C
3º PR	CASTELLANO	LENGUA.CONSTRUYENDO MUNDOS. SANTILLANA	9788468072012	C
3º PR	GALEGO	LINGUA. CONSTRUÍNDO MUNDO. SANTILLANA	9788491854098	G
3º PR	SOCIAIS	CONSTRUÍNDO MUNDOS. SANTILLANA	9788491854166	G
3º PR	NATURAIS	CONSTRUÍNDO MUNDOS. SANTILLANA	9788491854104	G
3º PR	INGLES	OPEN UP 3 CLASS BOOK WITH DIGITAL BOOK. OXFORD	9780194072618	I
3º PR	INGLES	OPEN UP 3 ACTIVITY BOOK+ALK WITH DIGITAL BOOK.OXFORD	9780194072373	I
4º PR	MATEMAT.	MATEMATICAS 4. PROYECTO COMUNIDAD ZOOM 2023. VICENS VIVES	9788468291857	C
4º PR	CIENCIAS SOCIAIS	4º PR. CC SOCIAIS CONSTRUÍNDO MUNDOS SANTILLANA	9788491856986	G
4º PR	CIENCIAS NATURAIS	4º PR. CC DA NATUREZA CONSTRUÍNDO MUNDOS. SANTILLANA	9788491856924	G
4º PR	CASTELLANO	LENGUA 4.PROYECTO COMUNIDAD ZOOM 2023. VICENS VIVES	9788468291949	C
4º PR	GALEGO	LINGUA 4. PROXECTO COMUNIDADE ZOOM 2023. VICENS VIVES	9788468292885	G
4º PR	INGLES	OPEN UP 4 CLASS BOOK WITH DIGITAL BOOK. OXFORD	9780194072885	I
4ºPR	INGLES	OPEN UP 4 ACTIVITY BOOK+ALK WITH DIGITAL BOOK. OXFORD	9780194072694	I

CEIP. EMILIA PARDO BAZAN

EDUCACION INFANTIL				
3 ANOS	GRAFOMOTRICIDAD	GRAFOMOTRICIDAD MONSTRUOSA 1. EDITORIAL ANAYA	9788469829844	C
3 ANOS		¿CUÁNTOS HAY? NIVEL 1. EDITORIAL ANAYA	9788469876961	
4 ANOS	MATEMATICAS	MUCHAS MATES. ALGAIDA CUADERNO4 CUADERNO 5 CUADERNO 6	9788498775792 9788498775808 9788498775815	C (5)
4 ANOS	LECTO-ESCRITURA	LETRILANDIA CUADERNO DE ESTCRITURA Y PAUTA MONTESORI. EDELVIVES CUADERNO 1 (VOCALES)	9788426371393	C (5)
5 ANOS	MATEMÁTICAS	LIBRO DE MATE + "MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS". CADERNOS 1, 2 e 3. EDITORIAL SANTILLANA	9788468059075	C
5 ANOS		MOLALETRA NIVEL 3 PAUTA. EDITORIAL EDELVIVES	9788414007761	C

- (1) SÓ PARA AS CLASES DE 2º A e 2º B
- (2) SÓ PARA A CLASE DE 2º C
- (3) SÓ PARA A CLASE DE 2º A
- (4) SÓ PARA A CLASE DE 2º B
- (5) SÓ PARA A CLASE DE 5º INFANTIL A (VICKY)

A Coruña, 20 de Xuño de 2023.
A Directora



Asdo.: M^a Aurora Candal Miranda

**PLAN ANUAL DE
LECTURA**
CURSO 2022/2023

**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN - A
CORUÑA**

ÍNDICE

ÍNDICE	1
1. BASEAMENTO	2
2. OBXECTIVOS	2
3. ORGANIZACIÓN	3
4. PROCEDIMIENTO, TEMPORALIZACIÓN E SEGUIMIENTO	4
5. SECCIÓNS	9
6. RECURSOS	9
7. ACTIVIDADES COMUNIDADE	9
11. AVALIACIÓN	10

1. BASEAMENTO

Este documento basearase no anterior PLC (cuxa data de aprobación foi no ano 2009) e no proxecto de biblioteca para o presente curso.

A inclusión nos programas de Biblioteca creativa, de Radio na biblio e clubs de lectura incentiva a realización de actividades que poñan en valor a inversión realizada nos espazos da biblioteca.

O centro participa e está inmerso en distintos proxectos como son: EDIXGAL, Horto escolar, Teatro e PLAMBE, que tamén fomentarán a lectura e escritura desde os seus respectivos ámbitos.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se enuncian serán os que consideramos prioritarios:

- Fomentar a BE como espazo de actividades de fomento da lectura e escritura.
- Utilizar as diferentes seccións da biblioteca como fonte de información e divertimento, favorecendo o traballo en equipo e a colaboración.
- Mellorar as competencias lingüísticas entre o alumnado.
- Estimular e desenvolver a lectura como hábito cotiá.
- Dinamizar a través de actividades diversas a BE como centro de recursos para o proceso de E/A integrado no currículo e integración das distintas áreas do currículo.
- Fomentar a participación nas prácticas de lectura de toda a comunidade educativa.
- Obter a colaboración das familias no desenvolvemento dos hábitos de lectura.
- Adquirir por parte do alumnado unha actitude positiva cara os hábitos de lectura e escritura.
- Procurar que o hábito de lectura sexa un recurso útil e pracenteiro.
- Fomentar o análise crítico da información.
- Achegar ao alumnado novas linguaxes e a utilización das TIC como ferramenta nos traballos de investigación.

3. ORGANIZACIÓN

O centro está integrado no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) desde o curso 2018/2019, o que supuxo un impulso ao desenvolvemento de diferentes actividades promovidas desde a biblioteca escolar.

Destacar que todas as aulas dispoñen dunha biblioteca de aula, que combina libros de ficción e non ficción, ademais dun ordenador de docente conectado a un EDI que pode utilizarse para procurar información e acceder a todo tipo de lecturas. Nos cursos de 5º e 6º de EP dispoñen dun ordenador portátil por alumno/a con acceso a internet e a distintas plataformas educativas, dentro do proxecto EDIXGAL.

Concibimos a biblioteca escolar como unha biblioteca expandida na que a través dos espazos tratamos de promover, desenvolver e consolidar o hábito lector desde distintas perspectivas. Na planta baixa está a sección de literatura, adicada á lectura dos fondos de ficción e ao desenvolvemento de actividades de fomento da lectura. A colección está organizada por seccións de prelectores, primeiros lectores, lectores autónomos, lectores expertos, adultos, libros en inglés, libros de lectura fácil e revistas, ademais de zona de consulta en ordenador, fondos audiovisuais e zona de xogos de mesa. No segundo andar atópase a sección de libros de non ficción, fomento da linguaxe de programación e robótica, zona artístico-creativa, zona de investigación e zona de desenvolvemento de proxectos audiovisuais, incluíndo o estudio de radio, equipado cos recursos necesarios para gravar, reproducir e emitir as producións do alumnado.

Os espazos da biblioteca están abertos durante toda a xornada escolar para a utilización por parte da comunidade educativa. Todas as tardes, agás os luns, a biblioteca abrirá para que a comunidade educativa utilice, en horario de 16 - 18h., os recursos da biblioteca, podendo utilizar o carné da biblioteca para levar libros dos diferentes espazos emprestados, tamén se realizarán actividades programadas polo equipo de biblioteca. Cada espazo ten un horario de uso que será acordado co profesorado para facilitar a coordinación das distintas zonas.

Nos recreos a utilización será libre por parte do alumnado a ta acadar o aforo máximo en cada un dos espazos. O alumnado voluntario de 6ºEP axudará en distintos labores de formación, xestión de fondos, dinamización da lectura e dos espazos. Están acompañados por mestres/as do equipo de biblioteca.

No tempo de Lectura Silenciosa Sostida (Hora de ler) nalgunha das seccións da biblioteca poderán organizarse actividades que fomenten a lectura e escritura.

4. PROCEDIMIENTO, TEMPORALIZACIÓN E SEGUIMIENTO

Toda a comunidade deberá contribuír no desenvolvemento do Plan Anual de Lectura (PAL), aínda que en especial o claustro deberá asegurar o seu cumprimento, quedando no equipo de biblioteca a responsabilidade de facer un seguimento e avaliación durante o curso.

4.1. ITINERARIOS DE LECTURA

E.I.

Utilizáronse os libros das bibliotecas de aula de cada un dos grupos. En 6º distribuíronse mochilas de fin de semana en tres grupos de 6ºEI:

Why the face?	Guapa	Todos menos uno
Maisy goes to the fair	La hija de Grifalo	¡Ni en sueños!
You smell	Bill y Janet	A princesa que bocexaba a todas horas
Buenas noches, océano	Gotitas	Cierra los ojos
Versos para ir a dormir	Quiquiricosas	Irmáns!
El abrazo	Non fai falta a voz	Voy a portarme muy bien
Poipoi y Tito se quieren	Leopoldo, o pequeno monstro	El Pequeño Olaf tiene una idea
Atascado	O PARAUGAS DE CEBRA	Quen é ese becho?
Chester : El oso extraterrestre	Facer dedo	Barbosa el pirata
Alika	Ovelliña díme la	Cinco minutíños máis
Nunca hagas cosquillas a un tigre	Stomp, chomp, Big roars! : Here come the dinosaurs!	El león y el pájaro
O pirata valente	Reading makes you feel good	Ratos na escola
Bechopoemas e outras bestas	¡Sorpresas en casa!	Chofer de sandías
O can de Milu	As tres curuxiñas	Quien hay dentro?
Ba	O segredo de Flora	En el cielo
Ra de tres ollos	Revoltng things to touch and feel	DEAR ZOO
Monstro rosa	Distinta	Happy Christmas : from The very hungry caterpillar
No bosque		The very hungry caterpillar
Corvo		

Con libros en lingua Galega, Lingua Castelá e inglés.

1º - 2º EP

Léronse diversos libros e coleccións da biblioteca de aula.

3º - 4º EP

ESMORÍS, E. Patio de luces. Xerais. 2020

FERNÁNDEZ, A.No corazón do bosque. Xerais. 2007

5º - 6º EP

RIVAS, M. A nena lectora. Xerais. 2021

4.2. RUTINAS DE LECTURA

Son actividades sistemáticas que se realizarán durante todo o curso.

- *Programa de “Lectura Silenciosa Sostida”*, do que o centro foi pioneiro na súa implantación e que xa é unha tradición asentada entre profesorado e alumnado. Consiste na lectura libre por parte de todos os integrantes do centro dunha lectura libre durante 20’. O horario deste momento de lectura libre para todos os membros da comunidade escolar foi todos os días en horario de 12:00 - 12:20h.. Esta lectura silenciosa combinou nos diversos cursos a lectura en voz alta, fragmentada, simultánea, entre outras.
- Reservouse unha sesión en cada un dos espazos da biblioteca para uso por parte dos titores/as durante o curso.
- *Actividade internivel* realizáronse diversas lecturas compartidas por parte do alumnado voluntario de biblioteca a outras aulas do centro, especialmente de EI.
- *Obradoiros* na sección *STEAM* para o traballo de outros tipos de lectura e escritura, cos obradoiros de deseño 3D e coa utilización do libro de pensamento computacional “Paaeando co EscornaEmilia” na mochila robótica de 2ºEP.
- *Mochilas vixeiras*: O alumnado de 4º de EI tivo desde o mes de outubro ata maio uns cadernos de promoción da lectura xunto cun caderno no que ir lembrando os hábitos lectores. Tres grupos de 6º EI levaron fondos todos os venres da biblioteca para que poidan gozar deles coas súas familias. O alumnado de cada grupo de 5º de EP accedeu a dúas mochilas vixeiras, a produción escrita nos cadernos vixeiros non foi moi grande. Os grupos de 2º de EP dispuxeron durante unha semana da mochila robótica con libros e recursos relacionados coa robótica e o pensamento computacional.
- *Tédelos que coñecer!* Repartíronse cada trimestre as caixas de recomendacións a cada grupo de EP.

- *Actividades en horario extraescolar*, realizáronse catro grupos de lectura en castelán e galego e outros catro grupos en inglés, un grupo de club de lectura de ficción dixital, tamén houbo un club de lectura de mestras/es. Para máis información consultar a memoria dos Clubs de lectura. Un grupo de Diálogos filosóficos.
- A amizade nun libro. Realizáronse tres xornadas, unha por trimestre, na que o alumnado de maior idade compartía lecturas cos máis pequenos na hora de ler.
- *Radio escolar*. realizáronse numerosas gravacións orais de podcast con contido preparado por escrito previamente. Preparáronse entrevistas, monográficos e lecturas. Completáronse 3 programas contedor (Onda Ti) ao longo do curso.
- Promoción da poesía a través da megafonía do centro. Nas entradas Durante o mes de outubro e marzo soou por megafonía diferentes membros da comunidade educativa do centro recitando poesías dentro da iniciativa “Poesía para comezar o día”.
- Aulas acudiron semanalmente á biblioteca para a lectura de libros e levar libros emprestados co carné da biblioteca.
- Realizáronse actividades sistemáticas nas aulas: Manipulación e manexo de contos, lectura de contos (en gran grupo), formulación de preguntas sobre o conto, invención de principios e finais diferentes para contos, creación de contos, gravación de contos en audio ou vídeo, dramatización de contos, lectura de imaxes (individual e colectiva), secuenciación e ordenación de imaxes, lectura en distintos soportes: libros, fotos, multimedia, música, entre outras, iniciación en diferentes tipos de textos: contos, poesías, receitas, actividades multimedia de animación á lectura interactuando e facilitando o achegamento ás TIC, iniciación na procura da información, elaboración de pareados co vocabulario dos contos, identificación das partes dun libro: títulos, personaxes...

4.3. PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

No PDI Galeguízate! realizáronse producións escritas e orais, leuse e procurouse información na web con recursos seleccionados previamente. Creáronse produtos audiovisuais transformando a información recollida. realizáronse obradoiros de procura de información e de como tratala de xeito ético, estas procuras transformáronse en producións artísticas, escritas ou orais, tamén se realizaron escaletas e storyboards para a transformación das lecturas en contido audiovisual.

4.4. ACTIVIDADES PUNTUAIS

Realizaranse sesións de *formación de usuarios* para todo o alumnado e profesorado de EP, elaborouse unha nova guía de formación e vídeos mostrando a evolución e recunchos dos espazos da biblioteca escolar..

Celebráronse *efemérides e conmemoracións*, como a “Semana de...” na que se trataron diversas actividades temáticas como a ciencia, a muller, a paz, a poesía e o libro, entre outras.

Distribuíronse de xeito dixital dúas guías de lectura, unha no mes de decembro e outra no mes de xuño.

A partires de novembro houbo unha *exposición* de libros de diversas temáticas nos expositores habilitados no corredor de entrada ao centro e na entrada da biblioteca.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Sesiões de formación de usuario para a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familia).	Actividade do PDI para a celebración do Día da Paz.	Exposición e/ou actividades Día do Libro.
Actividades de apertura da biblioteca.	Exposición de libros para o Día de Rosalía.	Actividades e/ou exposición Día das Letras Galegas 2022.
Exposición permanente de libros relacionados co PDI	Exposición e actividades para o Día da Muller traballadora	Guía de recomendacións de verán.
Exposición temporal libros para o Samaín, ciencia e Nadal	Exposición e actividades para o Día da Poesía.	Concurso "Os leóns Dourados".
Actividades motivación PDI	Obradoiro de poesía	Exposicións orais do PDI
Encontros con autores/as.	Visitas á Biblioteca Municipal	Encontros con autores/as
Concurso relacionado co proxecto.	Actividades de creación artística relacionada coa lectura e interpretación de imaxes.	Clubs de lectura
Guía de recomendacións de inverno.	Encontros con autores/as.	Diálogos filosóficos
Elaboración de podcast e programa de radio "Onda Ti".	Concurso relacionado co proxecto.	Visitas á BE IES Salvador de Madariaga
Actividades de creación literaria.	Obradoiros de procura de información e comunicación desta.	Visitas á Biblioteca Municipal
Actividades de creación artística relacionada coa lectura e interpretación de imaxes.	Obradoiros de introdución á linguaxe de programación.	Desenvolvemento e difusión do proxecto de teatro "O bosque animado".
Clubs de lectura	Desenvolvemento do proxecto de teatro "O bosque animado"	Diálogos filosóficos
Diálogos Filosóficos.	Obradoiros de deseño de imaxes en 3D.	"Unha poesía para comezar o día" e "Unha poesía para rematar o día"
Concurso de Microrrelatos	Clubs de lectura	Concurso relacionado co proxecto.
"Unha poesía para comezar o día" e "Unha poesía para rematar o día"	Diálogos filosóficos	
Desenvolvemento do proxecto de teatro "O bosque animado"	"Unha poesía para comezar o día" e "Unha poesía para rematar o día"	

5. SECCIÓNS

O concepto que pretendemos desenvolver na nosa biblioteca escolar é o dunha biblioteca distribuída, que desenvolva o traballo colaborativo, en rede e nutríndose de diversos ámbitos, incentive e favoreza a creatividade. Por este motivo fisicamente hai dous espazos específicos, un na planta baixa, dirixido á lectura informal e aos fondos da colección de ficción para todas as idades, e outro no segundo andar, multidisciplinar, no que se fomentará a exploración, a creatividade, o traballo en equipo, o coñecemento, no que haberá recursos de diversa índole, ademais dos fondos informativos e de referencia, acompaña no segundo andar o estudio de radio.

Por outro lado seguimos a actualizar e catalogar os fondos das seccións de aula, adaptándoos ás idades dos nenos/as e aos seus intereses, así como fondos que sexan de utilidade para os docentes no seu traballo diario na aula.

6. RECURSOS

O equipo de biblioteca encargouse de dinamizar e de apoiar as actividades de fomento da lectura e escritura que se desenvolvan no centro.

O labor na promoción da lectura tamén está desenvolvido polo EDLG, EACE e Teatro programando actividades nas que a lectura e escritura teñen unha especial relevancia.

O Equipo de Dinamización das TIC tamén favoreceu o multialfabetismo por medio de diversas iniciativas.

Os titores/as e mestres/as especialistas desde as súas aulas promoveron e utilizaron a lectura a cotío tal e como se reflicte nas súas programacións.

O que conforma un claustro comprometido co desenvolvemento da lectura entre o seu alumnado.

7. ACTIVIDADES COMUNIDADE

Visitáronse diversas bibliotecas de xeito presencial, como foron a Biblioteca Municipal de Los Rosales e a Biblioteca escolar do Instituto IES Salvador de Madariaga. Mantívose unha colaboración permanente coa BM nos clubs de lectura e outras iniciativas, ademais coa BE do IES Salvador de Madariaga a través da elaboración, xunto co alumnado de 6ºEP do noso centro dun conto viaxeiro, ademais da lectura da mesma obra nos clubs de lectura de 1º ESO e 6ºEP, realizando unha sesión final conxunta.

Algunhas familias acudiron ao centro para compartir experiencias co alumnado tanto na propia aula como nos espazos da biblioteca. Ademais realizáronse sesións de fomento da lectura en horario extraescolar coas familias do centro.

11. AVALIACIÓN

Seguíronse os criterios establecidos no Proxecto de Biblioteca para o presente curso:

Indicadores de éxito

1. Fomentar a BE como espazo de actividades de fomento da lectura e escritura.

- Desenvolvemento do Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida.
- Realización de actividades, polo menos unha mensual a partires de novembro, de lectura internivel.
- Organización de polo menos unha visita por grupo de autores/s, ilustradores/as, contacontos e outros profesionais relacionados coa lectura da imaxe.
- Organización de visitas (presenciais ou virtuais) a outras bibliotecas, de xeito que todos os grupos coñezan outras bibliotecas da contorna.
- Desenvolvemento de actividades para a radio.
- Elaboración dunha guía dixital para as vacacións de inverno e outra para as de verán.
- Desenvolvemento de actividades para o Día das Escritoras, Día da Biblioteca, Novembro mes da ciencia, Nadal, Día da Paz, Rosalía de Castro, Día do Libro e Letras Galegas.

2. Utilizar as diferentes seccións da biblioteca como fonte de información e divertimento, favorecendo o traballo en equipo e a colaboración.

- Elaboración do calendario de visitas e sesións permanentes nas seccións da BE.
- Planificación de actividades para o desenvolvemento de estratexias de investigación.
- Obradoiros para o desenvolvemento do PDI.
- Actividades que ensinen a elaborar traballos de documentación.
- Actividades para ensinar ao alumnado a realizar citas bibliográficas de xeito ético.
- Actividades para a alfabetización múltiple: lectura de imaxes, películas, hipertexto...
- Actualización dos fondos das seccións de aula.

3. Mellorar as competencias lingüísticas entre o alumnado.

- Desenvolvemento de actividades tanto na aula como a nivel de centro que impliquen a expresión oral.
- Desenvolvemento de actividades nas que o alumnado elabore diferentes tipos de textos.

4. Estimular e desenvolver a lectura como hábito cotiá.

- Desenvolvemento do programa de Lectura Silenciosa Sostida.
- Desenvolvemento de actividades de lecturas compartidas.
- Distribución de mochilas viaxeiras en EI e EP.

5. Dinamizar, a través de actividades diversas, a BE como centro de recursos para o proceso de E/A integrado no currículo e integración das distintas áreas do currículo.

- Planificación de actividades para o desenvolvemento de estratexias de investigación.
- Obradoiros para o desenvolvemento do PDI.
- Actividades que ensinen a elaborar traballos de documentación.
- Distribución das caixas “Tédelos que coñecer!” ás aulas.

6. Fomentar a participación nas prácticas de lectura de toda a comunidade educativa.

- Organización de distintas actividades de Vós contades! dirixido ás familias.
- Intercambio de experiencias con expertos para mostrarnos as súas experiencias e coñecementos.
- Organizar ao longo do curso polo menos catro actividades dirixidas ás familias dentro do programa “Biblioteca e familia”.
- Organización de actividades en colaboración con Asociacións ou outras entidades sen ánimo de lucro.

7. Obter a colaboración das familias no desenvolvemento dos hábitos de lectura.

- Organización de actividades coa colaboración das familias ou dirixidas a elas.
- Posta en marcha das Mochilas viaxeiras en EI e EP.
- Dinamización da sección e zona para nais e pais.
- Fomento da lectura en familia nos fogares a través da distribución de material específico nos cursos de 4º e 5º de EI.

8. Adquirir por parte do alumnado unha actitude positiva cara os hábitos de lectura e escritura.

- Organización de varias actividades de Vós contades! elaboradas polo alumnado.
- Organización e desenvolvemento de tres xornadas de lectura compartida a nivel de centro (apadriñamento lector).
- Participación de xeito activo na hora de lectura diaria.

9. Procurar que o hábito de lectura sexa un recurso útil e pracenteiro.

- Utilización da lectura na procura de información.
- Aumento dos préstamos de libros nas bibliotecas de aula e na biblioteca.
- Aumento do nivel de comprensión lectora do alumnado.


10. Fomentar o análise crítico da información.

- Lectura de distintos tipos de textos de ficción e de información na aula.
- Desenvolvemento de actividades para o ensino da procura de información en internet.
- Elaboración de traballos de investigación nas aulas.

11. Achegar ao alumnado novas linguaxes e a utilización das TIC como ferramenta nos traballos de investigación.

- Planificación de polo menos unha actividade ao longo do curso para o ensino e desenvolvemento de estratexias de investigación.
- Desenvolvemento dunha actividade para o traballo do multialfabetismo.
- Desenvolvemento de actividades para o ensino da procura de información en internet.
- Desenvolvemento de actividades nas que se utilice a programación de robots ou doutros dispositivos.

MEMORIA PEDAGÓGICA



CURSO 2022/2023 CEIP EMILIA PARDO BAZÁN (A CORUÑA)

Directora

Responsable da B.E.

M^a Aurora Candal Miranda

Diego A. López Rodríguez

ÍNDICE

1. Grao de cumprimento dos obxectivos propostos no programa inicial	2
1.1. Organización e xestión	2
1.2. Dinamización e promoción dos recursos	3
1.3. Formación de usuarios/as	4
1.4. Fomento da lectura	4
1.5. Outras actuacións	5
2. Actividades desenvolvidas	5
2.1. Xestión técnica	5
2.2. Fomento da lectura	7
Actividades de carácter continuo	7
Actividades de carácter puntual	14
2.3. Educación para a competencia en información	18
2.4. Outras	20
3. Avaliación	23
3.1. Indicadores	23
3.2. Enquisas	27
PROFESORADO	28
FAMILIAS	30
ALUMNADO	31
3.3. Estatísticas	33

1. Grao de cumprimento dos obxectivos propostos no programa inicial

1.1. Organización e xestión

O equipo de apoio está composto por 10 mestras/es, que é unha representación do claustro con profesorado das dúas Etapas (infantil e primaria), dos distintos ciclos e especialidades, está formado por docentes con destino definitivo no centro. Os membros do equipo tiveron un total de 15 sesións de dedicación á dinamización da biblioteca no seu horario semanal.

A colección xestionouse a través do programa KOHA. O programa de xestión utilízao o profesorado do equipo para realizar os labores de préstamo e devolucións. No equipo hai un grupo que se ocupa de realizar a catalogación dos novos fondos, dar de baixa aqueles que son expurgados, xestionar os carnés de alumnado e profesorado, ademais de extraer as estatísticas do programa. O alumnado tamén utiliza KOHA para xestionar os empréstimos e devolucións nos recreos en ambos espazos da biblioteca.

A biblioteca do CEIP Emilia Pardo Bazán ten dúas salas, unha situada na planta baixa e outra no segundo andar. Realizamos unha expurgación daqueles fondos que non cumprían cos criterios establecidos polo equipo nas reunións de principio de curso, estando previsto volver a realizala no mes de xuño.

A sala do segundo andar, BiblioLab, trátase dun centro de recursos para a aprendizaxe na que teñen cabida os fondos de carácter informativo do centro, recursos de robótica, experimentación, creatividade e construción, artística, investigación e o estudio de radio “Emilia na Onda”, quedando na sala da planta baixa toda a literatura, publicacións periódicas e audiovisuais. No corredor de entrada temos unha exposición permanente de libros de Emilia Pardo Bazán ou relacionados con ela. O museo do libro na actualidade atópase na sala de mestras á espera de atoparlle unha nova situación.

Proseguiu a catalogación dos fondos seguindo os criterios establecidos pola CDU. Continuamos revisando e actualizando as bibliotecas de aula, para centralizar todos os fondos e que cada sección teña libros axeitados as idades dos nenos/as. Seguimos cos cinco niveis de lectores (Prelectores, Primeiros lectores, lectores autónomos, lectores expertos e adultos).

MEMORIA

Continuouse coa catalogación das obras que forman parte das bibliotecas de aula, xa que a moitas delas non estaban rexistradas no programa KOHA, esta tarefa aínda está en proceso, pero cun número xa moi reducido.

As novas adquisicións que se realizaron tiveron en conta os criterios establecidos polo equipo nas primeiras reunións do curso e trataron de incrementar as obras en lingua galega e os libros de non ficción, dentro destes últimos prestamos especial atención aos libros relacionados co PDI Galeguízate! adicado á investigación sobre o patrimonio material e inmaterial de Galicia. Continuamos coa inversión en recursos que favorecesen a igualdade e a inclusión tanto para ao alumnado como para familias e profesorado.

Continuamos coas subscricións a publicacións periódicas como Caracola, Reportero DOC, O Papagaio, Principia Kids e I Love English.

Colaboramos co DO na difusión entre o profesorado e alumnado do centro dos libros de lectura fácil da biblioteca e dos recursos favorecedores da inclusión de todo o alumnado.

Cumprindo cun dos requisitos da convocatoria do PLAMBE constituímos a comisión de biblioteca dentro do Consello escolar, da que se celebrou unha reunión no inicio de curso e está previsto manter outra no mes de xuño. Nela están representados profesorado, equipo directivo, familias, ANPA, concello de A Coruña, BM de Los Rosales e a coordinadora da BE do IES Salvador de Madariaga, que é o centro de referencia para os nenos/as que rematan 6º de Educación Primaria.

1.2. Dinamización e promoción dos recursos

Continuouse coa difusión os recursos e as actividades desenvolvidas a través do blog Biblioteca EPB e os perfís nas redes sociais Twitter e Instagram. No blog atópanse enlazados o catálogo de fondos, ademais da Guía de usuario/a, vídeo para coñecer os espazos e a presentación que utilizamos para realizar a formación tanto de alumnado, profesorado e familias.

Realizáronse exposicións periódicas coas que tratamos de poñer de relevo fondos da colección que consideramos tiñan que ser coñecidos pola comunidade educativa. Co mesmo obxectivo elaboramos unha caixa de recomendacións (Tédelos que coñecer!), para cada curso de Educación Primaria ademais seguimos contribuindo ao desenvolvemento do Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida (Hora de ler).

Programáronse distintas visitas de autores/as e familias a través de “Vós contades!”, compartindo co alumnado, ben como expertos nun determinado tema para explicalo ao alumnado, ben como narradores/as de historias, experiencias de xeito presencial.

Durante os recreos realizáronse obradoiros de diversas temáticas dentro do programa VenreXperimentos.

1.3. Formación de usuarios/as

Neste curso o programa de Axudantes Voluntarios da biblioteca deseñouse de xeito que nos dous primeiros trimestres e primeiro mes do terceiro participou o alumnado de 6ºEP, incorporándose no último mes do segundo trimestre, ata final de curso, o alumnado de 5ºEP, así o alumnado de 6º ensinou e axudou a coñecer os labores do voluntariado ao de 5º para que puidesen ser autónomos. Participaron un total de 27 alumnos/as de 6º EP e 42 de 5ºEP.

Programáronse en setembro sesións de formación para o alumnado voluntario, que se repetiron no segundo trimestre para as nenas/os de 5ºEP.

No mes de setembro actualizouse a Guía da biblioteca aos novos recursos e espazos. Este documento utilizouse para as sesións de formación que se realizaron no mes de setembro de profesorado, alumnado e familias.

1.4.Fomento da lectura

Seguindo o Plan Anual de Lectura (PAL) programáronse diversas iniciativas para o fomento da lectura, como foi o programa Tédelos que coñecer!, no que se trasladaban ás aulas os fondos da biblioteca que o equipo consideraba que debían difundirse entre o alumnado.

Nos grupos de 6º de EI todos os venres foi ás casas do alumnado un libro para a lectura en familia, estes fondos foron facilitados pola biblioteca nas mochilas de fin de semana. En 5º de EP cada grupo tivo dúas mochilas con fondos diversos para toda a familia. Nos grupos de 2ºEP viaxou polas casas do alumnado a mochila robótica, cada mochila estaba durante unha semana nos fogares do alumnado, con libros relacionados cos robots, cun escornabot e co libro de Paseando con Emilia realizado hai dous cursos co que se traballa o pensamento computacional.

Realizáronse exposicións de distintas temáticas na entrada da biblioteca e corredores do centro.

Recibimos visitas, de xeito presencial, dalgún autor/a ao longo do curso, que compartiron opinións sobre as súas obras.

No mes de decembro e xuño distribúense de xeito dixital entre a comunidade educativa guías de lectura con recomendacións de obras para as distintas idades, xéneros e idiomas.

Desenvolvéronse en horario extraescolar iniciativas quincenais como os Clubs de lectura Bolboretas lectoras e Viaxeiros por papel para 6º e 5º de Educación Primaria, e mensuais

MEMORIA

como os Book Clubs (BookLand e BookWorms -clubs de lectura en inglés-) para o alumnado de 5º e 6º de EP e Os Papalibros para o alumnado de 4ºEP, ademais de Entre Liñas, o club de lectura de mestras/es. Tamén se realizou, con periodicidade mensual, a actividade de Diálogos Filosóficos. No terceiro trimestre realizáronse dúas sesións do club de xogo ENRE2 EPB, no que se aborda a lectura de obras de ficción dixital.

1.5. Outras actuacións

O estudio de radio de Emilia na Onda seguiu funcionando como espazo de aprendizaxe. O alumnado de 4º e 5º de E.P. comezou a súa formación a través de obradoiros por parte de Laboratorio de Radio. e 4º tamén recibiu formación nunha sesión cun equipo de Radio Voz.

Actividades conmemorativas e celebracións do “Día de...”, organización de concursos, obradoiros...

2. Actividades desenvolvidas

2.1. Xestión técnica

O equipo de Biblioteca está composto por un total de 10 mestres/as. O equipo é unha representación do claustro, estando presentes membros das diferentes etapas, ciclos e especialidades. Está programada unha reunión mensual de coordinación. Os aspectos máis relevantes foron comunicados na CCP, na que está presente o responsable do equipo, reunións de ciclo, que aínda se manteñen no centro, e nos claustros, ademais de nas reunións da Comisión de Biblioteca.

Realizáronse as tarefas técnico-organizativas para o mantemento da colección. Seguimos a CDU para o rexistro da colección, para rexistrar e ter control do seu uso utilizamos o programa KOHA, tendo un ordenador en cada sala preparado para realizar a xestión dos fondos. Realizouse unha expurgación no mes de setembro e outra prevista para o mes de xuño.

Continuouse cos labores de empréstimo nos recreos para o alumnado e para os mestres/as durante o horario lectivo, estes labores desenvolveunos o equipo de voluntarios de biblioteca de 6º e 5º de EP. Polas tardes ambos espazos estiveron abertos coas gardas de todo o profesorado do centro de martes a venres de 16-18h.

En ambos espazos sinalizouse e adaptouse a disposición do mobiliario ás necesidades do centro e tratando de darlle personalidade propia a cada sala e facilitar o seu uso cotiá.

MEMORIA

Actualizáronse os fondos da biblioteca tendo en conta os criterios de adquisición establecidos polo equipo, dando prioridade aos fondos relacionados con Galicia, prestando atención especial a obras relacionadas co patrimonio material e inmaterial, as obras en lingua galega, poesía e cómic.

Adquiríronse fondos bibliográficos, diverso material para poder desenvolver o proxecto da radio, continuamos coa subscrición a distintas publicacións periódicas (Caracola, Reportero DOC, Principia Kids, I love English e O Papagaio) e a servizos na rede (Vimeo), xogos educativos, fondos de ficción dixital, recursos de robótica, recursos de experimentación e investigación, materiais artísticos e de estimulación sensorial, entre outros.

Todas as aulas e os mestres/as de EP recibiron unha sesión de formación no mes de setembro, antes da apertura da biblioteca, por parte do equipo de biblioteca en ambas salas para que coñecesen o seu funcionamento e organización, para que houbera un uso satisfactorio.

Facilitouse ao profesorado unha hora semanal de acceso a ambos espazos da biblioteca (biblioteca e biblioLab) para que puidesen desenvolver os traballos de investigación ou de fomento da lectura. Neste horario as titoras facían o préstamo das obras de xeito autónomo ao seu alumnado ou ben deixaban na zona de xestión a selección do seu alumnado para que posteriormente algún membro o equipo efectuase o préstamo no ordenador e logo se levase á respectiva aula.

2.2. Fomento da lectura

Actividades de carácter continuo

MEMORIA

LECTURA SILENCIOSA SOSTIDA (Hora de ler)

Continuouse con este proxecto de fomento da lectura que consiste na lectura libre durante 20' a continuación do recreo. A cada curso de Educación Primaria facilítouse un lote de libros de “Tédelos que coñecer!” que posteriormente explicaremos. Este programa desenvólvese no centro desde o ano 2004. En ocasións neste tempo desenvolvéronse lecturas compartidas organizadas polo alumnado voluntario do equipo de biblioteca.

MEMORIA

MOCHILAS VIAXEIRAS

Cada grupo de **5º de E.P.** tivo dúas mochilas para que todo o alumnado tivese a oportunidade de gozar das obras que contiña polo menos durante dez días, o proceso de préstamo xestionouse por parte do equipo de biblioteca, coordinando as chegadas e saídas. Seleccionáronse os fondos que contiña cada unha das mochilas con obras en galego, castelán e inglés, de poesía, narrativa, música, cómic, un libro de Emilia Pardo Bazán e unha revista. Incluímos tamén un caderno viaxeiro, no que as familias puideron reflectir as súas opinións libremente.

En **6º de EI** houbo outro tipo de mochilas, as de fin de semana, nas que a biblioteca seleccionou tantos fondos como alumnos/as había en dous dos grupos. Nesta selección había libros en distintos idiomas (galego, castelán e inglés) e xéneros (para ler, para ver, para escoitar, para coñecer e para descubrir). Estas mochilas viaxaban cada fin de semana a casa do alumnado, cada semana levaron un libro distinto.

No mes de outubro facilitouse uns cadernos de fomento da lectura en familia e un caderno ás familias de **4ºEI** e que tiveron na súa casa ata o mes de maio.

En **2ºEP** programamos a partir do mes de outubro a mochila robótica, que estaba de luns a luns nas casas do alumnado, con diversos recursos relacionados coa robótica, como eran dous libros, un de ficción e outro de non ficción, un escornabot, un lote de elaboración propia para desenvolver o pensamento computacional e un caderno viaxeiro.



MEMORIA

TÉDELOS QUE COÑECER!

Selección de obras recomendadas pola biblioteca. En cada caixa hai unha obra por alumno/a e son de carácter diverso, xa que había libros de ficción (narrativa, poesía, cómic) e non ficción en distintos idiomas, ademais de revistas. Estas caixas estiveron nas aulas durante todo o trimestre formando parte da súa biblioteca de aula, ao finalizar este período intercambiáronse entre os grupos do mesmo nivel. A selección fíxose en función das idades dos nenos/as, novidades, obras que non eran moi emprastadas, pero con moita calidade, entre outras.



CLUB DE LECTURA

Desenvolvéronse seis clubs de lectura ao longo do curso:

Os Papalibros, club de lectura de alumnado de 4ºEP con reunión cunha periodicidade mensual e unha duración de 60'.

Viaxeiros por papel. Club de lectura de alumnas/os de 5º de EP cunha peridicidade quincenal cunha duración de 60 minutos.

Bolboretas lectoras. Club de lectura de alumnas/os de 6º de EP que se reuniron na biblioteca. cunha peridicidade quincenal e unha duración de 60'.



Dúas mestras do equipo realizaron o labor de mediación en colaboración coas bibliotecarias da BM de Los Rosales, que ademais de facilitar os libros para os clubs tamén realizaron labores de mediación e algunha acción. Cada club tiña o seu recuncho na biblioteca municipal con libros relacionados coas obras lidas. Tamén colaboramos con outras BE.

MEMORIA

BookWorms Club. Dirixido a alumnos/as de 6º de EP cunha periodicidade mensual e unha duración de 60´.

BookLand Club, dirixido a alumnado de 5ºEP. cunha periodicidade mensual e unha duración de 60´

A actividade estivo xestionada e guiada pola mestra especialista de inglés que forma parte do equipo de biblioteca. As obras en inglés que leron xa formaban parte dos fondos da biblioteca do noso centro ou adquiríronse. Na biblioteca municipal había un recuncho con libros en inglés relacionados coas lecturas de cada sesión. Tamén tiveron encontros con autores/as e outras actividades relacionadas coa lectura.

Entre Liñas, club de lectura do profesorado, cunha periodicidade mensual e unha duración entre 60-90´.

ENRE2 EPB. Comezouse este club de lectura de ficción dixital, no que alumnado e familia puideron achegarse a dous videoxogos: GNOG e Botanicula.

DIÁLOGOS FILOSÓFICOS


Esta actividade desenvolveuse con periodicidade mensual na que alumnado de 4º acudiu á biblioteca a dialogar sobre diferentes temas que se completaban con algunha actividade artística. Esta proposta está baseada na Filosofía para Nenos.



MEMORIA

VÓS CONTADES!

Este programa de lecturas compartidas realizouse polo equipo de voluntarios/as de 6º de EP. Neste curso realizáronse sesións de contacontos para alumnado de Educación Infantil e Primaria de obras de ficción e non ficción como “A pequena eiruga larpeira”, “No pierdas de vista al lobo”, “A toupiña que non sabía...”, “A que sabe a lúa”, “El perro en la Luna”, “La leyenda de Gerión”, “El gigante más elegante”, “Amigos”, “Conmigo” e a obra de teatro de Don Quixote. A isto engadiuse a colaboración das familias na lectura de diversas obras para iniciativas como “Poesía para comezar o día” ou outras da radio.



EMILIA NA ONDA (radio na biblio)

Os mestres/as interesados e o alumnado dos 6 grupos de 4º e 5º de EP recibiron un total de 6 sesións de formación cada grupo que realizou o equipo de Laboratorio de radio, nas que elaboraron diversos produtos como entrevistas, crónicas, narracións, entre outras.



O alumnado de 4º tamén participou nun obradoiro impartido por RadioVoz facilitado pola Asesoría de Bibliotecas.

No estudio de radio graváronse **entrevistas** con diversas persoas do ámbito social e cultural de Galicia. Graváronse podcast sobre diversos aspectos como foron o **recitado de poesías**, **monográficos informativos**, **audiolibros**, **narración de experiencias no xardín**, **espazos en inglés**, contos, poemas e un conto en colaboración co alumnado do IES Salvador de Madariaga.



MEMORIA

Houbo un espazo contedor de parte destes podcasts elaborados previamente que se difundiron a través do programa **Onda Ti**. Neste espazo colaboraron tamén outras entidades como as Bibliotecas Municipais, coa súa sección "**Na onda dos libros**".

A AMIZADE NUN LIBRO, durante todo o curso realizáronse tres xornadas de apadriñamento lector por parte do alumnado maior ao máis pequeno do centro, así Día das bibliotecas, no Día da Poesía e no Día do libro saímos a ler todos xuntos obras das casas do alumnado, das bibliotecas públicas, do centro, mesmo obras de creación propia.

LECTURA E FAMILIA

Realizáronse tres xornadas coas familias, nunha elaboraron unha postal de nadal cun circuíto en papel e nas outras dúas participaron en dous obradoiros, un con Pablo Otero no que fixeron un libro de familia e outro con Dores Tembrás sobre poesía. Ademais das dúas sesións do club de lectura de ficción dixital.



Actividades de carácter puntual

MEMORIA

VISITAS DE AUTORES/AS

As visitas que tivemos de xeito presencial realizáronse a través das entrevistas que fixemos a través do programa de radio e tamén nos diferentes clubs de lectura e aulas, entre outros pasaron polo centro Manuel Rivas, Andrea Maceiras, Érika Esmorís, John Barlow ou Cristina Pato.



CONMEMORACIÓNS E EFEMÉRIDES

Día das escritoras, convocamos un concurso de microrrelatos aberto a toda a comunidade educativa do centro. Foron premiadas dúas obras por cada nivel lector, que recibiron como agasallo un chaveiro realizado coa impresora 3D, ademais os de adulto graváronse no estudio de radio.



Día das Bibliotecas, realizamos a primeira xornada da amizade nun libro e tamén foi o día no que saíron as mochilas viaxeiras na súa primeira viaxe.



Samaín preparouse unha exposición de obras relacionadas co medo e tamén ambientouse a biblioteca. O alumnado de 6ºEP realizou unha representación da Santa Compañía.



Novembro mes da ciencia en galego comezáronse os VenreXperimentos na biblioLab e tamén se mantivo unha exposición de libros relacionados coa ciencia que se foi renovando cada dúas semanas.

25N, presentouse unha exposición de fondos que acompañaba o mural que elaborou o EDLG e EACE no corredor de entrada ao centro.



MEMORIA

Día da paz coa montaxe da exposición e propuxemos a creación dunhas fotos da emigración na que participou alumnado e profesorado de diversos cursos, dentro da temática e relacionado tamén co PDI tivemos a visita de Xesús Fraga.

Conmemoramos o Día de Rosalía en colaboración co EDLG montando unha exposición de libros da autora galega na entrada da biblioteca e tamén o alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria gravou, de xeito colaborativo, cadansúa poesía de Rosalía de Castro.

Día 8M , para conmemorar este día organizamos un ciclo de encontros con mulleres profesionais como unha redeira e dúas libreiras.



Día da poesía, ademais da exposición que recollía algúns dos libros relacionados coa celebración, durante o mes de marzo realizamos a iniciativa “Poesía para comezar o día”, no que ao entrar e para rematar a hora de ler soaba pola megafonía do centro un poema recitado por un mestre/a do centro ou alumnos/as. Recibimos a Raúl Vacas e os nenos/as de 6º de EP participaron nun obradoiro de poesía e graffiti con Dores Tembrás e as Familias e profesorado en horario extraescolar noutro titulado “1, 2, 3...poesía”. A segunda xornada da Amizade nun libro realizouse con motivo deste día.



Na semana do libro propuxemos catro accións: a decoración dun marcapáxinas elaborado coa impresora 3D, unha recomendación de lecturas en “roupa” típica de Galicia, a terceira xornada da Amizade nun libro e sesións de Vós contades durante



MEMORIA


Para as Letras Galegas montamos unha exposición con libros de autores/as anteriormente homenaxeados e obras doutros autores/as galegos. tamén colaboramos co EDLG na organización do día 16 de maio.

EXPOSICIÓNS

Na entrada da biblioteca montáronse exposicións temporais de libros relacionados coa temática que estivesemos conmemorando nese período, así tivemos no mes de novembro libros relacionados coa **ciencia**, no mes de decembro co **nadal**, no mes de xaneiro obras que tivesen relación co día da **paz**, en febreiro seleccionamos aqueles libros vinculados a **Rosalía de Castro**, en marzo adicamos o espazo de exposición da biblioteca e o da entrada ao centro para expoñer obras relacionadas co papel da **muller** na sociedade, a ambientación deste último espazo realizouna o EACE. Con motivo da celebración dos **Días da poesía e do Libro** colocamos novidades e libros que consideramos de interese adaptados as diferentes idades, ademais da exposición elaborada para o Día das Letras Galegas. Elaboramos diversas **listas de selección en KOHA** que están a disposición de toda a comunidade educativa.

GUÍAS DE LECTURA

Elaboráronse dúas guías de lectura, unha no mes de decembro e outra no mes de xuño. As guías contiñan libros en inglés, galego e castelán, de ficción e de información para todos os tipos de lectores. Distribuíronse de xeito dixital e contiñan ligazóns que ampliaban a información



MEMORIA

COLABORACIÓNS EXTERNAS

Viñeron as bibliotecarias da BM de Los Rosales para colaborar no desenvolvemento dos clubs de lectura.

Para a radio recibimos podcast da BM de Los Rosales e de persoas vinculadas ao ámbito social e cultural.



Colaboramos coa Biblioteca Escolar do IES Salvador de Madariaga na experiencia da radio do “Conto que vai e vén” e tamén compartimos a lectura de “La rama seca del cerezo” que culminou coa xornada conxunta que realizamos na biblioteca falando do libro e facendo un cartel coas frases que máis lles gustaron ás nenas do club de lectura do Instituto e das Bolboretas Lectoras. Posteriormente o cartel irá ao Instituto e o colgarán no interior do edificio.



2.3. Educación para a competencia en información

As actividades que se organizaron en canto ao desenvolvemento da competencia en información estiveron vencelladas ao desenvolvemento do PDI Galegúzate! coordinado polo equipo de biblioteca e adicado a coñecer sobre diversos aspectos relacionados co patrimonio material e inmaterial de Galicia. O proxecto estruturouse en distintas fases:

O tema a investigar decidiuse e aprobouse polo claustro no mes de xuño de 2022. No mes de setembro preséntase a planificación previa do desenvolvemento do proxecto, xunto coa programación prevista para fase de motivación e exploración no primeiro trimestre.

Iniciamos as actividades do proxecto na primeira semana de novembro, aínda que previamente pedimos ao alumnado que nos propuxese nomes para o PDI que iamos a desenvolver durante o curso e logo establecemos unha votación para escoller entre as propostas.

MEMORIA

Elaborouse unha exposición permanente cos fondos relacionados co proxecto, que neste caso foron obras de ficción e non ficción relacionadas co tema. Esta exposición estivo montada no corredor de entrada do centro e permaneceu ata o terceiro trimestre, algunhas delas tamén presentes na bibliografía recollida na web. Realizamos unha selección de recursos dixitais que achegasen aos nenos/as diversa información que consideramos relevante desde diferentes puntos de vista.

A primeira actividade que se desenvolveu foi un obradoiro de Xandobela titulado “Xogando co patrimonio” relacionado co patrimonio inmaterial de Galicia. Organizouse durante 4 semanas no mes de maio o concurso As nosas Letras no que tratamos que o alumnado traballase coa lingua, a fraseoloxía e diferente vocabulario.

Desde o equipo de biblioteca desenvolvéronse uns obradoiros de apoio ao desenrolo do proxecto nos que se tratou de combinar o ensino da procura de información nos libros, o tratamento desta e a súa exposición coa creatividade do alumnado, así xurdiron estas propostas.

Durante o curso as aulas saíron do centro para visitar a Torre de Hércules, Castro de Élvina, Museo de Belas Artes da Coruña entre outros lugares de interese para o desenvolvemento do proxecto. Recibimos a familias que contaron as súas experiencias e tamén a outros expertos/as que compartiron con nós o seu coñecemento sobre diferentes aspectos do patrimonio material e inmaterial de Galicia, achegándonos desde unha perspectiva histórica, musical, profesional, artística ou etnolóxica.

A ambientación do centro e a relación coas celebracións que se desenvolveron durante o curso realizounas o EACE e o EDLG. As celebracións estiveron relacionadas coa temática do proxecto, así celebramos o Samaín, mes da Ciencia en Galego, Día das bibliotecas, Semana da Paz, Entroido, Semana da muller, Semana do Libro e Letras Galegas. Finalizaremos o 9 de xuño celebrando a Feira Galeguízate!, na que toda a comunidade educativa participará nunha xornada na que cada clase presentará o seu traballo ao resto da comunidade e á que asistirán tamén as familias do alumnado.

As mestras especialistas e as aulas desenvolveron o traballo de investigación e desenvolveron diversos proxectos sobre a temática que estarán recollidos na páxina web (en proceso de elaboración).

A información do desenvolvemento do proxecto foi difundida a través do blog da biblioteca e a través dunha web específica creada para ir recollendo todas as actividades que se foron realizando. O equipo TIC colaborou publicando algunha destas actividades na web do centro.

2.4. Outras

MEMORIA

Entregaranse no mes de xuño os premios dos Leóns Dourados ás nenas/os de cada nivel que máis libros empréstados da biblioteca levaron durante o curso.

Continuamos coa experiencia dos **Venrexperimentos**, nos que nos achegamos a distintas experiencias científicas. A través destes experimentos achegamos conceptos de electricidade, de física e de química. Os venres de cada mes os tres grupos do nivel correspondente utilizaban a biblioLab para participar nestas experiencias.



Realizáronse vídeos para conmemorar distintos eventos e para promover os xogos da biblioteca e biblioLab, tamén para facer a formación de usuario.

Realizáronse obradoiros de deseño 3D e tamén se imprimiron deseños do alumnado, tanto referentes aos obradoiros do proxecto como aos intereses persoais dos nenos/as.



No mes de maio recibimos ao alumnado de 5º de EP do CEIP Bergantiños na que o alumnado de 5º e 6º de EP mentorizou tres obradoiros. Dous deles na biblioLab, no que mestras do equipo de biblioteca prepararon previamente dous obradoiros co noso alumnado de deseño 3D e de radio, para que puidesen dirixir de xeito case autónomo a experiencia. Nun aula de 6ºEP realizaron unha animación en Stopmotion.



MEMORIA

Mestres/as do equipo de biblioteca participaron no PFPP Biblioteca escolar como centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe e en diversas xornadas de formación relacionadas coa ficción dixital. Mestres/as do equipo participaron como relatores/as en diferentes iniciativas de formación para explicar o traballo desenvolvido no centro e tamén asistiron a diversas formacións relacionadas co traballo desenvolvido na biblioteca.

3. Avaliación

No plan de traballo da biblioteca sinalamos uns obxectivos que nos guiaron e que acompañamos cunha serie de indicadores de éxito. En cor verde resaltamos os acadados, en cor laranxa aqueles que aínda están en proceso e en cor vermella os que non foron acadados.

Os instrumentos que se utilizaron para comprobar o grao de cumprimento foron as estatísticas do programa KOHA, as suxestións recibidas, as enquisas a alumnado, profesorado e familias.

3.1. Indicadores

1.1. Calendario de visitas e sesións de formación das aulas.

1.2. Calendario de formación de todo o profesorado.

1.3. Actualización da guía da biblioteca.

1.4. Entrega a todo o alumnado e profesorado da Guía.

1.5. Realización de recursos (xogos, presentacións...) para a formación dos usuarios.

1.6. Realización de actividades (concursos, xogos...) para o coñecemento dos documentos, procura de fondos...

2.1. Recompilación e exposición de recursos relacionados cos centros de interese das aulas e dos proxectos nos que está inmerso o centro.

2.2. Actualización do catálogo de recursos dixitais útiles para currículo.

2.3. Asesoramento aos docentes sobre os recursos dispoñibles na BE.

2.4. Reunións periódicas cos distintos ciclos para recoller as necesidades detectadas.

3.1. Adquisición de materiais e recursos que favorezan a diversificación curricular.

3.2. Organización de polo menos dúas actividades que favorezan a inclusión de alumnado con NEAE.

3.3. Identificar os libros de lectura fácil e achegalos ás aulas.

3.4. Manter organizados os libros relacionados coa diversidade.

3.5. Elaboración de materiais por parte do alumnado e do profesorado de materiais adaptados á diversidade.

MEMORIA

- 4.1. *Planificación de actividades para o desenvolvemento de estratexias de investigación.*
- 4.2. *Obradoiros para o desenvolvemento do PDI.*
- 4.3. *Actividades que ensinen a elaborar traballos de documentación.*
- 4.4. *Actividades para ensinar ao alumnado a realizar citas bibliográficas de xeito ético.*
- 4.5. *Actividades para a alfabetización múltiple: lectura de imaxes, películas, hipertexto...*
- 4.6. *Desenvolvemento de sección na radio que implique a investigación e a procura de información.*
- 5.1. *Continuidade do Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida.*
- 5.2. *Desenvolvemento de polo menos 6 actividades de lectura por parte do alumnado a nenos/as doutras idades.*
- 5.3. *Desenvolvemento de polo menos unha actividade de lectura deseñada e organizada por alumnos/as voluntarios da biblioteca.*
- 5.4. *Desenvolvemento de lecturas ou recomendacións en formato podcast ou vídeo.*
- 5.5. *Organización de visitas ou vídeos de autores/s, ilustradores/as, contacontos e outros profesionais relacionados coa lectura da imaxe.*
- 5.6. *Visitas e exposición de fondos doutras bibliotecas, aínda que sexa de xeito virtual.*
- 5.7. *Organización de actividades relacionadas con efemérides e conmemoracións: día da biblioteca, día da paz...*
- 5.8. *Elaboración de guías de lectura como mínimo en decembro e xuño.*
- 6.1. *Revisión, expurgación e catalogación dos fondos das seccións de aula.*
- 6.2. *Reelaboración das seccións de aula adaptándoas ás idades do alumnado.*
- 6.3. *Equilibrio dos fondos das seccións de aula de ficción e información.*
- 6.4. *Catalogación en KOHA dos fondos das bibliotecas de aula de EP.*
- 7.1. *Elaboración do PAL seguindo o actual PLC.*
- 7.2. *Elaboración e entrega trimestral de fondos recomendados para as bibliotecas de aula.*

MEMORIA

- 8.1. *Dotación por parte do centro dun orzamento entre o 5-10% do xeral.*
- 8.2. *Adhesión a programas e proxectos doutras entidades que poidan favorecer o desenvolvemento do proxecto da BE.*
- 8.3. *Sinalización interna da biblioLab.*
- 8.4. *Instalación de equipamento para a gravación audiovisual con Chroma.*
- 9.1. *Continuidade dos servizos de préstamo, lectura e consulta en sala.*
- 9.2. *Creación dun servizo de orientación bibliográfica.*
- 9.3. *Revisión do servizo de recollida de suxestións física e dixital.*
- 9.4. *Creación dun equipo de alumnado colaborador de biblioteca.*
- 9.5. *Dinamización do blog para difundir novidades, novas, actividades e servizos da B.E.
(polo menos 1 entrada semanal)*
- 9.6. *Continuidade no uso do programa KOHA.*
- 9.7. *Centralización dos fondos no programa de xestión.*
- 9.8. *Revisión dos criterios de adquisición e expurgación.*
- 9.9. *Tarefas de organización e mantemento dos fondos (reparación)*
- 9.10. *Continuación do servizo de reserva de libros.*
- 9.11. *Respecto das normas de seguridade e hixiene respectando o protocolo nos espazos da biblioteca.*
- 10.1. *Distribución das funcións dentro do equipo.*
- 10.2. *Traslado de información periódica ao claustro sobre a BE.*
- 11.1. *Traslado de información periódica ao claustro sobre a BE.*
- 11.2. *Revisión e actualización da Guía da biblioteca.*
- 11.3. *Presenza de novas da biblioteca na web do centro.*
- 11.4. *Presenza en RRSS das novas da biblioteca.*
- 12.1. *Identificación das necesidades do alumnado, profesorado e familias.*
- 12.2. *Revisión dos criterios para a selección e expurgación de fondos.*

MEMORIA

13.1. Organización de visitas á BM. de Los Rosales, polo menos 1 visita á biblioteca e 1 das bibliotecarias ao centro.

13.2. Continuación do préstamo interbibliotecario coa BM.

13.3. Colaboración en actividades puntuais e continuas.

14.1. Visita á B.E. do IES Salvador de Madariaga, polo menos un intercambio ao longo do curso.

14.2. Préstamo interbibliotecario.

14.3. Desenvolvemento de polo menos unha actividade en colaboración entre ambas bibliotecas para o programa de radio.

15.1. Organización de actividades coa colaboración das familias ou dirixidas a elas.

15.2. Posta en marcha das Mochilas viaxeiras.

15.3. Dinamización da sección para nais e pais.

15.4. Organización de actividades en colaboración con Asociacións ou outras entidades sen ánimo de lucro.

15.5. Realización de actividades en colaboración con editoriais.

15.6. Emisión de podcast realizado polas familias.

16.1. Desenvolvemento de polo menos dúas actividades abertas ao alumnado, familias e profesorado en horario extraescolar.

17.1. Dinamización da sección de información sobre as actividades da BE.

18.1. Aumentar as seccións e recursos dispoñibles neste espazo web.

18.2. Actualización, como mínimo semanalmente, deste espazo.

19.1. Xestión das contas de Instagram e Twitter.

19.2. Publicación polo menos dunha nova semanal.

19.3. Difusión da información da biblioteca a través das canles Abalar móbil e Telegram.

20.1. Presenza dun apartado da BE nestes documentos.

20.2. Elaboración e difusión do Plan de traballo do equipo de BE.

MEMORIA

20.3. Elaboración e difusión da memoria por parte do equipo de BE.

21.1. Sesións de formación de usuario ao comezo do curso para o profesorado do centro.

21.2. Elaboración e difusión dunha Guía de Biblioteca para o profesorado do centro.

21.3. Traslado de información periódica no claustro e na CCP sobre a BE.

22.1. Participación nun seminario ou GT sobre Bibliotecas escolares para afondar no fomento da lectura de ficción infantil e xuvenil dixital (FIXD).

23.1. Elaboración, distribución e recollida de cuestionarios para o profesorado, alumnado e familias para avaliar o funcionamento da BE.

23.2. Elaboración, distribución, análise e difusión de cuestionarios de valoración do desenvolvemento do PDI.

23.3. Recollida e análise das estatísticas proporcionadas polo programa de xestión KOHA.

23.4. Avaliación dos criterios a través dos indicadores do plan de traballo.

3.2. Enquisas


Queremos reflectir os resultados das enquisas de valoración que pasamos ao alumnado, profesorado e familias para detectar aqueles aspectos que nos parecían significativos para valorar a percepción do traballo realizado desde o equipo de biblioteca e cales son as demandas destes grupos de cara a próximos cursos.

MEMORIA

PROFESORADO

Dos membros do claustro participou un 28% na enquisa elaborada polo equipo de biblioteca. Poden consultarse os resultados completos destas enquisas [aquí](#).
Establecemos distintos bloques, analizamos os datos que nos parecen máis relevantes:


Biblioteca




BiblioLab



MEMORIA




Servizos



MEMORIA

Equipo de biblioteca




FAMILIAS


Das familias que teñen fillos/as escolarizados no centro destácase a baixada na participación na enquisa elaborada polo equipo de biblioteca respecto ao curso pasado. Poden consultarse os resultados completos destas enquisas [aquí](#). Establecemos distintos bloques, analizamos os datos que nos parecen máis relevantes:

Establecemos distintos bloques:


Biblioteca



BiblioLab




Servizos




ALUMNADO

O alumnado que participou foi o de 5º e 6º de EP aínda non puido cubrir a enquisa. Nesta ligazón aparecen os resultados que analizaremos. Establecemos distintos bloques, analizamos os datos que nos parecen máis relevantes:


Biblioteca




MEMORIA



Lectura



Actividades




3.3. Estatísticas

Reflectimos as estatísticas de préstamos e adquisicións extraídas do programa KOHA e que nos pareceron relevantes. O cambio relativo aos préstamos de adultos se debe a que agora deixamos de contabilizar os préstamos ás aulas, mochilas e caixas de recomendacións, xa que anteriormente con Meiga non podiamos discriminar estes préstamos.




MEMORIA



MEMORIA

CLUB DE LECTURA

“EMILIA PARDO BAZÁN”



CEIP EMILIA PARDO BAZÁN - A CORUÑA

CURSO 2022-2023

1.- DATOS DO CENTRO:

CEIP Emilia Pardo Bazán - Travesía Los Rosales, s/n - 15.011 A Coruña

2. NOME DO CLUB DE LECTURA:

Club de lectura “Emilia Pardo Bazán”.

3. GRUPOS E PARTICIPANTES:

O club de lectura “Emilia Pardo Bazán” contou durante o curso 2022-2023 con 10 grupos divididos en 4 itinerarios lectores:

1. Alumnado: en galego-castelán
2. Alumnado: en inglés
3. Adultos: profesorado
4. Mixto (alumnado e familia): lectura de ficción dixital

Os grupos dirixidos ao alumnado estiveron compostos por estudantes de 4º, 5º e 6º de Primaria; o de adultos, por profesorado do centro; e o mixto, por alumnado acompañado dun 1 adulto da familia. A mediación realizárona 7 profesores do centro, actuando como coordinadora Rosa Fernández Sánchez. Na seguinte táboa recóllese a distribución por grupos:

GRUPOS – PARTICIPANTES – RESPONSABLES					
CURSO	GRUPO	Nº	LECTORES	RESPONSABLE	LIÑA
4º EP	Papalibros	1	8	Mª José Álvarez	galego-castelán
5º EP	Viaxeiros por papel	2	15	Aurora Candal	galego-castelán
6º EP	Bolboretas lectoras	1	16	Dolores Zurita	galego-castelán
5º EP	Bookland	2	33	Rosa Fernández	inglés
6º EP	Bookworms	2	32	Rosa Fernández	inglés
Adultos	Entre liñas	1	13	Manuel Glez.	galego-castelán
Mixto	ENRE2EPB	1	28	Diego López María Ces	ficción dixital
TOTAL		10	145	7	3

4. CALENDARIO DE REUNIÓNS:

Realizáronse sesións presenciais en horario extraescolar de tarde, cunha periodicidade quincenal ou mensual, durante todo o curso escolar, de setembro a xuño, agás o club de lectura de ficción dixital (ENRE2EPB), que comezou no mes de abril e só realizou 2 sesións. A duración das sesións oscilaba entre 45 – 60 – 90 minutos, dependendo do grupo. Na seguinte ligazón recóllese con detalle o calendario de reunión de cada grupo ao longo do curso. [LIGAZÓN](#)

5. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS:

5.1. ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DO PROXECTO "NA TÚA PEL"

Todos os anos escollemos un tema común sobre o que analizaremos as propostas lectoras. Este curso escolar traballamos as emocións, polo que tratamos de identificar os sentimentos dos protagonistas, poñernos **"Na túa pel"**. Asemade, colaboramos co PDI do centro, que este curso tratou o patrimonio material e inmaterial de Galicia (**"Galeguízate"**). Para iso, establecemos un proceso con 4 etapas:

1. Identificación:

Primeramente, identificamos e definimos diferentes emocións, destacando as súas características principais: ledicia, tristura, sorpresa, amor, carraxe, medo... Para iso, e utilizando como referencia o libro "Recetas de lluvia y azúcar" (Eva Manzano y Mónica Gutiérrez – Thule Ediciones), asociamos cada emoción cunha cor, establecemos o sabor e olor de cada unha, a súa textura e son, determinamos a súa linguaxe (apertas, bicos, empurróns, berros, patadas, bágoas, suspiros...), buscamos os seus fogares e goridas (covas, recunchos, casas abandonadas, mares, rúas, illas...), localizándoas finalmente nun mapa. [LIGAZÓN](#) – [LIGAZÓN](#).




Posteriormente, definimos a nosa esencia, a nosa propia identidade como pobo, para entendernos a nós mesmos antes de poñernos no lugar doutros. Colaborando co PDI do centro, **"Galeguízate"**, buscamos as nosas raíces coa presenza de expertos: Susana García y Cristina Pato (emigrantes galegas en Londres e Nueva Iorque, respectivamente), Declan Mathews e

Mark Guscín (profesores procedentes de Irlanda e Inglaterra). Con todo o que nos transmitiron, e unha pequena investigación, definímonos, afondamos nas nosas raíces celtas e atopamos outras Coruñas do mundo a través de gravacións na radio escolar (podcasts), mapas mentais, entrevistas aos visitantes, mapas localizadores e presentacións interactivas, aparecendo todo recollido nas seguintes ligazóns:

- "This is us" - [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- "Our ancestors, the Celts" - [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Other Coruñas of the world - [LIGAZÓN](#)
- Presentación Xeral - [LIGAZÓN](#).

2. Preparación do "caldo":

Con todo o aprendido, preparamos un "caldo" con ADN, mesturando "eles" con "nós". Os ingredientes resultaron deliciosos: 30g de amor, 30 g de risos, 20 g de suspiros, 10 g de bágoas e 10 g de berros. A súa posterior preparación e degustación preparounos para calzar os zapatos doutros e camiñar con eles "varias lúas".



3. Búsqueda da chave:

Después, aprendemos a ser responsables de todas esas emocións e gardámolas no noso corazón. Non había pechadura, pero necesitabamos unha chave. Coidamos dos nosos sentimentos, regámolos, levámolos á praia, ao parque... Non foi doado, pero acabamos entendéndoos usando a nosa imaxinación. Nese intre, atopamos a chave. Tamén elaboramos unha receita para poder controlalos, varios haikus e unha postal da amizade. [LIGAZÓN](#)

4. O camiño:

O camiño para chegar ao final veu marcado polas lecturas do curso. Con elas, aprendemos todo o mencionado anteriormente e fomos definindo o que sentiamos poñéndonos "na piel de los demais". Na seguinte ligazón aparecen as lecturas de cada grupo coas actividades desenvolvidas en cada unha:

- Papalibros - [LIGAZÓN](#)

- Viaxeiros por papel - [LIGAZÓN](#) – [LIÑA DO TEMPO](#) – [VÍDEO](#) (1 exemplo)
- Bolboretas lectoras - [LIGAZÓN](#)
- BookLand - [LIGAZÓN](#) - [BOOK TRAILER](#) (1 exemplo)
- Bookworms - [LIGAZÓN](#) – [BOOK TRAILER](#) (1 exemplo)
- Entre liñas – [LIGAZÓN](#)
- ENRE2EPB - [LIGAZÓN](#)

5.2. ACTIVIDADES XENÉRICAS:

Presentamos a continuación unha relación de actividades que se realizan todos os anos, independentemente do tema a traballar:

Actividades de principio de curso:

- Vídeo de publicitación e captación de membros do club. [LIGAZÓN](#)
- Creación dunha materia en EDIXGAL (5º-6º Primaria) e na AULA VIRTUAL do centro (4º Primaria), na que se publican mensualmente recursos e actividades variadas para completar as lecturas.
- Publicación de normas e funcionamento do club. [LIGAZÓN](#)
- Reparto de formularios de inscrición. [LIGAZÓN](#)
- Elección do nome do grupo e logo. [LIGAZÓN](#)
- *Literary picnic – Literary tea*: na primeira sesión realizamos un picnic literario para o alumnado de 5º e un té literario co de 6º, para presentar o funcionamento do club e familiarizarse cos títulos e autores/as previstos. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)

Actividades durante o curso:

- Presentación de cada lectura. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Pistas para averiguar o título de cada lectura.
- Pequena presentación do autor, ilustrador e/ou tradutor.
- Ambientación do espazo de reunión en cada sesión, con decoración alusiva ao tema tratado na lectura correspondente. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Invitacións temáticas para cada sesión. [LIGAZÓN](#)

- Marcapáxinas xenéricos e por títulos: en cada un aparece unha frase do libro, que deberán buscar durante a súa lectura.
- Habilidade dun panel na entrada da biblioteca escolar para lembrar e animar o día das sesións. [LIGAZÓN](#)
- Participación en diversos xogos literarios: elección do personaxe preferido, análise de determinada ilustración, busca de frases ou pequenos parágrafos relevantes para o conxunto da obra, recomendación a outros lectores...
- Gravación de vídeos de cada lectura. [LIGAZÓN](#) – [LIGAZÓN](#)
- Elaboración de book trailers de cada título. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Gravación dun programa de radio en inglés dedicado aos libros, "The Book Nook", con distintas seccións: enquisa sobre hábitos lectores, coñece ao autor/a, os nosos clubs de lectura, o PDI, entrevista cun falante nativo da comunidade educativa. Publicáronse 3 programas no curso, un por trimestre. [LIGAZÓN BKNK 4](#) - [LIGAZÓN BKNK 5](#) - [LIGAZÓN BKNK 6](#).
- Implicación das familias: Encontros con falantes anglosaxóns da nosa comunidade educativa. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Encontros con escritores e ilustradores: [LIGAZÓN](#)
 - Andrea Maceiras: presentounos o seu libro "A folla azul" e ampliou información sobre a vida no Amazonas
 - Marc Guscín: veu presentarnos o seu libro "Otras Coruñas del mundo" aos clubs de lectura en inglés BookLand e Bookworms.
- Realización de diversos xogos ao longo do curso, relacionados coas lecturas traballadas: xogos de pistas, busca do tesouro, concursos, descifrado de enigmas... [LIGAZÓN](#)
- Procura de información específica de cada lectura: Noruega, Senegal, os celtas, a 2ª Guerra Mundial...
- Entrega de pequenos agasallos como recordos de cada lectura, de xeito que perduren no tempo: obxectos, pedras preciosas, moedas de ouro... [LIGAZÓN](#)
- Degustación de alimentos relacionados coas lecturas.
- Gravación de book trailers e vídeos de cada lectura: [BOOK TRAILER](#) – [VÍDEO](#).
- Publicación das fotos de cada sesión. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)

- Publicación dunha entrada de cada sesión no blog da biblioteca. [LIGAZÓN](#)

Actividades de fin de curso:

- Vídeo final, gravado en colaboración coa BM LOS Rosales. [LIGAZÓN 5º](#) - [LIGAZÓN 6º](#)
- Recompilación de todas as actividades realizadas durante o curso en ferramentas TIC. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Xornada de convivencia: clausura do club de lectura con actividades variadas: lectura de pequenos fragmentos para adiviñar o título, póster para valorar o club cun emoticono, mural para valorar o club coas cores das emocións, merenda e entrega de agasallos e diplomas. [LIGAZÓN](#)
- Certificados de participación

6.- TÍTULOS LIDOS:

A seguinte ligazón recolle a relación dos títulos lidos en cada grupo, con especificación do idioma. [LIGAZÓN](#).

7. MATERIAIS ELABORADOS:

7.1. Materiais en torno ao proxecto “Na túa pel”

- Proxecto das emocións “In your shoes” - [LIGAZÓN](#)
- Proxecto de “Emocións en cores” – [LIGAZÓN](#)
- Proxecto “This is us” - [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- “Our ancestors, the Celts” - [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Mapa das Coruñas do mundo - [LIGAZÓN](#)
- Presentación Xeral - [LIGAZÓN](#).
- Receita para controlar as emocións, haikus e postal da amizade. [LIGAZÓN](#)
- Book trailer das emocións - [BOOK TRAILER](#)

7.2. Materiais xenéricos

- Vídeo de publicitación e captación de membros do club. [LIGAZÓN](#)
- Presentacións de cada lectura. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Invitacións temáticas. [LIGAZÓN](#)

- Vídeos de cada lectura. [LIGAZÓN](#) – [LIGAZÓN](#)
- Book trailers de cada título. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Programa de radio en inglés dedicado aos libros, "The Book Nook": [LIGAZÓN BKNK 4](#) - [LIGAZÓN BKNK 5](#) - [LIGAZÓN BKNK 6](#).
- Presentacións das fotos de cada sesión. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Vídeo final, gravado en colaboración coa BM Los Rosales. [LIGAZÓN 5º](#) - [LIGAZÓN 6º](#)
- Recompilación de todas as actividades realizadas durante o curso en ferramentas TIC: Liña do tempo: [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)

8. BLOG DO CLUB DE LECTURA:

- Blog da biblioteca escolar: <https://bibliotecaepb.blogspot.com/>
- Radio escolar: https://www.ivoox.com/perfil-emilia-na-onda-biblioteca-epb_a8_podcaster_17750222_1.html
- Instagram: <https://www.instagram.com/bibliotecaepb/>
- Twitter: <https://twitter.com/bibliotecaEPB>

9. COLABORACIÓNS:

Cómpre destacar a estreita colaboración levada a cabo coa ANPA Milnenos, co IES Salvador de Madariaga e coa biblioteca municipal de Los Rosales, cos que se realizaron moitas actividades conxuntas:

ANPA Milnenos:

- Presenza de membros da comunidade educativa en charlas, obradoiros, entrevistas... [ENLACE](#)

IES Salvador de Madariaga:

- Elaboración dun "Conto viaxeiro", feito a medias entre alumnado do instituto e do noso centro, que aparece recollido no programa de radio da escola "Onda ti"..

- Visita do alumnado do IES para comentar a lectura “La rama seca del cerezo”, lida nos clubs de lectura de ambos os dous centros. Elaboración dun póster conxunto. [LIGAZÓN](#)

BM Os Rosales:

- Creación dun espazo permanente na BM, que se ía renovando periódicamente ao longo do curso consonte as lecturas abordadas.. [LIGAZÓN](#)
- Presenza puntual das bibliotecarias no centro como mediadoras. [LIGAZÓN](#)
- Reunións periódicas de coordinación.
- Asesoramento na selección de propostas lectoras.
- Xestión de empréstitos das lecturas seleccionadas.
- Dinamización das lecturas co envío dun vídeo mensual tipo TikTok por parte das bibliotecarias. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Gravación de dous vídeos-resumo das lecturas do curso. [LIGAZÓN](#) - [LIGAZÓN](#)
- Visita do alumnado do club á BM. [LIGAZÓN](#)

MEMORIA SEMINARIO COMPETENCIA EN EDUCACIÓN INCLUSIVA E COEDUCACIÓN CURSO 2022-2023 CEIP EMILIA PARDO BAZAN

Para este itinerario formouse un Seminario de Traballo denominado “Integración, Inclusión e benestar Emocional”.

Neste seminario, de 30 horas de duración, confluíron tres liñas principais de traballo:

- Por un lado, dar continuidade ao traballo co Programa de Educación Responsable, no que somos Centro Graduado.
- Por outro, implementar os recursos coñecidos na formación que tivemos dentro do seminario por parte da Pedagoga musical e Musicoterapeuta Iria Rajal e, empregando os memos, traballar a xestión das emocións na aula.
- E tamén, participar na recuperación e revalorización da actividade de “Teatro Interaulas” que se viña facendo antes da pandemia dende moitos ano atrás no colexio.

A continuación se resume un pouco cada unha das tres liñas de actuación:

Programa de Educación Responsable

Foron moitos os participantes do seminario que implementaron co alumnado actividades dalgún dos recursos do programa. Así, por exemplo:

- No grupo de 4ºB traballaron algunhas actividades do Banco de Ferramentas, como “Cuentan de un sabio” na que, a partir do poema de Calderón de la Barca traballaron lingua e literatura.
 - Recitaron a poesía de diferentes formas : por estrofas, por versos, por grupos, con diferentes entonacións, etc
 - Falaron do contido, facéndose preguntas coma “de que dudaba o sabio?, que descubriu?, como se sentiu?, que aprendeu?, que podemos aprender nos?, como poderíamos axudar ao protagonista do poema?
 - Escribiron e comentaron palabras vencelladas ao poema: xustiza, amor, ideais, acompañar, consolar, chorar, tristeza, apoio, axuda, indignación, xenerosidade, pena....
 - Falaron de situacións moi coñecidas actuais: guerras, fame, terremotos, epidemias....., e de como podían eles axudar.
 - Tamén doutras situacións menos famosas, pero igualmente difíciles: familias no paro, persoas con problemas físicos ou psicolóxicos, nenos ou nenas que veñen exiliados a refuxiarse coa súa familia fuxindo do seu país, etc
 - Analizaron datos coma: un de cada 3 maiores de 70 anos vive só; un de cada 3 nenos no mundo non comerá mañá; coa comida que tiramos en Europa nun só día, se podería alimentar a poboación de África durante un mes.
- No grupo de 3ºC iniciaron o curso con frases motivadoras, así retomaron os lazos de amizade e comezaron a traballar novos lazos de unión para crear conciencia de “grupo” ou “equipo” acompañadas de fotos cos novos compañeiros e compañeiras



Neste mesmo grupo, a profesora de música, que imparte tamén as materias de Lengua e Lingua, fixo co alumnado a actividade “¿Por qué no lo dejas?”, coa finalidade de traballar a autoestima e a confianza dos nenos e nenas. Falaron de que todos temos un potencial, e de que debemos coñecelo e explotalo. Trataron de averiguar entre todos o potencial de cada un e o reflectiron nunhas láminas:






- No grupo de 2ºB levaron a cabo actividades coma “La vaquita y sus amigos”, na que traballaron a identificación e expresión emocional, a empatía e a autoestima. Viron o vídeo unha primeira vez co mesmo nome e fixéronse preguntas sobre o mesmo:

- Que lle pasa á vaca?
- Síntese sola?
- Estará triste?
- É normal que queira integrarse e estar cos compañeiros?
- O consegue?
- Que pasa despois?
- Solo importa a aparencia externa?
- Preferimos amigos guapos ou boas persoas?

Tiveron debate a partir destas preguntas e saen situacións ocasionadas no recreo, no parque e algúns dos nenos vense reflexados na vaquiña.

Tras ver o vídeo por segunda vez e cada un fixo un debuxo sobre o mesmo escribindo por detrás o lle parecía.



- No grupo de 1ºC traballaron moito as emocións a través de numerosas actividades.
Son un grupo de 19 nenos e nenas entre os que hai características TEA nalgún e outros con dificultades de atención e/ou de aprendizaxe.
Estas son algunhas das dinámicas que levaron a cabo:
 - Actividade do Banco de Recursos Especiais “Expreso mis sentimientos”.
Empregaron o audiovisual “Cuando me enfado” para falar despois de cando se enfadan eles, como o fan e como reaccionan. Elixiron cada un unha emoción para debuxala e viron tamén a curta “La casa del árbol” no que identificaron emocións e reflexionaron sobre elas.
Despois cada un ensinou a súa emoción debuxada e explicou algún momento no que a sentiu. Con traballo de todos elaboraron un libriño para que quedase na aula.
 - Outra dinámica consistiu en que cada semana algún levaba á clase un xogo ou conto. Os venres, xogaban co xogo do compañeiro a última hora,

ás veces por quendas, ás veces en equipos, traballando o control inhibitorio, a cooperación, etc. e fomentando a cohesión grupal, a amizade, saber compartir, a xenerosidade...



- A árbore das palabras bonitas. Polo Nadal, por sorteo, cada un deixou algo escrito nun sobre para outro compañeiro ou compañeira. O día que foron para casa de vacacións, cada un levou algo bonito consigo



- Colaboraron cunha iniciativa da ANPA do colexio deixando postais de nadal para levar á residencia de maiores que temos en fronte do colexio




- Visitamos aos maiores desa residencia e lles cantamos panxoliñas e bailamos




- Por San Valentín festexaron o amor elaborando unha tira de corazóns nos que escribiron palabras positivas e se llas daban a un amigo ou amiga de clase



- Polo Dia de Rosalía de Castro, traballaron tamén as emocións pensando en cales se inspiraría a autora para escribir, e fixeron un traballo plástico empregando fotos deles representando coas súas caras diferentes estados de ánimo



- Traballaron con moitos contos inclusivos e con temáticas vencelladas á ira, frustración e outras emocións de difícil xestión a estas idades.



- Traballaron o autoconceito debuxando en papel de periódico a súa silueta para representar como se ven a eles mesmos; despois fixeron un fondo de cores e cada un contaba a visión de si mesmo aos demais.



- Trataron de ampliar o seu vocabulario emocional co libro do Emocionario



- E co de “Topito terremoto” falaron de que a algúns compañeiros pode costarlles estarse quedos. Fixeron pulseiras escribindo unha característica que definise a un compañeiro así e outra palabra para axudarlle a mellorar
- E unha das últimas dinámicas que levaron a cabo foi a de recibir á visita dalgúns familiar para contar o seu traballo. Tiveron a unha pediatra, a unha profesora de Historia e a unha veterinaria.



- E no grupo de 6ºA de Educación Infantil, entre outras dinámicas, fixeron a de “Recetas contra el aburrimiento” no que, empregando o audiovisual no que Caillou experimenta o que é o aburrimiento e ten que pensar maneiras

de salvaro, pensamos nos en formas de deixar de aburrirnos cando nos pase:



Recursos Musicais para traballar e intelixencia emocional:

O curso de formación que tivemos asociado a este seminario contou con catro sesións repartidas ao longo de todo o curso. A idea de facelo así foi que o aprendido en cada sesión, fose implementado co alumnado antes da seguinte sesión e así poder comentar dúbidas e inquedanzas coa docente.


As sesións foron moi dinámicas, divertidas e, sobre todo, proveitosas.



Unha vez realizadas, fixémonos cun dossier de recursos moi válido para traballar na aula. Así, foron moitas as profesoras participantes que fixeron algunha das dinámicas aprendidas no curso:

- Tanto en sesións de Audición e Linguaxe como noutras de Pedagogía Terapéutica, as mestras especialistas levaron á práctica estas dinámicas, ás veces de maneira individual e outras en pequeno grupos.

Un dos recursos máis proveitosos para as súas sesións foi o de escoita consciente para traballar a atención sostida, a espera e o contacto ocular, tanto en alumnado verbal como non verbal.



De maneira individual, a mestra de AL tamén traballou algúns recursos cos obxectivos específicos da súa área de comunicación, favorecendo a comunicación e desenvolvendo a linguaxe e articulación a través do canto con creación de cancións.

- A Escoita Consciente foi, quizais, o recurso que máis se levou á práctica co alumnado. As dúas titoras de Educación Infantil que participaron no curso, empregaron dinámicas deste tipo co seu alumnado de forma habitual, para conseguir momentos de calma e atención no día a día.





- Outra especialista, neste caso de Música, puxo en práctica dinámicas do curso con alumnado de diferentes idades, como unha na que se empregaban panos de cores e que fixo con alumnado de Educación Infantil e de Primaria.



- Outra titora de 1º de primaria empregou co seu grupo materiais como una pelota sensorial ou uns tubos sonoros para traballar tanto aspectos curriculares vencellados a materias coma lingua, como aspectos transversais como o turno de palabra:



Actividade Teatro Interaulas:

Neste seminario, o terceiro pilar das nosas tarefas foi dar continuidade á actividade de Teatro Interaulas que ten xa unha tradición no colexio de 10 anos. Ao longo do curso, a comisión de teatro foi preparando todos os aspectos necesarios para a montaxe da obra. Cando os papeis estiveron adxudicados comezaron os ensaios:



Ao longo de todo o curso foi rematándose todo o decorado coa colaboración de moitos membros da comunidade educativa.

O día anterior a estrea preparamos todo para levar o auditorio do Agora.



E por fin levamos no mesmo día as dúas representacións da Obra “O Bosque Animado”. Unha pola mañá para todo o alumnado de primaria e outra pola tarde para as familias.

Esta é, sen dúbida, unha actividade emblemática no colexio coa que pretendemos continuar polo moito que aporta ao colexio.



Con este resumo queda reflectido o gran traballo feito dende este Seminario. O vindeiro curso tentaremos seguir con algunhas destas actividades.

A Coruña, 5 de xuño de 2023

A coordinadora do seminario
M^a Eugenia Suárez González-Vallés